



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 455
3 de abril de 2019

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 2 de abril de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia [(doc. núm. 47930, 10/PL-000013)] [155236](#)

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Admisión a trámite

■ 48319 (10/PPL-000038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora da atención primaria [155248](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Admisión a trámite e publicación

■ 48321 (10/MOC-000135)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47129, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019) [155273](#)

■ 48332 (10/MOC-000136)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde. (Moción consecuencia da Interpelación nº 46711, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019) [155276](#)

■ 48353 (10/MOC-000137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio



Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia no ano 2019 para a mellora da atención primaria no Sistema público de saúde. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47099, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019) [155278](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

I 48050 (10/PNP-003630)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a realización por parte do Goberno galego, antes do remate do ano 2019, das xestións e dos traballos necesarios para habilitar as sendas peonís demandadas nos concellos de Laxe e Ponteceso

[155280](#)

I 48051 (10/PNP-003631)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver un plan de dinamización económica para os produtos elaborados da pesca

[155284](#)

I 48068 (10/PNP-003632)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar a limpeza dos portos da Costa da Morte, así como a realización dunha campaña formativa respecto da xestión dos seus residuos

[155287](#)

I 48088 (10/PNP-003634)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co reinicio da actividade mineira na canteira de Casalonga, no concello de Teo

[155289](#)

I 48119 (10/PNP-003636)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa sobrecarga laboral que están a padecer os profesionais de enfermaría nos centros sanitarios públicos

[155294](#)

I 48123 (10/PNP-003637)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta de amortización de prazas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais realizada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e co déficit de efectivos que hai

[155299](#)



I 48127 (10/PNP-003638)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en relación coa proposta de amortización e actual dotación de prazas de axentes medioambientais e forestais do distrito forestal VI-A Mariña lucense, así como respecto da convocatoria de oposicións a ese corpo en Galicia

[155303](#)**I 48138 (10/PNP-003639)****Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en relación coa proposta de amortización e actual dotación de prazas de axentes medioambientais e forestais do distrito forestal XIII-Valdeorras-Trives, así como respecto da convocatoria de oposicións a ese corpo en Galicia

[155307](#)**I 48142 (10/PNP-003640)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actual dotación de prazas públicas de residencias para persoas maiores e de centros de día da comarca de Verín, así como respecto da creación dun centro residencial público para maiores no concello de Laza

[155311](#)**I 48150 (10/PNP-003641)****Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e 4 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios forestais rexistrados en Galicia no primeiro trimestre de 2019

[155314](#)**I 48154 (10/PNP-003642)****Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e 2 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego na estrada OU-636, entre A Pobra de Trives e Freixido

[155320](#)**I 48157 (10/PNP-003643)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas propostas reflectidas no informe do Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente referido ao impacto na saúde humana das emisións contaminantes á atmosfera das centrais térmicas de carbón españolas no ano 2014

[155324](#)**I 48160 (10/PNP-003644)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da veciñanza dos barrios da Ponte e do Convento, de Chantada, referidas á construción dunha nova ponte para o tránsito sobre o río Asma [155327](#)

I 48198 (10/PNP-003645)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa normativa vixente en materia de extracción da mexilla, así como o impulso de acordos e consensos ao respecto entre os distintos colectivos de traballadores do mar afectados [155330](#)

I 48224 (10/PNP-003646)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de captación de investimento exterior [155332](#)

I 48231 (10/PNP-003647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa consolidación, conservación e accesibilidade da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, así como a posta en valor das torres defensivas do sur da provincia de Ourense [155334](#)

I 48239 (10/PNP-003648)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións das persoas afectadas pola creación do parque eólico Sasdónigas fase II, no concello de Mondoñedo, referidas ás actuacións da empresa concesionaria [155338](#)

I 48245 (10/PNP-003649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións do Comité de Empresa de Alcoa-San Cibrao, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto da regulación de diversas cuestións relacionadas coas industrias hiperelectrointensivas nun novo marco enerxético [155341](#)

I 48250 (10/PNP-003650)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de saúde mental [155345](#)

I 48273 (10/PNP-003651)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis



Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa crise electrointensiva e as súas repercusións en Galicia [155350](#)

I 48280 (10/PNP-003652)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos producidos polo incendio rexistrado nos concellos de Dodro e Rianxo [155354](#)

I 48286 (10/PNP-003653)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, na X lexislatura e en colaboración coa Fegamp, dun informe respecto do impacto do fenómeno social da soidade non desexada en Galicia [155357](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 48049 (10/PNC-003884)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a realización por parte do Goberno galego, antes do remate do ano 2019, das xestións e dos traballos necesarios para habilitar as sendas peonís demandadas nos concellos de Laxe e Ponteceso [155360](#)

I 48055 (10/PNC-003885)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver un plan de dinamización económica para os produtos elaborados da pesca [155363](#)

I 48067 (10/PNC-003886)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar a limpeza dos portos da Costa da Morte, así como a realización dunha campaña formativa respecto da xestión dos seus residuos [155366](#)

I 48087 (10/PNC-003888)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co reinicio da actividade mineira na canteira de Casalonga, no concello de Teo [155368](#)

I 48120 (10/PNC-003890)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María



Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa sobrecarga laboral que están a padecer os profesionais de enfermaría nos centros sanitarios públicos [155373](#)

I 48122 (10/PNC-003891)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta de amortización de prazas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais realizada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e co déficit de efectivos que hai [155378](#)

I 48141 (10/PNC-003892)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actual dotación de prazas públicas de residencias para persoas maiores e de centros de día da comarca de Verín, así como respecto da creación dun centro residencial público para maiores no concello de Laza [155382](#)

I 48149 (10/PNC-003893)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios forestais rexistrados en Galicia no primeiro trimestre de 2019 [155385](#)

I 48153 (10/PNC-003894)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a incidencia que está a ter para as persoas usuarias da estrada OU-636, entre A Pobra de Trives e Freixido, a desaparición, co novo pintado, das zonas de adiantamento que había nas rectas [155391](#)

I 48156 (10/PNC-003895)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas propostas reflectidas no informe do Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente referido ao impacto na saúde humana das emisións contaminantes á atmosfera das centrais térmicas de carbón españolas no ano 2014 [155395](#)

I 48159 (10/PNC-003896)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da veciñanza dos barrios da Ponte e do Convento, de Chantada, referidas á construción dunha nova ponte para o tránsito sobre o río Asma [155398](#)



I 48170 (10/PNC-003897)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre a redacción e aprobación polo Goberno galego dos plans de conservación ou recuperación das aves e demais especies vulnerables ou en perigo de extinción

[155401](#)**I 48181 (10/PNC-003898)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e 2 máis**

Sobre a adaptación polo Goberno galego das ratios de profesionais de fisioterapia no distrito sanitario da Mariña ao estipulado pola OMS

[155405](#)**I 48197 (10/PNC-003899)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa normativa vixente en materia de extracción da mexilla, así como o impulso de acordos e consensos ao respecto entre os distintos colectivos de traballadores do mar afectados

[155408](#)**I 48223 (10/PNC-003900)****Grupo Parlamentario de En Mar5rosa Sañudo, Julia**

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de captación de investimento exterior

[155410](#)**I 48230 (10/PNC-003901)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa consolidación, conservación e accesibilidade da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, así como a posta en valor das torres defensivas do sur da provincia de Ourense

[155412](#)**I 48238 (10/PNC-003902)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 4 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións das persoas afectadas pola creación do parque eólico Sasdónigas fase II, no concello de Mondoñedo, referidas ás actuacións da empresa concesionaria

[155416](#)**I 48244 (10/PNC-003903)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións do Comité de Empresa de Alcoa-San Cibrao, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto da regulación de diversas cuestións relacionadas coas industrias hiperelectrointensivas nun novo marco enerxético

[155418](#)

I 48248 (10/PNC-003904)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de saúde mental [155422](#)**I 48272 (10/PNC-003905)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa crise electrointensiva e as súas repercusións en Galicia [155427](#)**I 48279 (10/PNC-003906)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos producidos polo incendio rexistrado nos concellos de Dodro e Rianxo [155431](#)**I 48287 (10/PNC-003907)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, na X lexislatura e en colaboración coa Fegamp, dun informe respecto do impacto do fenómeno social da soidade non desexada en Galicia [155434](#)**Asignación nova comisión e publicación do acordo****I 46301 (10/PNC-003720)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a remisión por parte do Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun informe respecto dos resultados do Programa bono emprego automoción, así como de todas as axudas e subvencións concedidas ao sector na X lexislatura [155437](#), [155440](#)**I 46724 (10/PNC-003760)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas catas termais realizadas no río Barbaña, así como o estudo encargado respecto da zona das Burgas, en Ourense [155441](#), [155445](#)**1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario****Estado execución orzamentaria en comisión****Toma de coñecemento e traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación do acordo****I 48266 (10/ESEX-000011)**

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Execución orzamentaria do cuarto trimestre de 2018 [155446](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

48396 (10/CPP-000097)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. conselleiro de Cultura, por petición do G. P. de En Marea e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da súa posición respecto do Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

[155447](#)

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

48487 (10/CPP-000098)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación que está a atravesar a industria en Galicia

[155448](#)

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

48389 (10/CPC-000101)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da secretaria xeral de Igualdade, por petición propia, para dar conta do Infome anual 2018 sobre a situación da violencia de xénero en Galicia

[155449](#)

48415 (10/CPC-000102)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, por petición propia, para informar sobre a situación da débeda de Galicia, a raíz dos datos publicados recentemente polo Banco de España

[155450](#)

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

48117 (10/INT-001592)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre a política do Goberno galego en relación co comercio tradicional de Galicia

[155451](#)



I 48146 (10/INT-001593)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 4 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación cos incendios forestais

[155453](#)**I 48199 (10/INT-001594)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en relación coa conflictividade existente entre colectivos de traballadores do mar

[155458](#)**I 48254 (10/INT-001595)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención á saúde mental

[155460](#)**I 48288 (10/INT-001597)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada

[155466](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 2 de abril de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia [(doc. núm. 47930, 10/PL-000013)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 48416, o escrito do G. P. de En Marea polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia (doc. núm. 47930, 10/PL-000013).

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, oída a Xunta de Portavoces na súa reunión do 2 de abril de 2019, acorda:

1º. Ampliar, por primeira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia (doc. núm. 47930, 10/PL-000013), ata o día 17 de abril de 2019, ás 14.00 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 2 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Admisión a trámite

- 48319 (10/PPL-000038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora da atención primaria

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:



1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora da atención primaria.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 2 de abril de 2019, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Admisión a trámite e publicación

- 48321 (10/MOC-000135)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47129, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)

- 48332 (10/MOC-000136)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde. (Moción consecuencia da Interpelación nº 46711, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)

- 48353 (10/MOC-000137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia no ano 2019 para a mellora da atención primaria no Sistema público de saúde. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47099, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 48050 (10/PNP-003630)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a realización por parte do Goberno galego, antes do remate do ano 2019, das xestións e dos traballos necesarios para habilitar as sendas peonís demandadas nos concellos de Laxe e Ponteceso

- 48051 (10/PNP-003631)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver un plan de dinamización económica para os produtos elaborados da pesca

- 48068 (10/PNP-003632)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar a limpeza dos portos da Costa da Morte, así como a realización dunha campaña formativa respecto da xestión dos seus residuos

- 48088 (10/PNP-003634)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co reinicio da actividade mineira na canteira de Casalonga, no concello de Teo

- 48119 (10/PNP-003636)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa sobrecarga laboral que están a padecer os profesionais de enfermaría nos centros sanitarios públicos

- 48123 (10/PNP-003637)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta de amortización de prazas de axentes axentes forestais e axentes facultativos medioambientais realizada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e co déficit de efectivos que hai

- 48127 (10/PNP-003638)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 3 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en relación coa proposta de amortización e actual dotación de prazas de axentes medioambientais e forestais do distrito forestal VI-A Mariña lucense, así como respecto da convocatoria de oposicións a ese corpo en Galicia

- 48138 (10/PNP-003639)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en relación coa proposta de amortización e actual dotación de prazas de axentes medioambientais e forestais do distrito forestal XIII-Valdeorras-Trives, así como respecto da convocatoria de oposicións a ese corpo en Galicia

- 48142 (10/PNP-003640)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actual dotación de prazas públicas de residencias para persoas maiores e de centros de día da comarca de Verín, así como respecto da creación dun centro residencial público para maiores no concello de Laza

- 48150 (10/PNP-003641)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios forestais rexistrados en Galicia no primeiro trimestre de 2019

- 48154 (10/PNP-003642)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego na estrada OU-636, entre A Pobra de Trives e Freixido

- 48157 (10/PNP-003643)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas propostas reflectidas no informe do Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente referido ao impacto na saúde humana das emisións contaminantes á atmosfera das centrais térmicas de carbón españolas no ano 2014

- 48160 (10/PNP-003644)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da veciñanza dos barrios da Ponte e do Convento, de Chantada, referidas á construción dunha nova ponte para o tránsito sobre o río Asma



- 48198 (10/PNP-003645)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa normativa vixente en materia de extracción da mexilla, así como o impulso de acordos e consensos ao respecto entre os distintos colectivos de traballadores do mar afectados

- 48224 (10/PNP-003646)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de captación de investimento exterior

- 48231 (10/PNP-003647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa consolidación, conservación e accesibilidade da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, así como a posta en valor das torres defensivas do sur da provincia de Ourense

- 48239 (10/PNP-003648)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións das persoas afectadas pola creación do parque eólico Sasdónigas fase II, no concello de Mondoñedo, referidas ás actuacións da empresa concesionaria

- 48245 (10/PNP-003649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións do Comité de Empresa de Alcoa-San Cibrao, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto da regulación de diversas cuestións relacionadas coas industrias hiperelectrointensivas nun novo marco enerxético

- 48250 (10/PNP-003650)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de saúde mental

- 48273 (10/PNP-003651)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa crise electrointensiva e as súas repercusións en Galicia



- 48280 (10/PNP-003652)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos producidos polo incendio rexistrado nos concellos de Dodro e Rianxo

- 48286 (10/PNP-003653)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, na X lexislatura e en colaboración coa Fegamp, dun informe respecto do impacto do fenómeno social da soidade non desexada en Galicia

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 48049 (10/PNC-003884)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a realización por parte do Goberno galego, antes do remate do ano 2019, das xestións e dos traballos necesarios para habilitar as sendas peonís demandadas nos concellos de Laxe e Ponteceso
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 48055 (10/PNC-003885)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver un plan de dinamización económica para os produtos elaborados da pesca
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 48067 (10/PNC-003886)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar a limpeza dos portos da Costa da Morte, así como a realización dunha campaña formativa respecto da xestión dos seus residuos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48087 (10/PNC-003888)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co reinicio da actividade mineira na canteira de Casalonga, no concello de Teo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 48120 (10/PNC-003890)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa sobrecarga laboral que están a padecer os profesionais de enfermaría nos centros sanitarios públicos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48122 (10/PNC-003891)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta de amortización de prazas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais realizada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e co déficit de efectivos que hai

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48141 (10/PNC-003892)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actual dotación de prazas públicas de residencias para persoas maiores e de centros de día da comarca de Verín, así como respecto da creación dun centro residencial público para maiores no concello de Laza

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48149 (10/PNC-003893)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios forestais rexistrados en Galicia no primeiro trimestre de 2019

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 48153 (10/PNC-003894)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a incidencia que está a ter para as persoas usuarias da estrada OU-636, entre A Pobra de Trives e Freixido, a desaparición, co novo pintado, das zonas de adiantamento que había nas rectas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48156 (10/PNC-003895)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas propostas reflectidas no informe do Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente referido ao impacto na saúde humana das emisións contaminantes á atmosfera das centrais térmicas de carbón españolas no ano 2014

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 48159 (10/PNC-003896)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da veciñanza dos barrios da Ponte e do Convento, de Chantada, referidas á construción dunha nova ponte para o tránsito sobre o río Asma

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48170 (10/PNC-003897)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a redacción e aprobación polo Goberno galego dos plans de conservación ou recuperación das aves e demais especies vulnerables ou en perigo de extinción

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48181 (10/PNC-003898)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre a adaptación polo Goberno galego das ratios de profesionais de fisioterapia no distrito sanitario da Mariña ao estipulado pola OMS

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48197 (10/PNC-003899)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa normativa vixente en materia de extracción da mexilla, así como o impulso de acordos e consensos ao respecto entre os distintos colectivos de traballadores do mar afectados

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 48223 (10/PNC-003900)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de captación de investimento exterior

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 48230 (10/PNC-003901)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa consolidación, conservación e accesibilidade da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, así como a posta en valor das torres defensivas do sur da provincia de Ourense

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 48238 (10/PNC-003902)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións das persoas afectadas pola creación do parque eólico Sasdónigas fase II, no concello de Mondoñedo, referidas ás actuacións da empresa concesionaria

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48244 (10/PNC-003903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións do Comité de Empresa de Alcoa-San Cibrao, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto da regulación de diversas cuestións relacionadas coas industrias hiperelectrointensivas nun novo marco enerxético

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 48248 (10/PNC-003904)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de saúde mental

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48272 (10/PNC-003905)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa crise electrointensiva e as súas repercusións en Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 48279 (10/PNC-003906)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos producidos polo incendio rexistrado nos concellos de Dodro e Rianxo

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 48287 (10/PNC-003907)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, na X lexislatura e en colaboración coa Fegamp, dun informe respecto do impacto do fenómeno social da soidade non desexada en Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



Asignación nova comisión e publicación do acordo

- 46301 (10/PNC-003720)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a remisión por parte do Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun informe respecto dos resultados do Programa bono emprego automoción, así como de todas as axudas e subvencións concedidas ao sector na X lexislatura

BOPG nº 434, do 20.02.2019

A Mesa acorda a reasignación solicitada no doc. núm. 48177, á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

- 46724 (10/PNC-003760)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas catas termais realizadas no río Barbaña, así como o estudo encargado respecto da zona das Burgas, en Ourense

BOPG nº 441, do 06.03.2019

A Mesa acorda a reasignación solicitada no doc. núm. 48176, á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

Estado execución orzamentaria en comisión

Toma de coñecemento e traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación do acordo

- 48266 (10/ESEX-000011)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Execución orzamentaria do cuarto trimestre de 2018

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 48396 (10/PPP-000097)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. conselleiro de Cultura, por petición do G. P. de En Marea e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da súa posición respecto do Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia



Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 48487 (10/PPP-000098)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación que está a atravesar a industria en Galicia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 48389 (10/CPC-000101)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da secretaria xeral de Igualdade, por petición propia, para dar conta do Informe anual 2018 sobre a situación da violencia de xénero en Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48415 (10/CPC-000102)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, por petición propia, para informar sobre a situación da débeda de Galicia, a raíz dos datos publicados recentemente polo Banco de España

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 48117 (10/INT-001592)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre a política do Goberno galego en relación co comercio tradicional de Galicia

- 48146 (10/INT-001593)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 4 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación cos incendios forestais

- 48199 (10/INT-001594)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en relación coa conflictividade existente entre colectivos de traballadores do mar



- 48254 (10/INT-001595)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención á saúde mental

- 48288 (10/INT-001597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora da atención primaria**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2009 a sanidade sufriu fortes recortes no seu orzamento, o que fixo que se deteriorase dun xeito preocupante a calidade da sanidade pública galega. En especial, a atención primaria acumula dende ese ano un recorte de máis de 2.194 millóns de euros. Na actualidade, o orzamento deste programa, de 1.248 millóns de euros, aínda é 188,7 millóns de euros inferior ao dotado no ano 2009. Estes recortes están a ter dramáticas consecuencias, como puidemos comprobar desde finais do 2017, ao longo de 2018 e principios do actual 2019, período no que as urxencias hospitalarias en Galiza colapsaron.

A baixada dos recursos en atención primaria nos últimos anos é o que está detrás deste colapso. Nesta situación, é preciso adoptar medidas urxentes. É por iso que mediante esta proposición de lei establecemos un incremento inmediato dos recursos destinados á atención primaria, cunha modificación orzamentaria urxente de 273,3 millóns de euros, un incremento do 22% con respecto ao orzamento actual, de xeito que se sobrepare a contía previa á chegada de Feijóo á Presidencia da Xunta de Galiza.

Entre as medidas urxentes que é necesario adoptar con estes fondos adicionais, podemos citar a de incrementar o número de profesionais das diferentes categorías para acabar coa masificación dos cupos, de tal xeito que cada facultativo teña un máximo de



1.250 tarxetas sanitarias. Tamén é preciso mellorar os equipamentos nos centros de saúde, así como suprimir as limitacións ás probas diagnósticas por parte do persoal de atención primaria, cobertura do 100% das baixas. Outra medida urxente é poñer en marcha un proceso de formación que se adapte ás necesidades reais do SERGAS, tendo en conta que o 53% dos e das médicos superan os 55 anos.

A lei componse de dous títulos, catro artigos, tres disposicións derradeiras e dous anexos.

O Título I recolle as modificacións da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.

O artigo 1 introduce as medidas de reforzo da sanidade pública galega mediante o incremento do gasto sanitario en atención primaria nunha contía de 273,3 millóns de euros.

O artigo 2 contempla as modificacións no articulado da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019, coas correspondentes modificacións nos estados consolidados, tanto de gastos como de ingresos, derivadas do impacto recadatorio que provocan os cambios normativos en materia tributaria introducidos no artigo 4 da presente lei.

O artigo 3 establece diferentes minoracións no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019 que teñen como obxectivo financiar parte do incremento do gasto sanitario recollido no artigo 1.

O Título II consta dun so artigo, o artigo 4, que introduce modificacións de carácter tributario na Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e que teñen por obxectivo financiar parte do incremento do gasto en atención primaria contemplado no artigo 1.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lévanse a termo modificacións no IRPF e no Imposto de Patrimonio, de xeito que se introduce maior progresividade na escala autonómica do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas, mentres que no Imposto de Patrimonio establécese o mínimo en 300.000 euros, e a escala do mesmo dótase tamén de maior progresividade.

Créanse novos tributos propios da Comunidade Autónoma, en concreto, un Imposto sobre as Grandes Superficies Comerciais, un Imposto sobre Bebidas con Exceso de Azucre, un Imposto sobre Vivendas Baleira e un Imposto Medioambiental sobre as Redes de Transporte de Enerxía Eléctrica de Alta Tensión.

Trátase de medidas fiscais que avanza na equidade e xustiza do sistema tributario, ao tempo que dotan de máis recursos á facenda galega.

Por último, a lei contén tres disposicións derradeiras e contéplase a derogación da modificación no Imposto de Sucesións e Doazóns aprobada no ano 2015, a través dunha disposición derogatoria, á que segue o contido de dous anexos.



TÍTULO I – Modificación da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.

Artigo 1. Medidas de reforzo da sanidade pública galega mediante o incremento do gasto sanitario en atención primaria.

Co obxecto de reforzar a sanidade pública galega, contéplase un incremento no gasto sanitario en atención primaria, para deste xeito comezar a reverter as cuantiosas reducións orzamentais experimentadas no mesmo. Así, modifícase o estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019, contemplándose un incremento de 273,3 millóns de euros para o programa “412B – Atención Primaria”, tal e como queda reflectido na seguinte táboa:

Incremento estado de gastos				
Consellería	Sección	Servizo	Programa	Contía
SANIDADE	11	80	412B – Atención Primaria	273.300.000

Artigo 2. Modificacións no articulado da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.



UN. Substitúese o primeiro parágrafo e a primeira táboa do apartado Un do artigo 2 polos seguintes:

Un.- Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por importe de 11.736.951.293 euros, distribuídos da forma seguinte:

	CAP I-VII Gastos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral	5.098.800.915	100.051.799	1.513.046.557	6.711.899.271
Organismos autónomos	4.131.090.605	13.667.505		4.144.758.110
Entidades públicas instrumentais	2.081.073			2.081.073
Axencias públicas autonómicas	810.436.647	50.291.058	17.485.134	878.212.839
Total	10.042.409.240	164.010.362	1.530.531.691	11.736.951.293

DOUS. Substitúese o apartado Catro do artigo 2 polo seguinte:

Catro.- Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 11.736.951.293 euros, distribuídos da seguinte forma:

	Cap. I-VII Ingresos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral e órganos estatutarios	9.705.318.346	10.062.355	1.768.394.594	11.483.775.295
Organismos autónomos	217.559.914	655.000		218.214.914
Axencias públicas autonómicas	150			150
Axencias públicas autonómicas	24.705.978	10.254.956		34.960.934
Total	9.947.584.388	20.972.311	1.768.394.594	11.736.951.293

Artigo 3. Minoracións no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.

O estado de gastos verase diminuído nas contías contempladas no Anexo I da presente lei.

TITULO II- Modificación da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.

Artigo 4. Modificación da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

UN. Engádesse un novo parágrafo ao comezo do Artigo 1, co seguinte teor literal:

O apartado Dous do artigo 4 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como sigue:

Base liquidábel - Ata euros	Cota íntegra - Euros	Resto base liquidábel - euros	base ata	Tipo aplicábel - (%)
0	0	12.450		9,50
12.450	1.182,75	7.750		11,75
20.200	2.093,38	7.500		14,00
27.700	3.143,38	7.500		17,00
35.200	4.418,38	12.400		20,00
47.600	6.898,38	12.400		21,50
60.000	9.366,87	60.000		24,50
120.000	24.066,87	En diante		25,50

DOUS. Engádesse un novo novo punto, o Dous, ao Artigo 2, coa seguinte redacción:

Dous. Modifícase o Capítulo III do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“Artigo 13. Mínimo exento.

O mínimo exento no Imposto sobre o Patrimonio establececese en 300.000 euros.”

Artigo 13 bis. Cota íntegra

A base liquidábel do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:



Base liquidábel ata euros	Cota íntegra euros	Resto base liquidábel ata euros	Tipo aplicábel %
0	0	167.129,45	0,3
167.129,45	501,39	167.123,43	0,6
334.252,88	1.337,00	334.246,87	1,0
668.499,75	4.178,10	668.499,76	1,8
1.336.999,51	14.539,86	1.336.999,50	2,6
2.673.999,01	43.285,35	2.673.999,02	3,4
5.437.998,03	116.820,32	5.347.998,03	4,2
10.695.996,06	295.978,25	En diante	5,0

As leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza poderán modificar a escala prevista neste artigo.”

TRES. Engádesse un novo artigo 4 bis polo que se crea un novo imposto sobre os grandes establecementos comerciais co seguinte texto:

“Artigo 4 bis. Imposto sobre as grandes superficies comerciais.

Un. Establécese, como tributo propio da Comunidade Autónoma, un imposto sobre as grandes superficies comerciais, entendendo por tais os establecementos individuais que teñan unha superficie de venda igual ou superior a 2.500 m² dedicados á venda ao por menor, excluídos os establecementos de venda de vehículos a motor, maquinaria industrial, materiais de construción e produtos agrícolas e de xardinaría.

Dous. Este imposto grava a capacidade e incidencia económica e social singulares dos establecementos comerciais que desenvolven a súa actividade en grandes superficies, atendendo as externalidades sociais, económicas e ambientais que producen.

Tres. O feito imponible vén constituído pola utilización de grandes superficies con finalidade comercial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Catro. É suxeito pasivo deste imposto a persoa física ou xurídica titular do grande establecemento comercial, estea xa ou non situado nun centro comercial colectivo.

Cinco. A base imponible do imposto constitúe a superficie total do establecemento comercial individual expresada en metros cadrados.

Seis. O tipo de gravame é de 30 euros por metro cadrado.

Sete. Aplicarase unha redución do 50 por 100 da cota tributaria aos grandes establecementos dedicados á venda de mobiliario, artigos de saneamento, artigos de bricolaxe e portas e xanelas.

Oito. Bonificacións. Establécese unha bonificación de ata o 30 por 100 para os grandes establecementos que contén con acceso dun ou máis medios de transporte público. Regulamentariamente desenvolveranse os termos e condicións desta bonificación.

Nove. O período impositivo coincide co ano natural.”

CATRO. Engádesse un novo artigo 4 ter, polo que se crea un novo imposto sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión, co seguinte texto:

“**Artigo 4 ter.** Imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión.

Un. Obxecto do imposto

O Imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza ten por obxecto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gravar a concreta capacidade económica que se manifesta na xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma por estas instalacións eléctricas a través de elementos fixos de alta tensión.

Dous. Feito impoñible

1. O dano medioambiental causado pola xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma de Galiza pola realización de actividades de transporte de enerxía eléctrica para o subministro a través de elementos fixos de alta tensión constitúe o feito impoñible do imposto.

2. Entenderase producido o dano medioambiental aínda cando as instalacións para o transporte e subministro de enerxía eléctrica a través de elementos fixos de alta tensión se atopen en desuso ou non entren en funcionamento.

Tres. Obrigados/as tributarios/as

1. Son suxeitos pasivos do imposto, en calidade de contribuíntes, quen realicen as actividades que causan o dano medioambiental ou exploten as instalacións que xeren o feito impoñible do imposto.

2. Será responsable solidario do pago do imposto o/a propietario/a das instalacións que xeren o feito impoñible cando non coincidan con quen as exploten.

Catro. Base impoñible e cota tributaria

1. A base impoñible do imposto estará constituída polos quilómetros de tendido eléctrico en redes de capacidade igual ou superior aos 220 kW.

2. A cota tributaria do imposto resulta de aplicar un tipo de gravame en función da lonxitude e a capacidade do tendido eléctrico. Concretamente, os tipos de gravame serán os seguintes:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Base Impoñible	Tipo/euros
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 220 kW. e menor de 400 kW.	700 €
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 400 kW.	1.150 €

3. No caso de que a instalación ou elementos fixos se atopen en desuso, terase en conta a efecto do cálculo da base impoñible coma se a capacidade do tendido eléctrico fóra de 220 kW."

Cinco. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo.

CINCO. Engádesse un novo artigo 4 cuater, polo que se crea un novo imposto sobre bebidas con exceso de azucre, co seguinte texto:

“**Artigo 4 cuater.** Imposto sobre bebidas con exceso de azucre

Un. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto deste imposto é gravar o consumo de bebidas azucradas envasadas con exceso de azucre, debido aos nocivos efectos que teñen na saúde da poboación.

2. O imposto sobre bebidas azucradas envasadas é exixible en todo o territorio de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dous. Feito impoñible

1. Constitúe o feito impoñible do imposto a adquisición de bebidas azucradas envasadas, a título gratuío ou oneroso, polo contribuínte, por razón dos efectos que o consumo destas bebidas produce na poboación.

2. Son bebidas azucradas as que conteñen edulcorantes calóricos engadidos como, entre outros, azucre, mel, frutosa, sacarosa, xarope de millo, xarope de pradairo, néctar ou xarope de agave e xarope de arroz.

3. Están suxeitas ao imposto as seguintes tipoloxías de bebidas azucradas, sempre que conteñan 5 ou máis gramos de azucre por cada 100 mililitros:

a) Os refrescos ou sodas: bebidas sen alcohol de distintos sabores, con ou sen gas, preparadas comercialmente e que se venden en botellas ou latas, así como as que se subministran ao consumidor mediante un surtidor.

b) As bebidas de néctar de froitas e zumes de froitas.

c) As bebidas deportivas: bebidas deseñadas para axudar aos atletas na rehidratación, así como na reposición dos electrólitos, o azucre e outros nutrientes.

d) As bebidas de té e café.

e) As bebidas enerxéticas: bebidas carbonatadas que conteñen grandes cantidades de cafeína, azucre e outros ingredientes, como vitaminas, aminoácidos e estimulantes a base de herbas.

f) Leites adoçadas, bebidas alternativas do leite, batidos e bebidas de leite con zume de froita.

g) Bebidas vexetais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

h) Augas con sabores.

4. Non están suxeitos ao imposto as bebidas elaboradas a partir de zumes de froita ou de verdura naturais, concentrados ou reconstituídos, ou a súa combinación, nin tampouco leites ou alternativas dos leites, que non conteñan edulcorantes calóricos engadidos. Tamén están excluídos os iogures bebibles, os leites fermentados bebibles, os produtos para uso médico e as bebidas alcohólicas.

Tres. Contribuínte

1. É suxeito pasivo, en calidade de contribuínte, a persoa física ou xurídica que proporciona a bebida azucrada envasada ao consumidor final do produto.

2. O contribuínte está obrigado a repercutir o imposto ao consumidor final da bebida.

3. Como suxeito pasivo, corresponde ao contribuínte cumprir a obrigaón tributaria principal e as obrigaóns formais inherentes á mesma, nos termos que se establezan por regulamento.

4. É suxeito pasivo, en calidade de substituto do contribuínte, o distribuidor residente en territorio español que fornece as bebidas azucradas envasadas ao establecemento que as pon a disposición do consumidor. Se quen fornece as bebidas e o establecemento que as pon a disposición do consumidor son a mesma persoa, enténdese que a súa relación coa Administración tributaria é a título de contribuínte e non de substituto do contribuínte, e élle aplicable o que establece o punto 3.

5. Deben establecerse por regulamento as obrigaóns formais que terá que cumprir o substituto do contribuínte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Catro. Base imponible e tipo de gravame

1. Constitúe a base imponible do imposto a cantidade en litros de bebida azucrada envasada entregada polo distribuidor e adquirida polo contribuínte.

2. O tipo de gravame do imposto é o seguinte:

a) 0,07 euros por litro para bebidas cun contido de azucre entre 5 e 8 gramos por 100 mililitros.

b) 0,12 euros por litro para bebidas cun contido de azucre superior a 8 gramos por 100 mililitros.

No caso de preparados solubles e xaropes concentrados preparados para diluír, o tipo aplícase á bebida en base á súa composición unha vez está reconstituída e preparada para o seu consumo.

Cinco. Devindicación

1. O imposto devindícase no momento da adquisición da bebida azucrada envasada, no territorio de aplicación do tributo, por parte do contribuínte ao distribuidor.

2. No caso do substituto do contribuínte, o imposto devindícase no momento no que o contribuínte pon a bebida a disposición do consumo.

Seis. Autoliquidación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. O substituto do contribuínte, ou, se procede, o contribuínte, están obrigados a presentar a autoliquidación do imposto e a efectuar o correspondente ingreso dentro do prazo que se estableza por regulamento.

2. O modelo de autoliquidación debe aprobarse por orde do/a conselleiro/a do departamento competente en materia tributaria.

Sete. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo.

SEIS. Engádese un novo artigo 4 quinties polo que se crea un novo imposto sobre as vivendas baleiras, co seguinte texto:

“**Artigo 4 quinties.** Imposto sobre as vivendas baleiras

Un. Natureza, obxecto e ámbito territorial de aplicación

1. O imposto sobre as vivendas baleiras é un tributo propio da Xunta de Galiza, de natureza directa, que grava o incumprimento da función social da propiedade das vivendas polo feito de permanecer desocupadas de forma permanente.

2. O imposto sobre as vivendas baleiras é aplicable no ámbito territorial de Galiza.

Dous. Feito impoñíbel





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Constitúe o feito impoñíbel do imposto sobre as vivendas baleiras a desocupación permanente dunha vivenda durante máis de dous anos sen causa xustificada, posto que dita desocupación afecta á función social da propiedade da vivenda.

Tres. Definicións

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, enténdese por:

a) Vivenda: a edificación fixa destinada á residencia de persoas físicas ou utilizada con este fin, incluídos os espazos e os servizos comúns do inmovible en que está situada e os anexos que están vinculados a ela, si ten acreditado o cumprimento das condicións de habitabilidade e cumpre a función social de aportar ás persoas que residen nela o espazo, as instalacións e os medios materiais necesarios para satisfacer as súas necesidades persoais ordinarias de habitación.

b) Vivenda baleira: a vivenda desocupada permanentemente, sen causa xustificada, durante máis de dous anos.

Catro. Ocupación da vivenda

Acredítase que unha vivenda está ocupada si o seu propietario dispón dun título, como o de arrendamento ou calquera outro análogo, que habilita a ocupación, e xustifícase documentalmente por calquera medio de proba admisible en dereito.

Cinco. Cómputo do período de dous anos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. O cómputo do período de dous anos ao que se refire o punto 3 iníciase a partir da data en que a vivenda está a disposición do propietario para ser ocupada ou para ceder o seu uso a un terceiro, e non existe causa algunha que xustifique a súa desocupación. É necesario que durante estes dous anos o suxeito pasivo sexa titular de a vivenda de forma continuada.

2. No caso das vivendas de nova construción, enténdese que existe dispoñibilidade para que a vivenda sexa ocupada a partir de tres meses a contar desde a data do certificado final de obra.

3. É causa de interrupción do cómputo dos dous anos a ocupación da vivenda durante un período de, como mínimo, seis meses continuados.

Seis. Causas xustificadas de desocupación dunha vivenda

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, son causas xustificadas de desocupación dunha vivenda os seguintes supostos:

a) Que a vivenda sexa obxecto dun litixio xudicial pendente de resolución no que ten a ver coa súa propiedade.

b) Que a vivenda se teña que rehabilitar. Neste caso, as obras deben xustificarse cun informe emitido por un técnico con titulación académica e profesional que o habilite como proxectista, director de obra ou director da execución da obra en edificación residencial de vivendas, que debe indicar que as obras son necesarias para que a vivenda poida ter as condicións mínimas de habitabilidade esixidas pola normativa vixente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Soamente pode alegarse esta causa nun único período impositivo, e pode ampliarse a un segundo exercicio sempre que se acredite que as obras iniciáronse durante o primeiro.

c) Que a vivenda, previamente á aprobación da presente lei, estea hipotecada con cláusulas contractuais que imposibiliten ou fagan inviable destinala a un uso distinto ao que se previu inicialmente, cando se outorgou o financiamento, sempre que o suxeito pasivo e o acredor hipotecario non formen parte do mesmo grupo empresarial.

d) Que a vivenda estea ocupada ilegalmente e o propietario teña documentalmente acreditado.

e) Que a vivenda forme parte dun edificio adquirido integramente polo suxeito pasivo nos últimos cinco anos, para a súa rehabilitación, e sempre que teña unha antigüidade de máis de corenta e cinco anos e conteña vivendas ocupadas que fagan inviable tecnicamente o inicio das obras de rehabilitación.

Sete. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos do imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas propietarias de vivendas baleiras sen causa xustificada durante máis de dous anos.

Tamén son suxeitos pasivos as persoas xurídicas titulares dun dereito de usufruto, dun dereito de superficie ou de calquera outro dereito real que outorgue a facultade de explotación económica da vivenda.

2. Non obstante o establecido polo punto 1, os grupos fiscais ou grupos de sociedades poden optar por tributar baixo o réxime de consolidación neste imposto. As





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entidades que integran un grupo de sociedades ou un grupo fiscal e optan por aplicar o réxime de consolidación fiscal non tributan en réxime individual. En tal caso, a condición de suxeito pasivo recae sobre o grupo fiscal ou o grupo de sociedades. A sociedade dominante ten a representación do grupo e está suxeita ao cumprimento das obrigacións tributarias materiais e formais que deriven do réxime de consolidación fiscal.

3. A opción pola tributación consolidada e as obrigas derivadas desta tributación regúlanse por vía regulamentaria.

Oito. Exencións

1. Quedan exentos do imposto as entidades do terceiro sector así como as seguintes vivendas:

- a) As vivendas protexidas con cualificación oficial vixente.
- b) As vivendas situadas en zonas de escasa demanda acreditada.
- c) As vivendas postas a disposición de programas sociais de vivenda, acordados coas administracións públicas, para ser destinadas a programas en aluguer social de vivenda.
- d) As vivendas destinadas a usos regulados pola lexislación turística ou a outras actividades económicas non residenciais, sempre que os seus titulares poidan acreditar que desenvolveron a actividade dentro dos últimos dous anos, e se teñen satisfeito os tributos correspondentes á actividade desenvolvida e se declararon os ingresos obtidos por esta actividade. No caso de vivendas de uso turístico é necesario, ademais, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estean inscritas no rexistro xestionado polo departamento competente en materia de turismo.

Nove. Base imponible

1. Constitúe a base imponible do imposto sobre as vivendas baleiras o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto de que é titular o suxeito pasivo na data de deveción do imposto, reducida en 160 metro cadrados en concepto de mínimo exento.

2. Si se optou por a tributación consolidada, a base imponible está constituída polo número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que son titulares as persoas xurídicas integradas en o grupo fiscal ou grupo de sociedades, reducida en o número de metros cadrados que resulte de multiplicar o mínimo exento establecido polo apartado 1 polo número de persoas xurídicas titulares de vivendas suxeitas ao imposto integradas no grupo.

Dez. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo.

SETE. O incremento no estado de ingresos na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019 derivado destas modificacións tributarias contéplase no Anexo II da presente lei.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Habilítase á Consellería competente en materia de facenda para facer as modificacións necesarias para adaptar o disposto na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019 e na Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas para o cumprimento dos preceptos contemplados na presente lei.

2. Así mesmo, autorízase á consellería para que dite as normas precisas para a execución do disposto na presente lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

A presente lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no diario oficial de Galiza.

Disposición derogatoria única.

1. Con efectos desde a entrada en vigor da presente Lei, suprímese o artigo 2 da Lei 12/2015 de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2016.

2. Así mesmo, fican derogadas cantas disposicións se opoñan ao previsto nesta Lei.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Anexo I

Diminución do estado de gastos. O estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019 verase diminuído nas seguintes contías:

Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito
Infraestruturas	8	1	511A	640.0	200.000	Investimentos de carácter inmaterial
Infraestruturas	8	1	512B	732.04	74.000.000	Transferencias AGI
Infraestruturas	8	2	512A	640.0	500.000	Estudos e proxectos transporte
M. Ambiente	7	1	451A	730.05	5.000.000	Transferencia IGVS
Presidencia	4	10	111A	110	200.000	Persoal gabinete
Presidencia	4	10	111A	226	100.000	Gastos diversos
Presidencia	4	20	461A	110	150.000	Persoal gabinete
Presidencia	4	20	461A	226.08	200.000	Cobertura informativa
Presidencia	4	20	461A	6400	500.000	Programas comunicación social
Vicepresidencia	5	21	121A	110	120.000	Persoal gabinete
Vicepresidencia	5	21	121A	632.0	1.000.000	Investimento reposición
Facenda	6	1	611A	110	257.284	Persoal eventual de gabinete
Facenda	6	1	611A	212	3.100	Edificios e outras construcións
Facenda	6	1	611A	213	1.200	Maquinaria, instalacións e utensilios
Facenda	6	1	611A	220.00	31.234	Ordinario non inventariable
Facenda	6	1	611A	220.01	61.183	Prensa, revistas, libros e outras publicacións
Facenda	6	1	611A	220.02	40.394	Material informático non inventariable
Facenda	6	1	611A	222	38.464	Comunicacións
Facenda	6	1	611A	223	3.000	Transportes
Facenda	6	1	611A	226	63.800	Gastos diversos
Facenda	6	1	611A	227	219.497	Traballos realizados por outras empresas
Gastos de diversas	23	2	621B	500	4.500.000	Fondo de Continxencia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Consellerías						
Facenda	6	1	611A	640.1	60.000	Asesoramento externo
Facenda	6	1	612A	640	750.844	Investimentos inmateriais

Anexo II

Incremento do estado de ingresos. O estado de ingresos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019 verase incrementado nas seguintes contías:

Incremento Estado de ingresos				
Capítulo	Artigo	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito
1	0	0	24.000.000	Tarifa Autónoma IRPF. Novo tramo para rendas superiores a 120.000 €, tipo marxinal 25,5%
1	1	1	38.000.000	Imposto sobre o Patrimonio. Redución do mínimo exento e modificación da tarifa
1	1	0	45.000.000	Supresión modificacións 2015 no Imposto de Sucesións e Doazóns
1	1	2	30.000.000	Novo imposto sobre Grandes Superficies Comerciais
2	2	1	11.000.000	Novo imposto sobre Bebidas con Exceso de Azucre
1	1	3	36.000.000	Novo imposto sobre Vivendas Baleiras
2	4	1	1.300.000	Novo imposto Medioambiental sobre as Redes de Transporte de Enerxía Eléctrica de Alta Tensión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEGISLATIVOS DA PROPOSICION DE LEI DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA O IMPULSO DUN PLAN DE MELLORA DA ATENCIÓN PRIMARIA

-Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.

-Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 29/03/2019 11:41:10

Ana Pontón Mondelo na data 29/03/2019 11:41:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/03/2019 11:41:16

Olalla Rodil Fernández na data 29/03/2019 11:41:18

Noa Presas Bergantiños na data 29/03/2019 11:41:20

Xosé Luis Bará Torres na data 29/03/2019 11:41:23



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para a substanciación da **Interpelación 47129 (10/INT-001567)** debatida na sesión plenaria do 26 de marzo de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego no sector do telemárketing.

MOCIÓN:

“A) O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Dar cumprimento de inmediato aos acordos tomados na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 21 de marzo.
2. Reiterar o rexeitamento ao ERTE de Bosch no centro de Vigo e esixir a súa paralización a dita compañía, para garantir que as traballadoras e traballadores non perdan máis poder adquisitivo.
3. Vencellar o outorgamento de subvencións, axudas públicas ou convenios e contratos que a Xunta realice con empresas de telecomunicacións á xeración de emprego de calidade en Galicia, a non aplicación de despedimentos inxustificadas e ao respecto da lexislación laboral en materia de dereitos do persoal traballador, rescindindo os contratos en caso de incumprimento.
4. Adoptar un papel activo de mediación a través da Consellería competente para acadar un acordo entre a patronal do sector do telemárketing e a representación das traballadoras que mellore os salarios,





a calidade do emprego, reduza a temporalidade, limite o abuso da subcontratación e mellore as condicións de traballo.

5. Realizar un estudo sobre as condicións laborais neste sector, avaliando a situación das contratacións, a existencia de riscos laborais e as consecuencias na saúde das traballadoras e traballadores.

B) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a:

1. Derrogar as últimas reformas laborais que supoñen unha perda de dereitos para as traballadoras e traballadores.
2. Modificar a Lei Xeral de Telecomunicacións para esixir a todas as compañías con licenzas no Estado Español en calquera actividade de voz, datos ou servizos audiovisuais a dar os servizos de atención ao cliente, soporte técnico e comercial por compañías establecidas no Estado Español.”

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





Paula Quinteiro Araújo na data 29/03/2019 12:37:19

Luis Villares Naveira na data 29/03/2019 12:37:31



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para a substanciación da **Interpelación 46711 (10/INT-001549)** debatida na sesión plenaria do 26 de marzo de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde.

MOCIÓN:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Recuperar as xerencias de Atención Primaria, asegurando orzamento propio, autonomía de xestión e capacidade resolutiva.
- Elaborar un verdadeiro Plan de Atención Primaria que recolla as demandas dos diferentes colectivos de profesionais, planificando nas diferentes anualidades a execución de mellora nas infraestruturas e o incremento de persoal.
- Dotar o Plan de mellora, dun orzamento que supoña un incremento de peso da Atención primaria respecto ao orzamento do Sergas, de ata un 25% en 4 anos.
- Comezar a aplicación da suba orzamentaria na presente anualidade, empregando as ferramentas legais para rexistrar as modificacións de crédito pertinentes.





- Contemplan en dito Plan, as demandas en materia de persoal expostas polas profesionais dos Puntos de Atención Continuada, así como a dimensión necesaria do cadros de persoal das diferentes categorías. Neste sentido, porase especial atención ás categorías con maior déficit.
- Negociar coas organizacións sindicais un verdadeiro modelo de contrato temporal que permita estabilidade ás traballadoras e traballadores.”

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/03/2019 13:32:02

Luis Villares Naveira na data 29/03/2019 13:32:10



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada o día 26 de marzo de 2019, sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa posición amosada polos colectivos e profesionais respecto das medidas anunciadas para reformular o modelo de atención primaria no sistema público sanitario, así como a incidencia destas nos problemas existentes (10/INT-001565, doc. núm. 47099)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver as medidas necesarias para cumprir, durante o ano 2019, cos seguintes obxectivos para a atención primaria:

1. Establecer, nun horizonte de catro anos, un tope máximo de 30 pacientes ao día para cada médico/a de atención primaria, e asumir o compromiso de incrementar a convocatoria de prazas ata o número necesario para cumprilo no caso dos servizos onde non se acade.
2. Achegar os recursos necesarios e axilizar os procesos e diálogo co Goberno de España para que se poidan cumprir os obxectivos de:
 - a) Aumento para Galicia do 20 por cento de solicitudes de acreditación de prazas MIR para as categorías de Medicina Familiar e Comunitaria e de Pediatría, respectivamente, nos vindeiros dous anos.
 - b) Solicitar o máximo número posible de prazas nas vindeiras dúas convocatorias MIR, esgotando as prazas acreditadas, para as especialidades de Medicina Familiar e Comunitaria e de Pediatría, respectivamente.
3. Recuperar a Xerencia de Atención Primaria dentro das estruturas da EOXI, con responsabilidade e capacidade de xestión directa do orzamento dedicado á atención primaria para cada área sanitaria, e co mecanismo de participación necesario para as distintas categorías profesionais.
4. Definir, coa participación das organizacións de médicos/as que representan aos/ás profesionais de atención primaria, un catálogo de probas diagnósticas para



os facultativos/as de atención primaria en liña coas capacitacións dos profesionais.

5. Creación de novas prazas de interinidade, con compromiso de estabilización nas vindeiras OPE, asignadas con prioridade aos cupos de TIS superiores e con elevada media de idade entre as persoas que se atenden.

6. Profundizar na definición do contrato de continuidade, establecendo un mínimo de contratación de dous anos.

7. Manter aberta a negociación cos profesionais dos PAC para tratar de achegarse a unha solución que resolva os conflitos laborais que están plantexados.

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 29/03/2019 16:02:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/03/2019 16:02:40



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súa deputada e dos seus deputados, María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

En relación coas respostas ás preguntas escritas formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don José Manuel Pérez Seco sobre, os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso no ano 2016-2017-2018 indícase o seguinte:

No concello de Laracha investíronse 1.406.307 euros no ano 2017, e 803.298 no ano 2018, supoñen un total de 2.209.605 euros.

No concello de Cabana de Bergantiños 281.748 euros, no ano 2017 e a mesma cantidade no ano 2018. Total: 563.496 euros.

A senda de Xornes – Buño – Canta La Rana investíronse 534.339 euros no ano 2017, a cal transcorre polo concello de Malpica na súa maior parte.

No concello de Carballo 1.255.486 euros.

No concello de Laxe, 0 euros, no mesmo período.

En abril do ano 2018, o director da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), na Comisión 2ª no Parlamento de Galicia indicaba que se están a desenvolver na comarca de Bergantiños 7 sendas, que proporcionarán aos veciños case 11 quilómetros de itinerarios peonís e ciclistas. A finais de xullo do mesmo ano puidemos ver á conselleira de Infraestruturas e Vivenda na Laracha inaugurando unha das sendas, e destacando que deste xeito cumpría co seu compromiso de ter rematada a senda antes de fin de ano.

A realidade amosa esa enorme discriminación entre concellos, que resulta aínda máis inxusta cando o plan *Senda 2020* se apoia en 3 eixos estratéxicos:



- Xustiza centrada nas persoas: orientar as actuacións ás necesidades e intereses da cidadanía, como receptor dos servizos da Administración de Xustiza, pero tamén ao empregado público, facilitándolle os medios para optimizar o seu desempeño.
- A eficiencia dunha administración dixital: Potenciar as vantaxes que ofrecen as ferramentas dixitais para xerar eficiencia e proximidade na Administración de Xustiza.
- Unha administración fiable e sustentable: Abordar a necesidade de medios e infraestruturas, así como garantir a seguridade de acceso e uso de todos os servizos.

Está claro que por parte do Goberno galego se exerce unha discriminación orzamentaria cara aos concellos nos que non goberna o PP, deixando a veciñanza abandonada, xa que en moitos casos as sendas que se propoñen por parte dos concellos son unha necesidade para dotar de seguridade zonas de acceso habitual. No caso do Concello de Laxe, estas están comprometidas polo Goberno galego desde o ano 2015 no que a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), solicitou ao Concello de Laxe que identificase as sendas e ou carrís bici necesarios no ámbito deste concello. Estas eran:

A senda “Castrelo-Arrueiro”, (AC-433) na parroquia de Soesto: reiteradamente demandada desde o Concello. Esta actuación beneficiaría tanto aos veciños e veciñas da zona, como a cantidade de visitantes que se recibe na zona, xa que hai que ter en consideración que nese lugar se atopan dúas casas rurais. Consta de dous tramos, sumando entre ambos un quilómetro e medio.

A senda “Conlle” (AC-433) na parroquia de Seranes: neste caso trátase dunha necesidade de seguridade viaria, xa que é moi transitada. Formada por un único tramo, nun núcleo rural illado da vila de Laxe, que melloraría notablemente a seguridade do treito que acompaña a dita estrada.

A senda “Cabo da Area”, (AC-431) trátase dunha senda peonil e ciclista prioritaria xa que conectaría a Vila cunha zona dotada de servizos xerais e equipamentos do municipio: CEIP, pavillón polideportivo, campo de fútbol, zonas verdes e espazos libres.

No caso de Ponteceso existe carencia de sendas peonís en Tella, (AC-423, pk 13.910 a pk 14.080 marxe esquerda, pk 14.100 a pk 14,150 marxe dereita, contorna co colexio Eduardo Eduardo Pondal) (ac-419 pk 7.780 a 10.280), O Couto (ac-424 pk 1.150 a 1.550), Pazos de Arriba (ac-419 pk 2.980 a 3.350),



Corme Aldea (pk 6.430 a 7.340), A Bugalleira-Pazos (pk. 380 a 5.190) e Xornes (pk 12.410 a 13.290)

En todos os casos trátase de promover a mobilidade das parroquias veciñas porque son núcleos rurais illados, e de dotar de seguridade viaria as estradas que transcorren por elas.

É difícil atopar o principio de xustiza centrada nas persoas, cando o Goberno de Feijóo destina máis de dous millóns de euros ás sendas na Laracha, e outras sendas, como as de Ponteceso, (Couto, Tella, Bugalleira, Pazos de Arriba e as Cadaveiras, Corme Aldea e Xornes) Laxe continúan a agardar, cando estamos a falar dunha cuestión de seguridade viaria. Cando a Xunta orienta as súas actuacións ás necesidades e intereses da cidadanía, semella que non todos e todas temos os mesmos dereitos, a pesar de que se están a xestionar con cartos públicos.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que realice, antes de que remate este ano, as xestións e os traballos necesarios para habilitar as sendas peonís demandadas polos concellos de Laxe e Ponteceso.

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/03/2019 11:45:56

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/03/2019 11:46:08

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/03/2019 11:46:18

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/03/2019 11:46:26



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O sector da conserva é extremadamente relevante na economía de Galicia. Con preto de 16.000 persoas traballadoras en Galicia. A facturación do sector ascende anualmente a preto de 1,7 millóns de euros. A estrutura empresarial preséntase moi polarizada, xa que coexisten grandes multinacionais moi internacionalizadas cun elevado número de Pemes. Trátase dun sector concentrado, xa que o 18 % do total das empresas, concentran o 75 % da cifra de negocios e o 70 % do emprego. Estes datos foron extraídos do informe elaborado polo Clúster ANFACO-CECOPECA no ano 2018.

De cara ás novas ameazas coas que se enfrenta o sector, na axenda 2030 publicada polo Goberno central, a UE ten un papel fundamental para orientar a globalización cara á inclusión e a sostibilidade, promovendo un comercio internacional aberto e baseado en regras transparentes e xustas. Por unha banda, supón a necesidade de exixir aos países dos que proceden as importacións o cumprimento e o respecto polas normas internacionais que garanten ás persoas traballadoras unhas condicións de traballo dignas, seguras e saudables,; Por outra débense eliminar as prácticas comerciais que consisten en vender por debaixo dos custes de fabricación.

Por parte do Goberno galego existen responsabilidades relativas á mellora da competitividade das empresas galegas, accións que se poden levar a cabo desde o noso territorio, entre outras cousas, porque a Xunta ten competencias en política industrial. Porén é necesario crear un plan de dinamización económica para os produtos elaborados da pesca. Neste plan deben participar todos os axentes implicados, e xirará arredor de tres piares básicos, a innovación, a formación e o financiamento, nel teranse en conta as variables propias da situación xeográfica de Galicia porque dela derívanse temas tan importantes como a eficiencia loxística e o establecemento de alianzas estratéxicas.

En canto á innovación é preciso incrementar as dotacións dos incentivos económicos dirixidos ás empresas e aos centros de investigación e innovación e establecer programas específicos de fomento de I+D+i **privado** coordinado cos



centros públicos de investigación, para o desenvolvemento de tecnoloxías, que permitan as conexións necesarias á Internet.

É preciso continuar traballando na procura de valor engadido, no aumento da calidade dos produtos e na procura de posibles futuros nichos de mercado, así como nas propostas innovadoras de mercadotecnia.

Respecto á formación, hai que salientar, por unha banda a necesidade de desenvolver plans de formación para ocupados no sector da conserva, que permitan mellorar as capacidades dos cadros de persoal e incrementar a capacidade competitiva; e por outra, formar a persoas desempregadas para podermos contar con bolsas de persoal formado que se poida incorporar en calquera momento. Nesta liña non nos debemos de esquecer da importancia que ten a formación na FP-Dual, un eido fundamental que debe vincular a formación recibida polo alumnado ás demandas do sector da conserva.

Por último, en canto ao financiamento, débense desenvolver liñas de axuda ás empresas en dificultades, pero tamén financiar aqueles proxectos que lles permitan ser máis competitivos fronte ás empresas do exterior. Débense revisar as condicións das axudas das concesión, vinculándoas ás garantías de estabilidade das empresas, e impedindo a súa utilización para favorecer a marcha das empresas fóra de Galicia.

Un plan conxunto de tres piares, que reflicte as responsabilidades dun Goberno que é o que xestiona os fondos e recursos públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1. Incremente as dotacións nos diferentes programas de incentivos económicos aprobados, tanto para empresas como para centros de investigación e innovación, revisando as condicións de concesión e vinculándoas ás garantías de estabilidade das empresas, e impedindo a súa utilización para favorecer a marcha das empresas fóra de Galicia.
2. Colabore co sector na procura de valor engadido para aumentar a calidade dos produtos, buscar posibles nichos de mercado, e propostas innovadoras de mercadotecnia.



3. Desenvolva un programa de fomento do I+D+i privado coordinado cos centros públicos de investigación.
4. Desenvolva plans de formación para ocupados do sector que permitan mellorar as capacidades dos traballadores, e polo tanto a capacidade competitiva.
5. Desenvolva plans de formación para desempregados que permitan a existencia de bolsas de traballadores coa formación axeitada para o sector.
6. Desenvolva plans específicos de FP-Dual que permita vincular a formación recibida polos alumnos ás necesidades formativas do sector.
7. Desenvolva liñas de axuda ás empresas en dificultades e financiar aqueles proxectos que lles permitan ser máis competitivos fronte ás empresas do exterior.

Pazo do Parlamento, 22 de marzo se 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/03/2019 12:00:13

Patricia Otero Rodríguez na data 22/03/2019 12:00:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/03/2019 12:00:36



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As redes sociais nos últimos anos échense de retos virais. Un dos máis recentes é o *#trashtag challenge* que consiste en retirar lixo de áreas naturais, tales como praias, bosques ou parques. Basicamente, tómase unha foto antes e outra despois coas bolsas recollidas.

Na Costa de Morte levouse a cabo en varios areais, como en Camelle, Laxe ou Soesto. O lixo recollido correspóndese principalmente con dous tipos de residuos: por unha banda, os propios da actividade mariñeira, como cordas, cordeis, restos de aparello, cortiza; por outra, plásticos.

En canto aos primeiros, os residuos da actividade mariñeira, poden proceder das embarcacións, pero unha boa parte, proceden dos portos, nos que é frecuente ver este tipo de corda pequena, azul ou verde. Esta situación pon de manifesto a necesidade de incrementar a limpeza nos nosos portos, así como a dotación dun maior número de contedores, ou incluso valorar a necesidade de levar a cabo formación sobre a xestión de residuos.

Resulta preocupante tamén a chegada constante aos areais de plásticos de pequeno tamaño, algúns destes vense deteriorados o que significa que levan tempo no mar e incluso noutras praias. Outros plásticos están en perfecto estado e semellan proceder da perda de mercancía dalgún mercante.

En calquera caso, a chegada de lixo ás nosas praias e costas é constante. O voluntariado non é suficiente para recoller esta cantidade de residuos, co que cabe preguntarse se por parte do Goberno galego se vai levar a cabo algún tipo de actividade complementaria.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a incrementar a limpeza dos portos da Costa da Morte, mediante unha maior dotación de medios humanos e



materiais; así como levar a cabo unha campaña formativa sobre a xestión de residuos nos portos.

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/03/2019 13:07:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/03/2019 13:07:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/03/2019 13:07:26

María Luisa Pierres López na data 22/03/2019 13:07:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/03/2019 13:07:46





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao reinicio da actividade na canteira da Casalonga.

Temos coñecemento da reanudación da actividade dentro da explotación da concesión Casalonga II, número 6966, sita no Concello de Teo (A Coruña), que como titular orixinario dos dereitos mineiros de explotación figuraba a empresa Camilo Carballal S.L. A concesión desta explotación vén de ser adquirida pola empresa Grupo TOYSAL, e polo tanto os dereitos mineiros de aproveitamento.

Nos últimos días nos terreos da concesión hai actividade con maquinaria pesada realizando tarefas de limpeza, movemento e amoreado de terra e áridos.

Dada a preocupación social existente na contorna, para unha área de mercado uso residencial, preocupa que o que foi esta explotación mineira, acabe realmente converténdose nun depósito de residuos de diferente tipo de materiais, en base a pretensión de realizar o plan obrigatorio de restauración ambiental da canteira, para acabar sendo un vertedoiro cun elevado impacto ambiental, de salubridade e potencialmente contaminante para a acuíferos da contorna, coma ten sucedido noutros casos semellantes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta canteira atopase sen explotar e nun estado de inactividade e abandono dende hai anos. As condicións de planificación pola que se autorizou a súa explotación, incluída a avaliación ambiental, o plan de explotación e traballo, e o plan de restauración, xa nada tería que ver co momento actual na que se atopa o xacemento mineiro. Ademais de ter incumplido os prazos da restauración ambiental aprobada no seu día.

Dáse polo tanto un abandono consumado das condicións da canteira, feito propiciatorio, tras bastantes anos, dun proceso de recuperación natural e espontáneo do espazo. Especialmente na parte correspondente á fronte de explotación do monte, que agora posúe un grande oco totalmente inundado, sendo un espazo lacustre que experimentou unha recolonización natural de flora e fauna da zona con auga en circulación e osixenada.

A reanudación da actividade da canteira, implicaría unha complexa actuación de baleirado da auga, de importante impacto ambiental que podería ter consecuencias severas e críticas sobre á propia bacía ou rede hidrográfica á que pertence.

O sentido das restauración ambientais das explotacións mineiras é devolver ditos espazos a unha situación ambiental en coherencia coas características xeomorfolóxicas e naturais dos territorios nas que se atopan, procurando acadar un resultado que respecte a integridade do lugar, e non sendo isto posible pois aportando as mellores ou máis lóxicas solucións de recuperación.

Recórdase que ao abeiro do Real *Decreto* 975/2009, de 12 de xuño, sobre *xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras*, Artigo 7. “Revisión do plan de restauración”, este deberá revisarse cada cinco anos por parte da entidade explotadora e, no seu caso,



modificarse de producirse cambios substanciais que afecten ao previsto nel, incluídos cambios no uso final do solo unha vez rematado o aproveitamento e que as posibles modificacións notificaranse á autoridade competente para a súa autorización.

Apreciase que a efectos do deseño da restauración ambiental da canteira, conforme ao disposto no artigo 13, “*Medidas previstas para a rehabilitación do espazo natural afectado pola investigación e explotación de recursos mineiros*”, e dado que agora existe unha lagoa naturalizada, deberíase considerar coma a situación máis propicia de restauración, o facer valer a previsión normativa contida na letra b) deste artigo, dando por favorable a inundación do oco coma unha mellora ecolóxica xa existente, e en calquera planificación e autorización de restauración establecer tan só aquelas medidas para poder manter no tempo con garantías a protección desas augas e a súa biocenose.

Na outra parte da canteira, no treito inferior por debaixo da estrada, e en zonas do perímetro da lagoa, e tendo en conta a existencia de numerosos e suficientes depósitos propios de residuos mineiros, entullos e insumos desaproveitados da extracción, estes constituirían a mellor opción a efectos de ser usados na recuperación ambiental do espazo e do seu posterior revexetado, conforme ao disposto na letra a) do artigo 13. Existindo estes materiais na propia canteira, a posibilidade de autorizar un plan de restauración **a partir do recheo con residuos alleos non mineiros mediante a súa valorización** (lixo de diferente procedencia, neste caso inertes/construción), conforme á previsión do que dispón a letra c) do artigo 13, sería de dubidosa legalidade e entendemos que incumpriría outras disposicións normativas sectoriais. Concretamente vulneraríase o disposto no *Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición*, no seu artigo 13, sobre a posibilidade de “*Utilización de residuos inertes en obras de restauración, acondicionamento ou recheo*” en espazos ambientais degradados, como





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

operación de valorización, pois un dos requirimentos pra poder facelo, **o estipulado na letra c), non se cumpriría**, xa que **constátase *in situ* que existen residuos mineiros propios acumulados na canteira en cantidade suficiente coma para acometer un remodelado do perfil** e cotas de altura, para o seu posterior revexetación, **sen necesidade de ter que acudir a residuos de valorización de substitución.**

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“Instar á Xunta de Galiza a que, dadas as condicións actuais nas que se atopa a canteira da Casalonga, paralice a reanudación da actividade mineira ao terse producido un abandono consumado que derivou nunha restauración ambiental natural en boa parte dos terreos da canteira, en tanto que a reactivación da mesma vai ter un impacto ambiental en toda a bacía hidrográfica sobre a que está situada. Ademais de que a propia canteira acumula os materiais idóneos e suficientes para unha restauración que evitan a súa substitución con residuos de valorización alleos”

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/03/2019 13:54:15

María Montserrat Prado Cores na data 25/03/2019 13:54:22

Ana Pontón Mondelo na data 25/03/2019 13:54:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/03/2019 13:54:25

Olalla Rodil Fernández na data 25/03/2019 13:54:26

Noa Presas Bergantiños na data 25/03/2019 13:54:29



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Flora María Miranda Pena** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A preservación do dereito á saúde é fundamental para a dignidade, integridade global e a equidade entre galegos e galegas.

Para elo é preciso que o Sistema Sanitario conte cunha dotación de persoal de Enfermaría que poda prestar aos cidadáns e cidadás os coidados necesarios para garantir o mantemento e/ou a recuperación da saúde.

O noso sistema sanitario non conta actualmente cunha lexislación específica que regule a asignación dun número máximo de pacientes aos profesionais enfermeiros e enfermeiras nos centros sanitarios e socio-sanitarios. O criterio de dotación de persoal de enfermaría nos servizos de saúde atenden a diversos factores, asociados principalmente á necesidade de reducir o déficit público, máis alá do interese en mellorar a calidade e a seguridade na prestación de coidados e da asistencia sanitaria. Isto incidiu no aumento das desigualdades e nunha insuficiente partida orzamentaria asignada á sanidade, o que levou a un aumento exponencial das cargas de traballo que deben soportar os e as enfermeiras, ademais das outras e dos outros profesionais que integran o sistema sanitario.





Existen desigualdades en número de enfermeiras e enfermeiros dentro do propio servizo de saúde, o que pode xerar unha disparidade na prestación dos cuidados enfermeiros, provocando un trato desigual aos cidadáns e cidadás, en función do centro sanitario e do territorio onde sexan atendidos.

Actualmente, segundo os datos ofrecidos por organismos internacionais e sociedades científicas, atopámonos moi lonxe da media europea en canto á ratio enfermeira/paciente, xa que nos atopamos coa metade de profesionais enfermeiros e enfermeiras na prestación da asistencia sanitaria no noso país. En concreto, segundo datos da OCDE, contamos con 5,3 enfermeiras/os por cada 1.000 habitantes, fronte á media dos países do noso entorno que contan con 8,8 enfermeiras/os e moi lonxe de países como Dinamarca, Finlandia ou Alemaña con 16,9, 14,7 e 13,3 enfermeiras respectivamente por cada 1.000 habitantes.

Estas cifras indican o déficit de profesionais da enfermaría que presenta o noso sistema sanitario e sociosanitario. E, ademais, debido á conxuntura económica sinalada, os sistemas de provisión das plantillas víronse en boa medida paralizados, polo que se agravaron os déficits de profesionais da enfermaría dado a que nin tan sequera se substitúen na súa totalidade as baixas laborais nin as vacantes xeradas por xubilacións ou outras causas.

A isto hai que engadirlle os altos índices de temporalidade que precarizan a actividade laboral e asistencial que prestan as enfermeiras e enfermeiros, e que os servizos de saúde en xeral contan cunha plantilla cada vez máis avellentada. Todo elo contribuíu ao empeoramento das condicións de traballo que sofren todos os e as profesionais e a unhas altísimas taxas de estrés e burnout acreditadas.

Estas baixas ratios supón un risco directo sobre a vida dos cidadáns, aumentando a forma clara, segundo as evidencias dispoñibles, a súa mortalidade e a súa





morbilidade , e incrementando o custe sanitario polo aumento das estancias hospitalarias e o consumo de outros recursos.

Se a todo isto lle sumamos a necesidade de dar una resposta ao avellentamento progresivo da poboación e ao aumento da cronicidade de numerosas patoloxías, faise aínda máis necesario dotar ao sistema sanitario e socio sanitario dun número de profesionais enfermeiras suficiente coa finalidade de garantir a calidade dos coidados, a seguridade dos e das cidadáns e a sostenibilidade do propio sistema sanitario e socio sanitario.

Neste sentido é preciso recordar que as enfermeiras e enfermeiros teñen un papel fundamental na prevención e na promoción da saúde o que incide directamente na diminución das complicacións que poidan presentar as diversas patoloxías, aportando benestar aos cidadáns e diminuíndo notablemente o gasto sanitario a medio e longo prazo.

A dotación axeitada no número de enfermeiras e enfermeiros que presten a súa asistencia no conxunto do sistema sanitario non se debe considerar simplemente como un gasto, senón, polo contrario, supón una inversión na saúde dos cidadáns e na calidade da atención que reciben, así como unha maior garantía de seguridade para os pacientes, sen prexuízo da incidencia positiva que tamén ten sobre as condicións de traballo.

Este investimento que o sistema sanitario e sociosanitario debe realizar, adecuando o número de profesionais enfermeiras para dar garantía da atención en coidados de calidade aos cidadáns, leva aparelado un aforro económico para o propio sistema, xa que se verían reducidos os efectos adversos, reingresos e estancias hospitalarias, que supón un custe aínda maior que o investimento realizado na mellora da dotación de profesionais de enfermaría.





O contar cun número de efectivos suficiente suporía ver diminuída a sobrecarga asistencial das e dos enfermeiros, reducindo a posibilidade de cometer erros na atención que prestan, aumentando a calidade asistencial, mellorando os tempos de atención e o trato humano. Dando deste xeito cumprimento ao obxectivo fundamental da mellora da calidade de vida da poboación, garantindo a axeitada protección dos pacientes e a atención ás necesidades actuais dos cidadáns.

Ante o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que inste o Goberno do Estado a:

- 1.- Impulsar a aprobación nas Cortes Xerais dunha lei que determine o número máximo de pacientes asignados a cada enfermeira ou enfermeiro, en cada nivel de atención hospitalaria e centro de atención primaria, asegurando deste xeito que serán tratados cos mesmos niveis de coidados independentemente do lugar onde residan.
- 2.- Establecer unha dotación axeitada de enfermeiras/os que poidan garantir unha atención segura á poboación con igualdade e equidade, mellorando así a cohesión territorial en materia sanitaria e socio sanitaria.
- 3.- Garantir, a través do establecemento do número máximo de pacientes por enfermeira/o que as profesionais enfermeiras poidan traballar cunha carga laboral axeitada, o que repercutirá positivamente na saúde e seguridade no traballo e asegurará unha atención segura na prestación dos seus coidados.





4.- Asegurar a través do establecemento destas ratios, a sostibilidade do sistema sanitario, ao dotalo do número suficiente de enfermeiras e enfermeiros como investimento prioritario xerador de importantes retornos económicos, sociais e de saúde da poboación.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 26/03/2019 11:52:52

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 11:53:04



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a amortización de prazas de AAMM.

Exposición de motivos:

Dende En Marea, vimos de denunciar que desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e dende Medio Rural, se realizou unha proposta de amortización de postos de traballo nas que se inclúen 4 prazas de axente que afectarán aos distritos: V- Fisterra, VI -Mariña Lugo, XIII- Valdeorras-Trives e XIX-Caldas-O Salnés. Pola contra estas prazas servirán para a creación de 4 prazas no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Nalgúns destes distritos como a Mariña os axentes ademais son os encargados da vixilancia da praia das Catedrais en Lugo, con motivo da máxima afluencia de visitantes permitida, nos períodos vacacionais (Semana Santa, verán). No caso do XIII, Valdeorras-Trives, ademais da súa complexidade pola extensión e a orografía, producíronse nos últimos días incendios devastadores en Laza, Lobeira, Chandrexa de Queixa, A Mezquita, Viana do Bolo, O Carballiño, A Gudiña, Viana do Bolo, Manzaneda, Cualedro e Padrenda, A Teixeira, Viana y Verín e Manzaneda, todos entre os distritos XII, XIII, XIV e XV.

Entre os traballos que realizan os axentes están a protección, vixilancia e control da superficie dentro da Rede Natura e dos espazos naturais protexidos, control,





vixilancia e supervisión dos tecores de Caza, zonas libres de caza, zonas de exclusión, refuxios de fauna, tamén a vixilancia dos coutos de pesca, tramos libres de pesca sen morte, vedados, zonas de desove, encoros, realizan inventarios e censos de especies cinexéticas e piscícolas, encárganse da protección de especies protexidas (píllara, aguiá real...), inspeccionan os danos producidos pola fauna salvaxe (xabaril, lobo, córvidos, corzos), fan informes, actas, e denuncias; así como a vixilancia constante diúrna e nocturna contra o furtivismo de caza e pesca, o control do uso público de montes e ríos, xestión e trampeo de especies invasoras, recollida e transporte de fauna ferida ou en certos casos morta (lobos), xestións de cortas ripícolas na zona de servidume de augas, e xestións de aproveitamentos e obras (cortas, rozas..) en zonas protexidas entre outras.

Non só non se deben amortizar esas 4 prazas, senón que se deberían ampliar os efectivos nestas zonas.

A asociación profesional ve nesta unha decisión unilateral da Consellería, que non se consultou ao persoal afectado: as axentes forestais e axentes facultativos medioambientais que traballan nestes distritos.

É vital conservar as actuais prazas de Axentes Forestais e Medioambientais que existen en toda Galicia, xa que este servizo actualmente é deficitario pola carga de traballo que este colectivo ten que realizar a diario.

É fundamental que se creen novas prazas para a realización do traballo por parellas, que implique unha mellora na seguridade, na eficacia e na calidade do desenvolvemento das tarefas tanto de carácter administrativo como as de carácter policial.

Denuncia tamén esta asociación APRAFOGA que mentres que na Consellería de Medio Rural se cobren con persoal interino todas as prazas tanto vacantes como non vacantes das que dispoñen na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e





Vivenda, non se convocan procesos de oposición para cubrir as actuais prazas vacantes e tampouco se cobren as mesmas con persoal interino.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Convocar oposicións en número suficiente para que todos os distritos teñan efectivos suficientes para a realización por parellas en cada quenda.
- 2.- Cubrir as prazas vacantes con persoal interino, mentres non saian a oposición.
- 3.- Crear como mínimo 4 prazas de axente forestal e axente facultativo medioambiental no Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- 4.- Retirar a amortización de 4 prazas por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- 5.- Incluír a necesidade de aumento de prazas e non amortización das mesmas na reunión solicitada con data do 26-02-2019 e pendente de convocatoria por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados e voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 26/03/2019 13:15:21

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 13:15:29

Antón Sánchez García na data 26/03/2019 13:15:37

Marcos Cal Ogando na data 26/03/2019 13:15:46



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Antón Sánchez García**, e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a amortización de prazas de axentes medioambientais e forestais no distrito VI.

Exposición de motivos:

A Asociación Profesional de Axentes Forestais e Medioambientais de Galicia denuncia que desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, se realizou unha proposta de amortización de postos de traballo nas que se inclúen 4 prazas de axente que afectarán aos distritos: V- Fisterra, VI -Mariña Lugo, XIII-Valdeorras-Trives e XIX-Caldas-O Salnés. Pola contra estas prazas servirán para a creación de 4 prazas no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Entre os traballos que realizan os axentes forestais e axentes facultativos medioambientais están a protección, vixilancia e control da superficie dentro da Rede Natura e dos espazos naturais protexidos, control, vixilancia e supervisión dos tecores de Caza, zonas libres de caza, zonas de exclusión, refuxios de fauna, tamén a vixilancia dos coutos de pesca, tramos libres de pesca sen morte, vedados, zonas de desove, encoros, realizan inventarios e censos de especies cinxéticas e piscícolas, encárganse da protección de especies protexidas (píllara, agüia real...), inspeccionan os danos producidos pola fauna salvaxe (xabaril, lobo, córvidos, corzos), fan informes, actas, e denuncias; así como as vixilancia constante diúrna e nocturna contra o furtivismo de caza e pesca, o control do uso público de montes e ríos, xestión e trampeo de especies invasoras, recollida e transporte de fauna ferida ou en certos casos morta (lobos), xestións de cortas





ripícolas na zona de servidume de augas ,e xestións de aproveitamentos e obras (cortas, rozas..) en zonas protexidas entre outras.

Ademais, no distrito VI da Mariña lucense, esta praza que se amortiza ten especial repercusión xa que estamos a falar dun distrito que contén varios ríos nos que abunda o salmón, como son o Ouro, o Masma, o Landro, o Eo, de especial complexidade e vixilancia xa que é a divisoria entre Galicia e Asturias e o reo nos ríos Landro, Loureiro e no Sor, as Zonas de Especial Conservación como son a Serra do Xistral, a praia das Catedrais e río Eo que ofrece especiais complexidades na xestión de tempada de pesca desde o 1 de maio ao 31 de xullo.

Neste distrito prodúcese arredor do 50% dos danos canis lupus ou lobo da provincia de Lugo, non contando cun plan de xestión actualizado de xestión desta especie.

Durante a Semana Santa e o verán, teñen que ir todos os días a patrullar ás catedrais durante as visitas, co cal o resto das funcións queda coxa.

Por iso se fai necesario dotar de efectivos persoais a este distrito e non recortar unha praza.

É vital conservar as actuais prazas de Axentes Forestais e Medioambientais que existen neste Distrito VI e en toda Galicia, xa que este servizo actualmente é deficitario pola carga de traballo que este colectivo ten que realizar a diario.

É fundamental que se creen novas prazas para a realización do traballo por parellas, que implique unha mellora na seguridade, na eficacia e na calidade do desenvolvemento das tarefas tanto de carácter administrativo como as de carácter policial.

Denuncia tamén esta asociación APRAFOGA que mentres que na Consellería de Medio Rural se cobren con persoal interino todas as prazas tanto vacantes como non vacantes das que dispoñen na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e





Vivenda, non se convocan procesos de oposición para cubrir as actuais prazas vacantes e tampouco se cobren as mesmas con persoal interino.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a

- 1.- Retirar a amortización da praza do Distrito VI na Mariña lucense.
- 2.- Ampliar o cadro de persoal de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais que atende o distrito, mediante a cobertura con persoal interino
- 3.- Convocar oposicións en Galicia, a axentes forestais e axentes facultativos medioambientais en número suficiente para que todos os distritos teñan efectivos suficientes para a realización por parellas en cada quenda.
- 4.- Incluír a necesidade de aumento de prazas e non amortización das mesmas na reunión solicitada con data do 26-02-2019 e pendente de convocatoria por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Antón Sánchez García

Paula Vázquez Verao

Deputados, deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 26/03/2019 13:32:11

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 13:32:20

Antón Sánchez García na data 26/03/2019 13:32:26

Paula Vázquez Verao na data 26/03/2019 13:32:33



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a amortización de prazas de axentes medioambientais e forestais no distrito XIII.

Exposición de motivos:

Dende En Marea, denunciámos que desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, se realizou unha proposta de amortización de postos de traballo nas que se inclúen 4 prazas de axente que afectarán aos distritos: V-Fisterra, VI -Mariña Lugo, XIII- Valdeorras-Trives e XIX-Caldas-O Salnés. Pola contra estas prazas servirán para a creación de 4 prazas no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

No caso do XIII, Valdeorras-Trives, ademais da súa complexidade pola extensión e a orografía, producíronse nos últimos días incendios devastadores en Laza, Lobeira, Chandrexa de Queixa, A Mezquita, Viana do Bolo, O Carballiño, A Gudiña, Viana do Bolo, Manzaneda, Cualedro e Padrenda, A Teixeira, Viana y Verín e Manzaneda, todos entre os distritos XII, XIII, XIV e XV.

Entre os traballos que realizan os axentes están a protección, vixilancia e control da superficie dentro da Rede Natura e dos espazos naturais protexidos, control, vixilancia e supervisión dos tecores de Caza, zonas libres de caza, zonas de exclusión, refuxios de fauna, tamén a vixilancia dos coutos de pesca, tramos libres de pesca sen morte, vedados, zonas de desove, encoros, realizan inventarios e censos de especies cinexéticas e piscícolas, encárganse da protección de especies protexidas (píllara, aguiá real...), inspeccionan os danos producidos pola fauna salvaxe (xabaril, lobo, córvidos, corzos), fan informes,





actas, e denuncias; así como as vixilancia constante diúrna e nocturna contra o furtivismo de caza e pesca, o control do uso público de montes e ríos, xestión e trampeo de especies invasoras, recollida e transporte de fauna ferida ou en certos casos morta (lobos), xestións de cortas ripícolas na zona de servidume de augas ,e xestións de aproveitamentos e obras (cortas, rozas..) en zonas protexidas entre outras.

Na zona de Valdeorras - Trives ou distrito XIII na comarca de Valdeorras é caótica xa que na actualidade só hai 3 prazas de axentes das cales unha está sen ocupar que é a que se vai amortizar. Das outras dúas un axente (zonal) ten que atender en solitario o parque da Enciña da Lastra e outro ten que facer servizo, tamén en solitario no período ordinario, coa mingua na seguridade deste persoal.

A ampliación das prazas é algo fundamental, e non se debería estar a falar de amortización de prazas, e menos de xeito unilateral sen terse reunido coas persoas afectadas primeiro.

É vital conservar as actuais prazas de Axentes Forestais e Medioambientais que existen en toda Galicia e nomeadamente neste distrito que pola súa amplitude e pola carga de traballo que se ten que realizar a diario.

É fundamental que se creen novas prazas para a realización do traballo por parellas, que implique unha mellora na seguridade, na eficacia e na calidade do desenvolvemento das tarefas tanto de carácter administrativo como as de carácter policial.

Denuncia tamén esta asociación APRAFOGA que mentres que na Consellería de Medio Rural se cobren con persoal interino todas as prazas tanto vacantes como non vacantes das que dispoñen na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, non se convocan procesos de oposición para cubrir as actuais prazas vacantes e tampouco se cobren as mesmas con persoal interino.





Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de EN Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a

- 1.- Retirar a amortización da praza do Distrito XIII Valdeorras-Trives.
- 2.- Ampliar o cadro de persoal de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais que atende o distrito XIII, mediante a cobertura con persoal interino.
- 3.- Convocar oposicións en Galicia, a axentes forestais e axentes facultativos medioambientais en número suficiente para que todos os distritos teñan efectivos suficientes para a realización por parellas en cada quenda.
- 4.- Incluír a necesidade de aumento de prazas e non amortización das mesmas na reunión solicitada con data do 26-02-2019 e pendente de convocatoria por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 26/03/2019 13:44:35





Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 13:44:44

Antón Sánchez García na data 26/03/2019 13:44:53

Marcos Cal Ogando na data 26/03/2019 13:44:59



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Laza tiña 1.287 habitantes en 2018, dos cales o 46,5% tiña máis de 65 anos, cun índice de envellecemento de 705,59, un dos máis elevados do País.

Segundo as rateos recomendadas pola OMS, a poboación do Concello de Laza debería ter dispoñibles 30 prazas de residencia de maiores.

O Concello de Laza non conta con centro de residencia de maiores nin con centro de día.

Segundo a Xunta, a 28 de decembro de 2018, en Laza había unha persoa en lista de agarda para recurso de Centro de Día.

A cidadanía de Laza demanda máis recursos de atención a persoas maiores e, concretamente, prazas públicas en residencias de maiores.

Nos concellos da contorna, da comarca de Verín, tamén hai un déficit de prazas en residencias e centros de día de carácter público.





Non hai residencia en Castrelo do Val.

En Cualedro hai unha minirresidencia municipal de 23 prazas, con ningunha financiada pola Xunta, e un centro de día municipal.

En Monterrei hai un fogar residencial, con 24 prazas, privadas, e unha vivenda comunitaria con 12 prazas, ningunha financiada. Segundo a Xunta hai unha persoa en lista de agarda para centro de día.

En Oímbra hai un centro de día do Consorcio, con 21 prazas.

En Riós hai unha residencia privada de 40 prazas, ningunha financiada.

En Verín hai unha residencia privada con 150 prazas, ningunha financiada. Segundo a Xunta hai dúas persoas en lista de agarda para centro de día.

En Vilardevós hai unha residencia do Consorcio de 24 prazas e un centro de día tamén público con 40 prazas, así como un centro de día con 12 prazas.

En conxunto, na comarca de Verín, entre públicas e privadas, hai 284 prazas, cando, segundo a OMS, tendo en conta que na comarca hai 8.619 persoas maiores de 65 anos, debería haber 431.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:





1. Aumentar o número de prazas públicas na comarca de Verín ata acadar a rateo recomendada pola OMS antes de 2022.
2. Impulsar unha residencia de maiores pública no Concello de Laza.
3. Aumentar o número de prazas públicas en centros de día na comarca de Verín.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 26/03/2019 16:24:44

David Rodríguez Estévez na data 26/03/2019 16:24:51

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 16:24:59



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **EN MAREA**, a través dos seus deputados Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Paula Quinteiro Araújo e Paula Vázquez Verao, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A vaga de lumes non ten paradioiro en Galicia. En Marea xa alertaba da desestacionalidade e do cambio climático que afecta a nosa comunidade de xeito incisivo, que este ano no mes de febreiro converteu a nosa comunidade nunha das comunidades máis secas, e o mes de febreiro como un dos máis cálidos, convertendo o noso país na nova “Galifornia”.

Despois da vaga de lumes do ano 2017 no mes de outono, no que faleceron 4 persoas, o Presidente da Xunta anunciou un paquete de 30 medidas, un “*acordo forestal que iría do ámbito da prevención ata o da extinción e persecución do terrorismo incendiario*” entre as que se atopaban algunhas que eran de obrigado cumprimento por estar previstas xa nas leis. Boa parte das medidas xa estaban recollidas na lexislación, aínda que se incumprían sistematicamente, só 5 das medidas eran novas.

A Fiscalía Superior de Galicia determinou que non existira tal trama criminal detrás dos lumes, nos que arderon máis de 49.000 hectáreas entre os días 8 e 15 de outubro do ano 2017.

A primeira revisión do plan forestal contiña entre outras medidas:





- a planificación rexional de prevención, defensa e extinción contra os incendios forestais e establecer os medios, actuacións, criterios técnicos e as directrices de traballo para a correcta prevención e defensa contra incendios forestais pola administración;
- a aplicación da silvicultura e traballos preventivos;
- revisión do plan específico de defensa ou PLADIGA,
- plans de prevención e defensa contra os incendios forestais nos distritos, e nas parroquias de alta actividade incendiaria, nos que se realizan traballos preventivos: devasas, vías de acceso e puntos de auga polas persoas titulares do monte en convenio coa Administración);
- establecemento de redes de faixa de biomasa;
- establecemento de sistemas de videovixilancia a través de cámaras nos montes.

Este ano leva ardido en 3 meses o que ardeu todo o ano pasado.

As 30 medidas da Xunta amosaron a ineficacia e o incumprimento unha vez máis, e que nos deixan á vontade do tempo na loita contra os lumes. Non hai unha análise clara das causas dos incendios e non hai un proxecto para afrontar os problemas, nin unha predición dos resultados e o seu prazo de efecto, e así non se traballa na prevención, senón na extinción e control.

A desertización, o cambio climático, o aumento das temperaturas e uns climas cada vez máis extremos con temperaturas moi altas para a época do ano na que estamos, non fan máis que agravar a produción de lumes e os seus efectos, que derivan en Arson ou grandes lumes, imposibles de controlar pola magnitude que acadan e que teñen na biomasa caldo de cultivo e nos eucaliptos os seus grandes aliados para propagarse con rapidez e virulencia, afectando cada vez a un terreo máis extenso.





Esta noite producíronse varios incendios como o que asolou unha vivenda no Barco de Valdeorras; o de San Xoán de Laíño, concello de Dodro, castigado na vaga de incendios do 2017, que obrigaba a cortar a estrada comarcal AC-305 e que arrasou xa 800 hectáreas, un lume que xa afecta a Rianxo, ademais de provocar cortes na autovía do Barbanza entre os quilómetros 10 e 17 desde as 10,00 horas desta mañá.

Outros incendios afectaban a Argalo, en Noia, no que arderon 20 hectáreas; o incendio en Lousame, que afecta a máis de 40 hectáreas; en Ribeira que afectou ao casco urbano e nas Pontes, onde xa arderon máis de 20 hectáreas.

Onte, outros incendios no concello lucense de Muras queimaban 83 hectáreas e dous en Ourense, en Chandrexa de Queixa e Vilariño de Conso, arrasaban cada un con 25 hectáreas.

Onte ardían máis de 75 hectáreas na provincia de Ourense, así en Padrenda 21 hectáreas, un lume que empezara o sábado as 19.20 da tarde, en Chandrexa de Queixa no que arderon 25 hectáreas e outras tantas en Lobeira, no parque natural do Xurés.

Ás condicións medioambientais hai que engadir un vento que dificulta as tarefas das brigadas e do persoal contralumes.

A Xunta que sempre vai a golpe do que pasa deixou en suspenso os permisos concedidos para queimas e prohibiu o uso do lume para calquera actividade agrícola e forestal.

Por todo o exposto, o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no pleno.





O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1 - Dedicar o mesmo orzamento que se dedica á Unidade Militar de Emerxencias na defensa, prevención e extinción de incendios forestais (83.500.000 euros, segundo os PGE) na contratación de recursos persoais e materiais en prevención contra incendios, que traballarán todo o ano no ámbito da prevención extinción de incendios.

2.- Mobilizar todos os efectivos na loita contra incendios.

3.- Revisar e establecer os períodos de alto, baixo e medio risco de incendio, adaptados a cada ano.

4.- Ampliar o número de dotacións e unidades dedicadas á prevención e extinción de incendios.

5.- Incrementar a duración a 12 meses da prestación do servizo das persoas traballadoras contratadas como fixas discontinuas.

6.- Substituír ao persoal traballador fixo do operativo contra incendios nos casos de IT e nos períodos vacacionais, para dar servizo as 24 horas en quendas de traballo e a cobertura de todos os distritos que non obriguen ao desprazamento e que obrigan a mobilizarse aos dispositivos deixando sen cobertura a outras zonas.

7.- Reforzar e executar o mando único operativo e real de todas as emerxencias de Galicia, garantindo a coordinación de todos os corpos.

8.- Aprobar un Protocolo de Coordinación dos dispositivos de prevención e extinción de Incendios

- co resto dos organismos, estruturas e recursos
- entre os diferentes dispositivos que actúan na extinción de incendios.
- perfectamente habilitado para intervir en Portugal e viceversa,





- protocolos de actuación para os lumes de interface, onde mínimo actúan bombeiros urbanos e forestais.

9.- Ofrecer unha formación continua, regulada, estándar e de calidade a todo o persoal e dispositivos que traballan na prevención e extinción de incendios, coa formación práctica a través de probas e simulacros de coordinación entre os diferentes dispositivos intervincentes na extinción de incendios.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araújo

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputadas, deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 26/03/2019 18:02:41

Antón Sánchez García na data 26/03/2019 18:02:50



Paula Quinteiro Araújo na data 26/03/2019 18:02:57

Paula Vázquez Verao na data 26/03/2019 18:03:03

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 18:03:06



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa dos seu deputado **Davide Rodríguez Estévez, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García** e a través do voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa o estado da estrada OU-636, entre a Pobra de Trives e Freixido, da cal é titular a Xunta de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As estradas representan o eixe central do desenvolvemento dos pobos e das súas comunidades.

A seguridade viaria, ten que deixarnos a todas exentas de perigo, dano ou risco, e a Xunta de Galicia ten a responsabilidade nestas estradas de previrmos dos accidentes de tráfico co obxectivo de protexer a vida das persoas.

A estrada é o único medio de comunicación que está presente en todos os lugares e poboacións, polo que ordena a totalidade do territorio. As estradas ofrecen unha función social adicional básica no funcionamento do país, en tanto soporte do transporte colectivo por autobús e demais servizos de transporte público, como o transporte individual.

A seguridade viaria ten que estar ben regulada por sinais de tránsito tanto horizontais como verticais, redución de velocidade ou bo firme para así poder evitar accidentes.





Requírense redes de estradas ordenadas e en boas condicións capaces de chegar a todos os lugares, tanto importantes como non tan importantes, a fin de percibir un amplo desenvolvemento viario servindo como temón que impulse cara a unha mellor calidade de vida.

As estradas bríndannos unha oportunidade de traballo para moitas persoas. Para o turismo, o comercio e a industria, o éxito dos seus pequenos e grandes negocios como paradores, depende da distribución dos seus produtos na estrada e da proximidade do consumidor que pode chegar directo ata a súa actividade por estrada.

En síntese, unha estrada é sinónimo de igualdade social debido a que a mesma pode ser usada por todas as clases sociais; é un medio de comunicación que une localidades distantes e reúne familias, amigos, promove o turismo interno dun país, xera impactos sociais positivos creando fontes de empregos polo que contribúe co desenvolvemento económico de comunidades e do país en sentido xeral, entre moitos outros beneficios mencionados anteriormente.

A estrada OU-636 entre a Pobra de Trives e Freixido, da cal é titular a Xunta de Galicia, ten unha distancia de 21´5 km nun trazado de curvas continuas pero que fai uns meses deixaba a opción o adiantamento entre vehículos en rectas con total seguridade para os usuarios da mesma.

Dende fai dous meses, con un pintado novo desta estrada, que fixo a Consellería de Infraestruturas, esta realidade mudou, quitando esas zonas de adiantamento e substituíndo estas por liñas continuas, o que fai que, dende Freixido a Pobra de Trives, atopamos a primeira zona para adiantar ós 12 km, e en total, estas zonas de adiantamento na totalidade do trazado son 3, o que fai, sumado a dificultade da estrada, que se fagan colas de ata 30 coches detrás dun vehículo pesado e con traxectos de máis de 40 min.





Por todos estes feitos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incluír na obra de mellora do trazado e o deseño da estrada que a Xunta de Galicia ten para esta, o repintado da mesma para que quede na mesma situación que se atopaba antigamente.

Santiago de Compostela, a 26 de marzo de 2019

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 26/03/2019 18:25:33

Antón Sánchez García na data 26/03/2019 18:25:42





Marcos Cal Ogando na data 26/03/2019 18:25:48

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 18:25:55



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente (Iidma) publicou un informe no que estima “os impactos sobre a saúde derivados das emisións contaminantes á atmosfera procedentes das centrais térmicas de carbón españolas no ano 2014 [último con datos públicos completos acerca das emisións], así como os seus costes sanitarios asociados”.

O estudo divídese en dúas partes. A primeira, simula a dispersión dos contaminantes empregando un modelo matemático; e a segunda completa a simulación con datos demográficos e epidemiolóxicos e cuantifica os efectos de ditas emisión sobre a saúde humana a nivel provincial, autonómico e nacional.

Os resultados de Galicia son preocupantes.

Galicia é a segunda comunidade con maior incidencia de mortes prematuras pola contaminación de centrais térmicas de carbón, só por detrás de Asturias. Na comunidade veciña, morren prematuramente 8,37 persoas por cada 100.000; na nosa terra, morren 3,48 por cada 100.000.





Se isto acontece é porque a Xunta de Galicia nunca se tomou en serio a necesidade de reducir as emisións contaminantes. Agora, o Plan Estratéxico para Galicia tenta maquillalo procurando unha redución dos gases do 20% para 2020, pero non atendendo ao ano que se toma como referencia internacionalmente, que é 1990, senón 2005, un dos anos con maiores emisións. Non se trata, por suposto, dun capricho, senón dunha torpe estratagemata para disimular a súa incompetencia en materia medioambiental. En comparación con 1990, a diminución das emisións proxectada polo Goberno de Núñez Feijóo para 2020 é só do 2%, un cifra moito menos espectacular que o 20% do que falan os populares, pero que ofrece un mellor panorama da situación.

En resumo, a Xunta do Partido Popular pretende seguir ignorando a urxencia medioambiental provocada pola contaminación, así como os seus efectos prexudiciais na saúde.

Na nosa opinión, isto é inaceptable, polo que cómpre adoptar medidas que permitan revertir o actual modelo enerxético do país. Neste senso, o lidma propón:

- Iniciar a descarbonización do modelo enerxético, propondo medidas de transición que aseguren o emprego ás persoas afectadas.
- Coordinar ao Goberno do Estado e ás autoridades autonómicas e locais para tomar medidas urxentes que permitan reducir os niveis de contaminación atmosférica cumprindo coas directrices establecidas pola OMS.
- Obrigar ás empresas enerxéticas a internalizar os custes externos asociados ao impacto negativo que provocan na saúde e no medio ambiente.





- Investir máis en enerxías renovables co obxecto de incrementar a produción de electricidade a partir desas fontes.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan específico, para presentarlle ao Goberno do Estado e aos concellos, co fin de coordinar as accións precisas dando resposta de maneira urxente ás demandas expresadas polo Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente no seu informe.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 26/03/2019 19:09:34

Antón Sánchez García na data 26/03/2019 19:09:44



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza do barrio da Ponte, en Chantada, así como a Asociación de Empresarios de Chantada e outros colectivos, denuncian a excesiva presión de tránsito de vehículos por unha zona estreita.

Deste xeito, propúxose que se realizase unha nova ponte para cruzar o río, e así poder peonalizar o barrio, pois, na actualidade, só se pode circular pola Estrada da Ponte, que continúa na LU-P-1801 e que, a pesar do seu pequeno tamaño, é de dobre sentido. Esta vía é a conexión das parroquias do Convento e Camporramiro con Chantada, alén de ser o acceso principal á vila de oito freguesías e de ter un acceso á N-540, converténdose nun dos principais puntos de conxestión do tráfico do Concello.

Ademais do tránsito e deambular a pé propio da veciñanza da zona, súmase o movemento propio de turistas, nomeadamente de peregrinas e peregrinos, ao pasar polo lugar o Camiño de Inverno. Trátase tamén dunha zona de relevancia para Chantada, como é a alameda, e para visitar a igrexa e o mosteiro de San Salvador de Asma, recentemente declarados Bens de Interese Cultural.

Para superar esta problemática, a maioría da veciñanza solicita a construción dunha nova ponte dende o Convento ata Chantada onde se atopa o transformador





de Fenosa. Deste xeito, melloraríase o atractivo do conxunto do barrio, ademais de facilitar o goce para a cidadanía do seu patrimonio histórico e cultural. A súa edificación eliminaría os atascos que se producen en determinadas horas; asemade, melloraríase a seguridade viaria en toda a zona.

A veciñanza afectada reuniuse coa Deputación de Lugo para trasladar a oposición a un proxecto de regulación do tránsito mediante semáforos, ao cal tamén fixera alegacións e sobre o que enviaran queixa á Valeduría do Pobo. Tras esta xuntanza, a Deputación freou o seu plan e deu a razón aos colectivos prexudicados, sinalando que se precisaría a colaboración do Concello e autorización da Confederación Hidrográfica.

Tanto a protección do Patrimonio como a promoción turística ou as obras públicas son competencias da Xunta de Galicia.

No PXOU de Chantada xa se contempla a construción dunha nova ponte sobre o Asma.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Poñerse en contacto coa veciñanza dos barrios da Ponte e do Convento para coñecer as súas reivindicacións.
2. Colaborar coa Deputación de Lugo e o Concello de Chantada para a construción dunha nova ponte para o tránsito sobre o Asma.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2019.





Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/03/2019 10:06:33

Luis Villares Naveira na data 27/03/2019 10:06:41



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A extracción de mexilla, debido á súa localización e á convivencia de traballadores do mar dedicados a especies distintas como percebeiros ou como bateiros dedicados ao mexillón, produce interpretacións distintas das situacións e a normativa. Esta posible conflitividade sería facilmente resoluble se a Consellería do Mar tivera por hábito mediar e resolver as cuestións a través do diálogo, a normativización consensuada e o esforzo por fomentar os acordos e non os enfrontamentos, como habitualmente fai.

As situacións de lexítimo conflito de posicións e intereses de colectivos distintos precisa dunha administración resolutiva, que non alimente os enfrontamentos con interese de debilitar ao sector para poder operar con maior poder, e que clarifique as normativas. Son precisamente as normativas as que deben resolver os problemas, e en función delas a Consellería do Mar ten estado ausente das interpretacións que se poden derivar.

A importancia fundamental do sector do mar precisa dunha consellería proactiva tanto na solución de tensións como, aínda mellor, na evitación do seu xurdimento. Existen en torno a 3.400 bateas en Galicia (das que máis de dous terzos están na ría de Arousa, o que evidencia o impacto que ten o sector en determinadas zonas de Galicia). É imprescindible traballar arreo en favor da produtividade do sector, e non poñer dificultades.

Froito destes escenarios de posibles tensións, pequenas e localizadas pero existentes entre colectivos, que se producen sobre a fonte de ingresos de moitos traballadores do mar, a Xunta de Galicia tense eximido dos problemas. Apenas ten habido resposta as cuestións que os grupos parlamentarios formulan no Parlamento de Galicia, ou ás demandas que as confrarías realizan sobre a propia administración.

Froito desta situación en canto á extracción de mexilla, sería necesario contar cunha Xunta de Galicia máis activa na procura do consenso.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir a normativa existente no que corresponde á extracción de mexilla, e fomentar os escenarios de diálogo co sector que promovan os acordos e consensos sobre ditas normativas entre os colectivos que defenden os seus intereses.

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/03/2019 18:02:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/03/2019 18:02:28



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Datainvox, ferramenta ligada ao Ministerio de Industria e que ten como obxectivo o rexistro de datos de investimentos exteriores, vén de publicar o investimento exterior en España e nas diferentes CCAA para o conxunto do ano 2018.

Os datos amosados concretamente para Galicia son profundamente preocupantes. Así durante o período indicado, Galicia recibiu uns fluxos de capital estranxeiro que acadaron 65,45 millóns de euros dun total de 46.827 millóns que recibiu o conxunto de España. Este nivel de investimento equivale a dicir que o territorio galego foi destino soamente do 0,13% do investimento estranxeiro recibido no conxunto do país, unha porcentaxe totalmente insignificante tendo en conta que Galicia representa aproximadamente o 5,2% do PIB español.

Ante estes datos tan alarmantes, o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:





O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo unha estratexia de captación de investimento exterior que teña por obxectivo a captación anual por Galicia do 1% do investimento total recibido por España.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 28/03/2019 11:28:38

Julia Torregrosa Sañudo na data 28/03/2019 11:28:48

Luis Villares Naveira na data 28/03/2019 11:28:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de consolidación e intervención arredor da torre medieval de Sande no concello de Cartelle para a súa boa conservación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Cartelle, na parroquia de Sande, atópase a coñecida como fortaleza ou torre de Sande, unha xoia medieval da nosa historia que se levanta sobre unha superficie rochosa erguéndose a máis de 500 metros de altura.

Esta estrutura constitúe un dos vestixios de arquitectura de funcionalidade militar existentes na comarca, o que salienta a importancia desta na Idade Media. Así mesmo, cómpre recordar que a torre foi declarada como de Interese Turístico Nacional xa no 1949 e atópase tamén baixo a protección da Declaración xenérica do Decreto de 22 de abril de 1949 e da Lei nº 16/1985 sobre o Patrimonio Histórico Español.

No ano 2009 a Consellería de Cultura prevía a consolidación e posta en valor das fortalezas e torres militares das comarcas da Limia, Verín e Terras de Celanova que tería incluído esta torre alén doutros espazos, porén non chegou a realizarse. Actualmente, esta construción recollida no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galiza da Xunta con protección xurídica de declaración de Ben de Interese Cultural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tal e como temos insistido as nacionalistas, cómpre recordar que a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza recolle no seu artigo 88 como patrimonio arquitectónico “a) Os bens propios da arquitectura defensiva, entendendo por tal todas as estruturas construídas ao longo da historia para a defensa e o control dun territorio do que forman parte. No conxunto da arquitectura defensiva destacan singularmente os castelos, as torres defensivas, as murallas e os muros circundantes urbanos, as construcións defensivas con baluartes e os sistemas defensivos que configuran, os arsenais navais, os cuarteis, as baterías de costa, as polvoreiras e os restos de todos eles, con independencia do seu estado de conservación, de se se encontran soterrados ou descubertos ou de se se integran ou non noutro ben inmovible. Todas estas tipoloxías de inmovibles construídos antes de 1849 teñen a consideración de bens de interese cultural.”

Malia estes recoñecementos e a importancia cultural, histórica e patrimonial da torre, actualmente atópase nun estado alarmante que require de intervención por parte das administracións. Veciñanza e colectivos sociais da zona veñen demandando, polo tanto, que as administracións asuman a responsabilidade de levar a cabo as actuacións necesarias para a súa conservación, garantir a seguridade no seu acceso e contribuír a conservar a memoria colectiva da nosa historia e valorizar o papel dunha zona afectada polo despoboamento do rural.

Malia o Partido Popular rexeitar as propostas que ten feito o Bloque Nacionalista Galego en diversas institucións, as necesidades da Torre continúan. Aínda que as nacionalistas entendemos que debера levarse a cabo un proxecto que valorice a importancia desta construción en relación coas construcións similares das comarcas limítrofes, o mínimo é que a Xunta de Galiza asuma a súa responsabilidade canto a unha necesaria colaboración institucional de cara a acadar unha mínima conservación e seguridade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a levar a cabo as actuacións necesarias para a consolidación da torre de Sande no Concello de Cartelle e evitar que continúe o seu deterioro e que sexa un risco para as persoas que alí se achega no prazo máximo de tres meses. Así mesmo, ínstase a retomar o diálogo co Concello de Cartelle de cara a desenvolver actuacións para a súa conservación e acceso, desenvolvendo se for preciso unha colaboración económica e en materia de asesoría patrimonial e de posta en valor. Así mesmo, ínstase a colaborar coas demais institucións e concellos da contorna de Cartelle de cara a valorizar as torres defensivas do sur de Ourense no seu conxunto.”

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2019 11:37:01

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2019 11:37:05

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2019 11:37:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2019 11:37:08

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2019 11:37:09

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2019 11:37:10



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 d Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Os veciños afectados polo parque eólico de Sásdónigas en Mondoñedo denuncian que a empresa beneficiaria do parque eólico, Norvento, valora os terreos moi por debaixo do valor real do mercado a través do establecemento dun dereito de superficie mediante un único pago que representa unha media de menos de 1 céntimo por metro cadrado e ano. Ademais, no contrato fixa cláusulas absolutamente abusivas e intolerables como é a posibilidade de hipotecar o ben ocupado, ou o dereito de ir ao retracto en caso de venda.

Tamén din que a empresa, en plena “*fraude de lei*” merca as superficies de parcela que nunca poderán ser elevadas a públicas nin rexistradas porque non acadan as superficies mínimas establecidas no marco legal que nos regula a todos os galegos, por prezos que ao xuízo dos propietarios son cualificados como de “*usura*”.

Os prexudicados directamente por este parque critican que Norvento entra a tratar cos propietarios do solo pero non ensina, nin permiten estudar os contratos ata que se teñen asinados, incluso, poñen a desculpa de que ten que ser asinado tamén por un representante da beneficiaria que non está nese momento, e polo tanto non se lle entrega unha copia ao titular da parcela, a pesar de ter xa o seu obxectivo conseguido.

Así as cousas, a empresa adxudicataria das obras xa deu comezo á fase I, alegando que xa teñen asinado acordo con toda a veciñanza, pero esqueceronse de moitos, aos que lles entraron nas súas leiras, sen acordo e sen permiso.

Tal e como se pode constatar, unha vez iniciados os traballos da instalación do parque, os atentados contra o patrimonio cultural, ecolóxicos e medioambientais son terribles, esnaquizando todo o que atopan ao seu paso, causando danos que nunca poderán volver ao seu estado natural, irreversibles en definitiva. Esnaquizan lagoas como a coñecida como a da Cabrita. Tapan fontes nas que bebe o gando durante todo o ano. Rompen o leito de turbeira existente. Tiran



paredes de peches de fincas que forman parte da paisaxe e da fisionomía do territorio.

Polo tanto, estamos diante duns feitos, segundo puidemos constatar *in situ* neste mesmo enclave, nos que *Norvento* está actuando de xeito prepotente, esquilmando patrimonio público e privado, e o que é mais grave, menosprezando aos titulares do solo con prezos de usura.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Que actúe de mediador entre a veciñanza afectada polos feitos descritos e a empresa *Norvento*, para que ofrezca aos propietarios dos terreos prezos dignos con alugueres anuais actualizados segundo o IPC, atendendo aos valores reais de mercado e aos valores das propias fincas en si.

2º) Que se paralicen as obras ata que non haxa un entendemento entre todas as partes implicadas.

3º) Que se protexan o Camiño de Santiago e o conxunto de lagoas que forman parte do equilibrio hídrico da zona.

4º) Que se retire a subestación de encima da coñecida como lagoa dos patos.

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/03/2019 11:41:36

Patricia Otero Rodríguez na data 28/03/2019 11:41:44

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/03/2019 11:41:55

María Luisa Pierres López na data 28/03/2019 11:42:09





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2019 11:52:40
Nº Rexistro: 48239
Data envío: 28/03/2019 11:52:40.113

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/03/2019 11:42:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/03/2019 11:42:38

CSV: h1MopMuOX1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o BNG estamos preocupadas pola crise industrial que vive o noso país. Preocupadas porque no último ano, mentres no conxunto da economía galega se incrementa a ocupación en 32.300 persoas, a industria galega evoluciona en sentido contrario e sofre unha perda de 3.500 persoas ocupadas. Preocupadas particularmente pola crise da industria electrointensiva pola importancia deste tipo de empresas na nosa economía.

Á situación de empresas como Ferroatlántica ou de Alcoa Coruña, da que falamos agora, evidencian algo agora vén de sumarse a ameaza da multinacional de Alcoa de pechar unha das fábricas de San Cibrao. Esta situación ten xerado unha alarma social pola súa importancia económica para a Mariña Lucense e para todo o país. Se a planta de alúmina en Cervo emprega a máis 500 persoas, a de aluminio fai que o complexo industrial chegue a rondar os 1.200 traballadores. Unha cifra que se eleva a 2000 se temos en conta as auxiliares, que dependen en exclusiva desta matriz.

Recentemente o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego reuniuse co Comité de San Cibrao e trasladoulle a nosa solidariedade e compromiso de asumir como





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propias as súas reclamacións respecto das mudanzas que deben impulsarse na regulación do sector e ás que en absoluto daba resposta o decepcionante borrador de Estatuto de electrointensivas ao que o BNG, como outras forzas políticas e sindicais, alén da propia Xunta de Galiza, xa alegou.

A urxencia da situación require dunha fronte política ampla na que se asuma o mandato do Comité de San Cibrao e se desenvolvan os máximos esforzos políticos e sociais a prol dunha saída para Alcoa no seu conxunto.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza asumir como propias as liñas básicas reclamacións remitidas polo Comité de Empresa de Alcoa-San Cibrao e demandar do goberno central a regulación das seguintes cuestións nun novo marco enerxético:

1.- Modificar o sistema tarifario para que as industrias hiper-electrointensivas non soporten as seguintes peaxes que non forman parte do custo de produción da enerxía: Primas renovábeis, custes extrapeninsulares, pagos por capacidade, 2º parte do ciclo do combustible nuclear e déficit tarifario. Peaxes que deben ser asumidas polos Orzamentos do Estado para non repercutir no resto de consumidores.

2.- Por esta rebaixa no prezo da tarifa eléctrica, co esforzo social que supón pasar estas peaxes aos Orzamentos, as empresas, que se acollan a esta tarifa, deberá manter o emprego propio e fixo en todos os seus centros de traballo., así coma que garantan a adecuación ás novas tecnoloxías. Medidas que deben ser controladas pola Administración Pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Con cargo aos Orzamentos do Estado, a industrias hiper-electrointensivas terá a máxima compensación permitida pola UE, por CO2, por competir con industrias semellantes instaladas noutros países onde non se limitan as emisións de dióxido de carbono.

4.- Lexislar as opcións de contratos bilaterais entre as empresas hiper-electrointensivas e as compañías eléctricas segundo o modelo francés que permite asinar contratos a longo prazo, 10 anos. Favorecendo así plans industriais e de inversións.

5.- Ademais, para producir unha rebaixa xeral no prezo da electricidade, sen que repercuta no funcionamento do sector eléctrico, haberá que retirar do mercado maiorista (pool) as centrais hidráulicas e nucleares, que pasarán a cobrar por custes recoñecidos a proposta da CNMC.

6.- De manterse algún tipo de compensación pola interrompibilidade dentro do regulamento do Estatuto de Consumidores hiper-electrointensivos esta será como mínimo de carácter trianual.

7.- Até entrada en vigor desta nova tarifa, que é urxente e inaprazable, manteranse con carácter transitorio para as industrias electrointensivas as poxas anuais da interrompibilidade, mantendo a media dos importes dos últimos anos, cos mesmos bloques e recuperando o preaviso de parada de 2 horas.”

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2019 12:47:31

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2019 12:47:36

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2019 12:47:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2019 12:47:40

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2019 12:47:42

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2019 12:47:44



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Flora Miranda Pena**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos:

A Consellería de Sanidade está a despregar unha actitude manipuladora en plans “sobre o papel” (léase, por exemplo, o de Atención Primaria) que carecen de concreción e dotación orzamentaria e non resolven de modo eficaz as necesidades de saúde de galegas e galegos. Ante eles, unha boa parte das profesionais néganse a ser cómplices das políticas que trouxeron ata aquí o lamentable estado asistencial galego e que en datas próximas se concretarán nunha folga pola defensa da Atención Primaria de Saúde.

Neste contexto, o Movemento Galego da Saúde Mental ven de emitir un informe sobre o estado das dotacións públicas para a atención á saúde mental. Nel constatan as carencias graves na dotación profesional e organizativa actual da rede asistencial. A atención ás necesidades da poboación galega neste eido non é posible sen dotacións suficientes.

O informe do MGSM reflexa que a crise económica producida nos últimos anos e a resposta do goberno á mesma incrementaron os trastornos psíquicos, as problemáticas de saúde mental e o sufrimento insoportable relacionado coas condicións de vida das persoas.





A pesar de que esta era unha consecuencia previsible e anunciada pola OMS, dende a Xunta de Galicia non se seguiu ningunha das súas recomendacións para reducir o impacto sobre a saúde mental da poboación.

Dende o ano 2009, a política de saúde mental en Galicia caracterízase pola parálise do desenvolvemento de recursos asistenciais e plans, polos recortes de prestacións e polo traslado a entes de titularidade privada atencións que correspondían á rede pública. Mentres, os informes sobre consumo de fármacos, frecuentación de servizos e percepción do estado de saúde daban conta do empeoramento da saúde mental de galegas e galegos neste período.

En xuño do 2017, o propio Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) presentou as "Orientacións marco para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental", que destacaban que o futuro plan debería desenvolverse en continuidade cos plans precedentes, e a súa elaboración debía partir da avaliación das necesidades de saúde e estado da rede asistencial.

O informe que o MGSM emitiu para avaliar esas necesidades reflicta que se está a producir un aumento na prevalencia da patoloxía mental. Galicia, xunto con Asturias. Ambas están moi por riba da media estatal.

Entre os anos 2011 e 2017, produciuse un aumento do 45% na porcentaxe de persoas que afirmaron ter un problema de saúde mental de tipo depresivo e foron diagnosticadas por un médico ou médica.

Segundo o xénero, as mulleres duplican a prevalencia observada en comparación cos homes (en 2017, móstranse unhas diferenzas de 14,35 vs 5,99% en ansiedade; 17,49 vs 7,96% en depresión; 3,01 vs 1,8% noutros problemas de saúde mental).

En poboación infantil, ata os 14 anos, obsérvase que mentres que a nivel estatal as cifras diminúen prodúcese unha tendencia contraria no caso de Galicia,





augmentando un 17% no caso dos trastornos de conducta entre os anos 2006 e 2017, e do 66% no caso de ansiedade-depresión no mesmo período temporal.

En canto ao xénero, nos trastornos da conduta os nenos teñen maior prevalencia que as nenas, inverténdose esta relación no caso de problemas de ansiedade e depresión.

Estímase que en Galicia hai 6.000 persoas con Trastorno Mental Grave maiores de 18 anos. Case a metade das persoas con trastorno mental de intensidade grave, e 3 de cada 4 con intensidade moderada, non acudiron nin a Atención Primaria nin a Especializada. Isto reflexa un problema, polo tanto, de accesibilidade ós servizos de saúde.

Entre os anos 2000 e 2012-13, produciuse un aumento do 57,4% no consumo de ansiolíticos e do 200% de aumento en consumo de antidepressivos.

A demanda de atención de saúde mental no Sergas foi medrando cos anos. Según datos da Consellería de Sanidade, un total de 8.094 persoas estaban á espera de primeira cita nos servizos de psiquiatría en xuño de 2018, fronte a un total de 4.623 que o fixeran en xuño de 2014.

Este é o contexto do que partimos: aumento moi importante dos problemas de saúde mental que requiren atención especializada, aumento moi preocupante de mortes por suicidio, aumento excepcional do consumo de psicofármacos, dificultades para acceder ós servizos de saúde mental, e inaccesibilidade a tratamentos psicolóxicos, tanto na infancia e adolescencia como en adultos.

Hai, polo tanto, suficientes indicadores sobre o aumento dos problemas de saúde mental, moito máis acusados en Galicia, con respecto á media estatal, como para que se traduzan nunha necesaria análise das necesidades asistenciais e de recursos profesionais e a posta en marcha de plans específicos.





Ao mesmo tempo, o informe do MGSM alerta da necesidade de dotación profesional. Temos no noso país un déficit de profesionais moi irregular en relación coas distintas profesións que traballan de forma especializada no ámbito da saúde mental: o 12% de déficit en TCAES, do 32% de psiquiatras, do 49 % en psicología clínica e enfermaría, do 68% en terapia ocupacional e do 73.2 % en traballo social.

Por outra banda, as zonas con menor poboación vense practicamente privadas de facultativos especializados nas franxas de idades extremas, tanto da infanto-xuvenil como da atención psioxeriátrica, precisamente de maior vulnerabilidade. O informe tamén identifica unha maior necesidade de dotación de recursos orientados á integración na comunidade dos pacientes con trastorno mental grave.

Ante a situación que describe o informe do Movemento Galego de Saúde Mental da que nos facemos partícipes, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a deseñar e desenvolver un Plan de Saúde Mental para a atención integral digna ás galegas e galegos que contemple as necesidades descritas nos informes dispoñibles (sen prexuízo da elaboración de novos informes) e que exprese con compromisos concretos e reais a dotación profesional e orzamentaria necesaria para abordar tan demoledora realidade asistencial.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea



Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 28/03/2019 12:39:11

Luis Villares Naveira na data 28/03/2019 12:39:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza atravesa neste momento unha importante crise industrial coa perda de 3.500 persoas ocupadas menos neste ámbito no último ano. Dentro desta crise, a industria electointensiva galega merece un tratamento específico polo risco de perda de emprego e capacidade produtiva de empresas como Alcoa na Coruña ou San Cibrao e Ferroatlántica en Cee-Dumbría e Sabón, ao que poderían seguir outras empresas do país. Este sector ten un impacto fundamental para a economía galega, tanto polo que representa en volume de traballadores e traballadoras como de PIB.

Así mesmo, cómpre recordar que o Estatuto de Autonomía de Galiza inclúe no seu artigo 4.3. “que os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reitores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra”. En consonancia, no artigo 30.1 contéplase como corresponde a Galiza a competencia exclusiva en materia de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Fomento e planificación da actividade económica en Galicia” sinalándose no artigo 30.7. a competencia para “O desenvolvemento e execución en Galicia de: a) Os plans establecidos polo Estado para a reestruturación de sectores económicos. b) Programas xenéricos para Galicia, estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas. c) Programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise”. Así mesmo, o Artigo 28 sinala que “É competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que esta estableza, das materias seguintes: (...) 3. Réxime mineiro e enerxético.”

Por estes motivos, polo que supón nesta conxuntura o sector electrointensivo galego e polas potestades do autogoberno galego é necesario abordar unha corrección da falta de colaboración, planificación e organización experimentada até momento entre Xunta de Galiza e goberno central. Dunha banda, unha Xunta de Galiza liderada por un Núñez Feijoo sen peso político cuxas demandas sobre o sector non foron tidas en conta. Doutra banda, un goberno central instalado na lóxica electoral e sen dar pasos máis firmes no borrador que recentemente coñecemos respecto do Estatuto de Electrointensivas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno central para demandar un proceso de diálogo bilateral entre os poderes públicos galegos e a Administración central sobre a crise electrointensiva e as súas repercusións en Galiza e acordar medidas concretas a impulsar para alén das modificacións das políticas enerxéticas que afecten a Galiza. Así mesmo, demándase a constitución dunha mesa plural no prazo dun mes que inclúa a parte social para pactar as demandas a esixir.”

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2019 14:05:06

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2019 14:05:11

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2019 14:05:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2019 14:05:15

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2019 14:05:16

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2019 14:05:19



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a restauración en terreos queimados para evitar así unha degradación maior nos concellos de Rianxo e Dodro, despois da desfeita provocada polo lume causado por unha chispa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia nin soubo prever e evitar os lumes do 2017, nin as 30 medidas anunciadas a bombo e prato no 2018 tiveron o efecto desexado, por incumprimento, e, agora, vai tardar en corrixir os danos causados polo primeiro grande incendio do ano en Galicia no que arderon 1.120 hectáreas.

Este incendio que se orixinou(segundo as hipóteses que manexa a propia Xunta) por mor dunha chispa dun cable de alta tensión, na parroquia de San Xoán de Laíño, en Dodro, e que se estendeu rapidamente debido á seca, as altas temperaturas e por un vento de nordés, calcinou en 2 días 900 hectáreas de monte arborado e 220 de monte raso.

Non podemos depender do grado de humidade na prevención contra os incendios. A prevención e a ordenación do monte, unha política forestal axeitada, cunha planificación e unha ordenación do territorio con sentido, son a clave na loita contra os incendios nunha era na que a desertización e o cambio climático van afectar ao noso país principalmente.





Nestes días o factor 30-30-30, máis de 30º de temperatura, 30% ou menos de humidade e 30 km/h de vento ou máis, condicións idóneas para un grande lume, no que ademais había temporal na costa, de nordés; contribuíu a que se intensificara e se propagase este incendio.

O principal agora é protexer o monte e a restauración do mesmo. O control e restauración da superficie queimada; estamos no mes de marzo e é previsible que nalgún momento as augas de abril fagan a súa presenza podendo afectar aos bancos marisqueiros de Rianxo, ao ser este un concello con costa e estar conectado Dodro co mar a través do río Ulla. Débeselle axudar ás comunidades de montes na tala e retirada da madeira e cunha liña de axudas a través da Consellería de Medio Rural. Fai falta un plan público de restauración deste monte queimado polo maior incendio despois da vaga de lumes de outubro de 2017.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Elaborar e executar un plan público de restauración das terras queimadas nos concellos de Dodro e Rianxo antes de finais de ano.
- 2.- Aprobar e executar medidas de corrección da erosión, e das escorrentas mediante faixas, baixo protocolos e supervisión técnica, que garantan que non se contaminen as augas e que garantan a supervivencia dos bancos marisqueiros de Rianxo.





3.- Abrir unha liña de axudas para reparar as infraestruturas afectadas.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 28/03/2019 17:36:53

Antón Sánchez García na data 28/03/2019 17:37:12

Luis Villares Naveira na data 28/03/2019 17:37:41



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Segundo datos do IGE, máis de 270.000 galegos e galegas viven sós, 125.000 dos e das cales teñen máis de 65 anos. Debido ao envellecemento poboacional e ás baixas cifras de natalidade, os fogares unipersoais irán en aumento nos vindeiros anos, segundo indican as proxeccións de poboación chegarán aos 347.027 no ano 2031, e serán entón o 31,3 % do total.

A pesares de que non hai datos concretos, moitos deles e delas sofren o que se coñece como soidade non desexada, caracterizada porque as persoas que a padecen presentan unha falla ou déficit de relacións interpersoais, e senten a soidade como algo obrigado, que lles produce sufrimento. Trátase polo tanto dun fenómeno social, dunha experiencia fundamentalmente persoal, polo que a súa abordaxe se volve moi complexa.

Aínda que a soidade a pode experimentar calquera persoa, e existen outros colectivos en risco de padecela, son as persoas maiores as que representan as porcentaxes máis elevadas de soidade, e tamén son as que manifestan esta doenza como unha das súas principais preocupacións.

A soidade non desexada nas persoas maiores ten como causas principais: as dificultades de adaptación á xubilación, desvinculación social, circunstancias familiares adversas (viuvez, falla de contacto e dispersión dos fillos e fillas), perda de redes familiares e comunitarias e problemas de saúde (depresión continuada, enfermidades cardíacas, suicidio, maior taxa de mortalidade, estrés...).

Durante estes últimos anos foron moitas as administracións, dentro e fóra das nosas fronteiras, que puxeron en marcha iniciativas cuxo obxectivo é o de previr e abordar esta problemática, unha das máis coñecidas a creación do “Ministerio da Soidade” no Reino Unido, pero tamén moitas en concellos galegos que elaboraron censos de persoas maiores que viven soas.



Dende o Grupo Socialista consideramos que o problema da soidade non desexada debe ser abordado de forma global por todas as administracións, consideramos necesario e prioritario tomar medidas para previlo e abordalo, a través dun coñecemento científico e estatístico máis profundo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Elaborar, durante a X lexislatura e en colaboración coa Fegamp, un informe que permita dimensionar o impacto do fenómeno da soidade en Galicia.

a) Dito documento conterá un censo de persoas maiores que viven soas en Galicia.

b) Tendo en conta os resultados deste informe, e en colaboración coa Fegamp, o Goberno de España, e a participación do terceiro sector, elaborar de maneira urxente unha Estratexia de prevención e atención á soidade non desexada en Galicia, que aborde de forma integral este fenómeno.

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/03/2019 18:08:10

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2019 18:08:16

Julio Torrado Quintela na data 28/03/2019 18:08:18





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2019 18:12:35
Nº Rexistro: 48286
Data envío: 28/03/2019 18:12:35.769

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/03/2019 18:08:22

CSV: h1MopMuOX1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súa deputada e dos seus deputados, María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

En relación coas respostas ás preguntas escritas formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don José Manuel Pérez Seco sobre, os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso no ano 2016-2017-2018 indícase o seguinte:

No concello de Laracha investíronse 1.406.307 euros no ano 2017, e 803.298 no ano 2018, supoñen un total de 2.209.605 euros.

No concello de Cabana de Bergantiños 281.748 euros, no ano 2017 e a mesma cantidade no ano 2018. Total: 563.496 euros.

A senda de Xornes – Buño – Canta La Rana investíronse 534.339 euros no ano 2017, a cal transcorre polo concello de Malpica na súa maior parte.

No concello de Carballo 1.255.486 euros.

No concello de Laxe, 0 euros, no mesmo período.

En abril do ano 2018, o director da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), na Comisión 2ª no Parlamento de Galicia indicaba que se están a desenvolver na comarca de Bergantiños 7 sendas, que proporcionarán aos veciños case 11 quilómetros de itinerarios peonís e ciclistas. A finais de xullo do mesmo ano puidemos ver á conselleira de Infraestruturas e Vivenda na Laracha inaugurando unha das sendas, e destacando que deste xeito cumpría co seu compromiso de ter rematada a senda antes de fin de ano.

A realidade amosa esa enorme discriminación entre concellos, que resulta aínda máis inxusta cando o plan *Senda 2020* se apoia en 3 eixos estratéxicos:



- Xustiza centrada nas persoas: orientar as actuacións ás necesidades e intereses da cidadanía, como receptor dos servizos da Administración de Xustiza, pero tamén ao empregado público, facilitándolle os medios para optimizar o seu desempeño.
- A eficiencia dunha administración dixital: Potenciar as vantaxes que ofrecen as ferramentas dixitais para xerar eficiencia e proximidade na Administración de Xustiza.
- Unha administración fiable e sustentable: Abordar a necesidade de medios e infraestruturas, así como garantir a seguridade de acceso e uso de todos os servizos.

Está claro que por parte do Goberno galego se exerce unha discriminación orzamentaria cara aos concellos nos que non goberna o PP, deixando a veciñanza abandonada, xa que en moitos casos as sendas que se propoñen por parte dos concellos son unha necesidade para dotar de seguridade zonas de acceso habitual. No caso do Concello de Laxe, estas están comprometidas polo Goberno galego desde o ano 2015 no que a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), solicitou ao Concello de Laxe que identificase as sendas e ou carrís bici necesarios no ámbito deste concello. Estas eran:

A senda “Castrelo-Arrueiro”, (AC-433) na parroquia de Soesto: reiteradamente demandada desde o Concello. Esta actuación beneficiaría tanto aos veciños e veciñas da zona, como a cantidade de visitantes que se recibe na zona, xa que hai que ter en consideración que nese lugar se atopan dúas casas rurais. Consta de dous tramos, sumando entre ambos un quilómetro e medio.

A senda “Conlle” (AC-433) na parroquia de Seranes: neste caso trátase dunha necesidade de seguridade viaria, xa que é moi transitada. Formada por un único tramo, nun núcleo rural illado da vila de Laxe, que melloraría notablemente a seguridade do treito que acompaña a dita estrada.

A senda “Cabo da Area”, (AC-431) trátase dunha senda peonil e ciclista prioritaria xa que conectaría a Vila cunha zona dotada de servizos xerais e equipamentos do municipio: CEIP, pavillón polideportivo, campo de fútbol, zonas verdes e espazos libres.

No caso de Ponteceso existe carencia de sendas peonís en Tella, (AC-423, pk 13.910 a pk 14.080 marxe esquerda, pk 14.100 a pk 14,150 marxe dereita, contorna co colexio Eduardo Eduardo Pondal) (ac-419 pk 7.780 a 10.280), O Couto (ac-424 pk 1.150 a 1.550), Pazos de Arriba (ac-419 pk 2.980 a 3.350),



Corme Aldea (pk 6.430 a 7.340), A Bugalleira-Pazos (pk. 380 a 5.190) e Xornes (pk 12.410 a 13.290)

En todos os casos trátase de promover a mobilidade das parroquias veciñas porque son núcleos rurais illados, e de dotar de seguridade viaria as estradas que transcorren por elas.

É difícil atopar o principio de xustiza centrada nas persoas, cando o Goberno de Feijóo destina máis de dous millóns de euros ás sendas na Laracha, e outras sendas, como as de Ponteceso, (Couto, Tella, Bugalleira, Pazos de Arriba e as Cadaveiras, Corme Aldea e Xornes) Laxe continúan a agardar, cando estamos a falar dunha cuestión de seguridade viaria. Cando a Xunta orienta as súas actuacións ás necesidades e intereses da cidadanía, semella que non todos e todas temos os mesmos dereitos, a pesar de que se están a xestionar con cartos públicos.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que realice, antes de que remate este ano, as xestións e os traballos necesarios para habilitar as sendas peonís demandadas polos concellos de Laxe e Ponteceso.

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/03/2019 11:44:58

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/03/2019 11:45:09

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/03/2019 11:45:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/03/2019 11:45:28

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O sector da conserva é extremadamente relevante na economía de Galicia. Con preto de 16.000 persoas traballadoras en Galicia. A facturación do sector ascende anualmente a preto de 1,7 millóns de euros. A estrutura empresarial preséntase moi polarizada, xa que coexisten grandes multinacionais moi internacionalizadas cun elevado número de Pemes. Trátase dun sector concentrado, xa que o 18 % do total das empresas, concentran o 75 % da cifra de negocios e o 70 % do emprego. Estes datos foron extraídos do informe elaborado polo Clúster ANFACO-CECOPECA no ano 2018.

De cara ás novas ameazas coas que se enfrenta o sector, na axenda 2030 publicada polo Goberno central, a UE ten un papel fundamental para orientar a globalización cara á inclusión e a sostibilidade, promovendo un comercio internacional aberto e baseado en regras transparentes e xustas. Por unha banda, supón a necesidade de exixir aos países dos que proceden as importacións o cumprimento e o respecto polas normas internacionais que garanten ás persoas traballadoras unhas condicións de traballo dignas, seguras e saudables,; Por outra débense eliminar as prácticas comerciais que consisten en vender por debaixo dos custes de fabricación.

Por parte do Goberno galego existen responsabilidades relativas á mellora da competitividade das empresas galegas, accións que se poden levar a cabo desde o noso territorio, entre outras cousas, porque a Xunta ten competencias en política industrial. Porén é necesario crear un plan de dinamización económica para os produtos elaborados da pesca. Neste plan deben participar todos os axentes implicados, e xirará arredor de tres piares básicos, a innovación, a formación e o financiamento, nel teranse en conta as variables propias da situación xeográfica de Galicia porque dela derívanse temas tan importantes como a eficiencia loxística e o establecemento de alianzas estratéxicas.

En canto á innovación é preciso incrementar as dotacións dos incentivos económicos dirixidos ás empresas e aos centros de investigación e innovación e establecer programas específicos de fomento de I+D+i **privado** coordinado cos



centros públicos de investigación, para o desenvolvemento de tecnoloxías, que permitan as conexións necesarias á Internet.

É preciso continuar traballando na procura de valor engadido, no aumento da calidade dos produtos e na procura de posibles futuros nichos de mercado, así como nas propostas innovadoras de mercadotecnia.

Respecto á formación, hai que salientar, por unha banda a necesidade de desenvolver plans de formación para ocupados no sector da conserva, que permitan mellorar as capacidades dos cadros de persoal e incrementar a capacidade competitiva; e por outra, formar a persoas desempregadas para podermos contar con bolsas de persoal formado que se poida incorporar en calquera momento. Nesta liña non nos debemos de esquecer da importancia que ten a formación na FP-Dual, un eido fundamental que debe vincular a formación recibida polo alumnado ás demandas do sector da conserva.

Por último, en canto ao financiamento, débense desenvolver liñas de axuda ás empresas en dificultades, pero tamén financiar aqueles proxectos que lles permitan ser máis competitivos fronte ás empresas do exterior. Débense revisar as condicións das axudas das concesión, vinculándoas ás garantías de estabilidade das empresas, e impedindo a súa utilización para favorecer a marcha das empresas fóra de Galicia.

Un plan conxunto de tres piares, que reflicte as responsabilidades dun Goberno que é o que xestiona os fondos e recursos públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1. Incremente as dotacións nos diferentes programas de incentivos económicos aprobados, tanto para empresas como para centros de investigación e innovación, revisando as condicións de concesión e vinculándoas ás garantías de estabilidade das empresas, e impedindo a súa utilización para favorecer a marcha das empresas fóra de Galicia.
2. Colabore co sector na procura de valor engadido para aumentar a calidade dos produtos, buscar posibles nichos de mercado, e propostas innovadoras de mercadotecnia.



3. Desenvolva un programa de fomento do I+D+i privado coordinado cos centros públicos de investigación.
4. Desenvolva plans de formación para ocupados do sector que permitan mellorar as capacidades dos traballadores, e polo tanto a capacidade competitiva.
5. Desenvolva plans de formación para desempregados que permitan a existencia de bolsas de traballadores coa formación axeitada para o sector.
6. Desenvolva plans específicos de FP-Dual que permita vincular a formación recibida polos alumnos ás necesidades formativas do sector.
7. Desenvolva liñas de axuda ás empresas en dificultades e financiar aqueles proxectos que lles permitan ser máis competitivos fronte ás empresas do exterior.

Pazo do Parlamento, 22 de marzo se 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/03/2019 11:59:14

Patricia Otero Rodríguez na data 22/03/2019 11:59:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/03/2019 11:59:35



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

As redes sociais nos últimos anos échense de retos virais. Un dos máis recentes é o *#trashtag challenge* que consiste en retirar lixo de áreas naturais, tales como praias, bosques ou parques. Basicamente, tómase unha foto antes e outra despois coas bolsas recollidas.

Na Costa de Morte levouse a cabo en varios areais, como en Camelle, Laxe ou Soesto. O lixo recollido correspóndese principalmente con dous tipos de residuos: por unha banda, os propios da actividade mariñeira, como cordas, cordeis, restos de aparello, cortiza; por outra, plásticos.

En canto aos primeiros, os residuos da actividade mariñeira, poden proceder das embarcacións, pero unha boa parte, proceden dos portos, nos que é frecuente ver este tipo de corda pequena, azul ou verde. Esta situación pon de manifesto a necesidade de incrementar a limpeza nos nosos portos, así como a dotación de maior número de contedores, ou incluso valorar a necesidade de levar a cabo formación sobre a xestión de residuos.

Resulta preocupante tamén a chegada constante aos areais de plásticos de pequeno tamaño, algúns destes vense deteriorados o que significa que levan tempo no mar e incluso noutras praias. Outros plásticos están en perfecto estado e semellan proceder da perda de mercancía dalgún mercante.

En calquera caso, a chegada de lixo ás nosas praias e costas é constante. O voluntariado non é suficiente para recoller esta cantidade de residuos, co que cabe preguntarse se por parte do Goberno galego se vai levar a cabo algún tipo de actividade complementaria.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a incrementar a limpeza dos portos da Costa da Morte, mediante unha maior dotación de medios humanos e



materiais; así como levar a cabo unha campaña formativa sobre a xestión de residuos nos portos.

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/03/2019 13:04:44

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/03/2019 13:04:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/03/2019 13:05:09

María Luisa Pierres López na data 22/03/2019 13:05:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/03/2019 13:05:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa ao reinicio da actividade na canteira da Casalonga.

Temos coñecemento da reanudación da actividade dentro da explotación da concesión Casalonga II, número 6966, sita no Concello de Teo (A Coruña), que como titular orixinario dos dereitos mineiros de explotación figuraba a empresa Camilo Carballal S.L. A concesión desta explotación vén de ser adquirida pola empresa Grupo TOYSAL, e polo tanto os dereitos mineiros de aproveitamento.

Nos últimos días nos terreos da concesión hai actividade con maquinaria pesada realizando tarefas de limpeza, movemento e amoreado de terra e áridos.

Dada a preocupación social existente na contorna, para unha área de mercado uso residencial, preocupa que o que foi esta explotación mineira, acabe realmente converténdose nun depósito de residuos de diferente tipo de materiais, en base a pretensión de realizar o plan obrigatorio de restauración ambiental da canteira, para acabar sendo un vertedoiro cun elevado impacto ambiental, de salubridade e potencialmente contaminante para a acuíferos da contorna, coma ten sucedido noutros casos semellantes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta canteira atopase sen explotar e nun estado de inactividade e abandono dende hai anos. As condicións de planificación pola que se autorizou a súa explotación, incluída a avaliación ambiental, o plan de explotación e traballo, e o plan de restauración, xa nada tería que ver co momento actual na que se atopa o xacemento mineiro. Ademais de ter incumplido os prazos da restauración ambiental aprobada no seu día.

Dáse polo tanto un abandono consumado das condicións da canteira, feito propiciatorio, tras bastantes anos, dun proceso de recuperación natural e espontáneo do espazo. Especialmente na parte correspondente á fronte de explotación do monte, que agora posúe un grande oco totalmente inundado, sendo un espazo lacustre que experimentou unha recolonización natural de flora e fauna da zona con auga en circulación e osixenada.

A reanudación da actividade da canteira, implicaría unha complexa actuación de baleirado da auga, de importante impacto ambiental que podería ter consecuencias severas e críticas sobre á propia bacía ou rede hidrográfica á que pertence.

O sentido das restauración ambientais das explotacións mineiras é devolver ditos espazos a unha situación ambiental en coherencia coas características xeomorfolóxicas e naturais dos territorios nas que se atopan, procurando acadar un resultado que respecte a integridade do lugar, e non sendo isto posible pois aportando as mellores ou máis lóxicas solucións de recuperación.

Recórdase que ao abeiro do Real *Decreto 975/2009, de 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras*, Artigo 7. “Revisión do plan de restauración”, este deberá revisarse cada cinco anos por parte da entidade explotadora e, no seu caso,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

modificarse de producirse cambios substanciais que afecten ao previsto nel, incluídos cambios no uso final do solo unha vez rematado o aproveitamento e que as posibles modificacións notificaranse á autoridade competente para a súa autorización.

Apreciase que a efectos do deseño da restauración ambiental da canteira, conforme ao disposto no artigo 13, “*Medidas previstas para a rehabilitación do espazo natural afectado pola investigación e explotación de recursos mineiros*”, e dado que agora existe unha lagoa naturalizada, deberíase considerar coma a situación máis propicia de restauración, o facer valer a previsión normativa contida na letra b) deste artigo, dando por favorable a inundación do oco coma unha mellora ecolóxica xa existente, e en calquera planificación e autorización de restauración establecer tan só aquelas medidas para poder manter no tempo con garantías a protección desas augas e a súa biocenose.

Na outra parte da canteira, no treito inferior por debaixo da estrada, e en zonas do perímetro da lagoa, e tendo en conta a existencia de numerosos e suficientes depósitos propios de residuos mineiros, entullos e insumos desaproveitados da extracción, estes constituirían a mellor opción a efectos de ser usados na recuperación ambiental do espazo e do seu posterior revexetado, conforme ao disposto na letra a) do artigo 13. Existindo estes materiais na propia canteira, a posibilidade de autorizar un plan de restauración **a partir do recheo con residuos alleos non mineiros mediante a súa valorización** (lixo de diferente procedencia, neste caso inertes/construción), conforme á previsión do que dispón a letra c) do artigo 13, sería de dubidosa legalidade e entendemos que incumpriría outras disposicións normativas sectoriais. Concretamente vulneraríase o disposto no *Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición*, no seu artigo 13, sobre a posibilidade de “*Utilización de residuos inertes en obras de restauración, acondicionamento ou recheo*” en espazos ambientais degradados, como





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

operación de valorización, pois un dos requirimentos pra poder facelo, **o estipulado na letra c), non se cumpriría**, xa que **constátase *in situ* que existen residuos mineiros propios acumulados na canteira en cantidade suficiente coma para acometer un remodelado do perfil** e cotas de altura, para o seu posterior revexetación, **sen necesidade de ter que acudir a residuos de valorización de substitución.**

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“Instar á Xunta de Galiza a que, dadas as condicións actuais nas que se atopa a canteira da Casalonga, paralice a reanudación da actividade mineira ao terse producido un abandono consumado que derivou nunha restauración ambiental natural en boa parte dos terreos da canteira, en tanto que a reactivación da mesma vai ter un impacto ambiental en toda a bacía hidrográfica sobre a que está situada. Ademais de que a propia canteira acumula os materiais idóneos e suficientes para unha restauración que evitan a súa substitución con residuos de valorización alleos”

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/03/2019 13:54:59

María Montserrat Prado Cores na data 25/03/2019 13:55:04

Ana Pontón Mondelo na data 25/03/2019 13:55:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/03/2019 13:55:06

Olalla Rodil Fernández na data 25/03/2019 13:55:08

Noa Presas Bergantiños na data 25/03/2019 13:55:13



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Flora María Miranda Pena** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**

Exposición de motivos

A preservación do dereito á saúde é fundamental para a dignidade, integridade global e a equidade entre galegos e galegas.

Para elo é preciso que o Sistema Sanitario conte cunha dotación de persoal de Enfermaría que poda prestar aos cidadáns e cidadás os coidados necesarios para garantir o mantemento e/ou a recuperación da saúde.

O noso sistema sanitario non conta actualmente cunha lexislación específica que regule a asignación dun número máximo de pacientes aos profesionais enfermeiros e enfermeiras nos centros sanitarios e socio-sanitarios. O criterio de dotación de persoal de enfermaría nos servizos de saúde atenden a diversos factores, asociados principalmente á necesidade de reducir o déficit público, máis alá do interese en mellorar a calidade e a seguridade na prestación de coidados e da asistencia sanitaria. Isto incidiu no aumento das desigualdades e nunha insuficiente partida orzamentaria asignada á sanidade, o que levou a un aumento exponencial das cargas de traballo que deben soportar os e as enfermeiras, ademais das outras e dos outros profesionais que integran o sistema sanitario.





Existen desigualdades en número de enfermeiras e enfermeiros dentro do propio servizo de saúde, o que pode xerar unha disparidade na prestación dos cuidados enfermeiros, provocando un trato desigual aos cidadáns e cidadás, en función do centro sanitario e do territorio onde sexan atendidos.

Actualmente, segundo os datos ofrecidos por organismos internacionais e sociedades científicas, atopámonos moi lonxe da media europea en canto á ratio enfermeira/paciente, xa que nos atopamos coa metade de profesionais enfermeiros e enfermeiras na prestación da asistencia sanitaria no noso país. En concreto, segundo datos da OCDE, contamos con 5,3 enfermeiras/os por cada 1.000 habitantes, fronte á media dos países do noso entorno que contan con 8,8 enfermeiras/os e moi lonxe de países como Dinamarca, Finlandia ou Alemaña con 16,9, 14,7 e 13,3 enfermeiras respectivamente por cada 1.000 habitantes.

Estas cifras indican o déficit de profesionais da enfermaría que presenta o noso sistema sanitario e sociosanitario. E, ademais, debido á conxuntura económica sinalada, os sistemas de provisión das plantillas víronse en boa medida paralizados, polo que se agravaron os déficits de profesionais da enfermaría dado a que nin tan sequera se substitúen na súa totalidade as baixas laborais nin as vacantes xeradas por xubilacións ou outras causas.

A isto hai que engadirle os altos índices de temporalidade que precarizan a actividade laboral e asistencial que prestan as enfermeiras e enfermeiros, e que os servizos de saúde en xeral contan cunha plantilla cada vez máis avellentada. Todo elo contribuíu ao empeoramento das condicións de traballo que sofren todos os e as profesionais e a unhas altísimas taxas de estrés e burnout acreditadas.

Estas baixas ratios supón un risco directo sobre a vida dos cidadáns, aumentando a forma clara, segundo as evidencias dispoñibles, a súa mortalidade e a súa





morbilidade , e incrementando o custe sanitario polo aumento das estancias hospitalarias e o consumo de outros recursos.

Se a todo isto lle sumamos a necesidade de dar una resposta ao avellentamento progresivo da poboación e ao aumento da cronicidade de numerosas patoloxías, faise aínda máis necesario dotar ao sistema sanitario e socio sanitario dun número de profesionais enfermeiras suficiente coa finalidade de garantir a calidade dos coidados, a seguridade dos e das cidadáns e a sostenibilidade do propio sistema sanitario e socio sanitario.

Neste sentido é preciso recordar que as enfermeiras e enfermeiros teñen un papel fundamental na prevención e na promoción da saúde o que incide directamente na diminución das complicacións que poidan presentar as diversas patoloxías, aportando benestar aos cidadáns e diminuindo notablemente o gasto sanitario a medio e longo prazo.

A dotación axeitada no número de enfermeiras e enfermeiros que presten a súa asistencia no conxunto do sistema sanitario non se debe considerar simplemente como un gasto, senón, polo contrario, supón una inversión na saúde dos cidadáns e na calidade da atención que reciben, así como unha maior garantía de seguridade para os pacientes, sen prexuízo da incidencia positiva que tamén ten sobre as condicións de traballo.

Este investimento que o sistema sanitario e sociosanitario debe realizar, adecuando o número de profesionais enfermeiras para dar garantía da atención en coidados de calidade aos cidadáns, leva aparelado un aforro económico para o propio sistema, xa que se verían reducidos os efectos adversos, reingresos e estancias hospitalarias, que supón un custe aínda maior que o investimento realizado na mellora da dotación de profesionais de enfermaría.





O contar cun número de efectivos suficiente suporía ver diminuída a sobrecarga asistencial das e dos enfermeiros, reducindo a posibilidade de cometer erros na atención que prestan, aumentando a calidade asistencial, mellorando os tempos de atención e o trato humano. Dando deste xeito cumprimento ao obxectivo fundamental da mellora da calidade de vida da poboación, garantindo a axeitada protección dos pacientes e a atención ás necesidades actuais dos cidadáns.

Ante o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que inste o Goberno do Estado a:

- 1.- Impulsar a aprobación nas Cortes Xerais dunha lei que determine o número máximo de pacientes asignados a cada enfermeira ou enfermeiro, en cada nivel de atención hospitalaria e centro de atención primaria, asegurando deste xeito que serán tratados cos mesmos niveis de coidados independentemente do lugar onde residan.
- 2.- Establecer unha dotación axeitada de enfermeiras/os que poidan garantir unha atención segura á poboación con igualdade e equidade, mellorando así a cohesión territorial en materia sanitaria e socio sanitaria.
- 3.- Garantir, a través do establecemento do número máximo de pacientes por enfermeira/o que as profesionais enfermeiras poidan traballar cunha carga laboral axeitada, o que repercutirá positivamente na saúde e seguridade no traballo e asegurará unha atención segura na prestación dos seus coidados.





4.- Asegurar a través do establecemento destas ratios, a sostibilidade do sistema sanitario, ao dotalo do número suficiente de enfermeiras e enfermeiros como investimento prioritario xerador de importantes retornos económicos, sociais e de saúde da poboación.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 26/03/2019 11:52:27

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 11:52:38



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.^a**, sobre a amortización de prazas de AAMM.

Exposición de motivos:

Dende En Marea, vimos de denunciar que desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e dende Medio Rural, se realizou unha proposta de amortización de postos de traballo nas que se inclúen 4 prazas de axente que afectarán aos distritos: V- Fisterra, VI -Mariña Lugo, XIII- Valdeorras-Trives e XIX-Caldas-O Salnés. Pola contra estas prazas servirán para a creación de 4 prazas no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Nalgúns destes distritos como a Mariña os axentes ademais son os encargados da vixilancia da praia das Catedrais en Lugo, con motivo da máxima afluencia de visitantes permitida, nos períodos vacacionais (Semana Santa, verán). No caso do XIII, Valdeorras-Trives, ademais da súa complexidade pola extensión e a orografía, producíronse nos últimos días incendios devastadores en Laza, Lobeira, Chandrexa de Queixa, A Mezquita, Viana do Bolo, O Carballiño, A Gudiña, Viana do Bolo, Manzaneda, Cualedro e Padrenda, A Teixeira, Viana y Verín e Manzaneda, todos entre os distritos XII, XIII, XIV e XV.

Entre os traballos que realizan os axentes están a protección, vixilancia e control da superficie dentro da Rede Natura e dos espazos naturais protexidos, control,





vixilancia e supervisión dos tecores de Caza, zonas libres de caza, zonas de exclusión, refuxios de fauna, tamén a vixilancia dos coutos de pesca, tramos libres de pesca sen morte, vedados, zonas de desove, encoros, realizan inventarios e censos de especies cinexéticas e piscícolas, encárganse da protección de especies protexidas (píllara, aguia real...), inspeccionan os danos producidos pola fauna salvaxe (xabaril, lobo, córvidos, corzos), fan informes, actas, e denuncias; así como a vixilancia constante diúrna e nocturna contra o furtivismo de caza e pesca, o control do uso público de montes e ríos, xestión e trampeo de especies invasoras, recollida e transporte de fauna ferida ou en certos casos morta (lobos), xestións de cortas ripícolas na zona de servidume de augas, e xestións de aproveitamentos e obras (cortas, rozas..) en zonas protexidas entre outras.

Non só non se deben amortizar esas 4 prazas, senón que se deberían ampliar os efectivos nestas zonas.

A asociación profesional ve nesta unha decisión unilateral da Consellería, que non se consultou ao persoal afectado: as axentes forestais e axentes facultativos medioambientais que traballan nestes distritos.

É vital conservar as actuais prazas de Axentes Forestais e Medioambientais que existen en toda Galicia, xa que este servizo actualmente é deficitario pola carga de traballo que este colectivo ten que realizar a diario.

É fundamental que se creen novas prazas para a realización do traballo por parellas, que implique unha mellora na seguridade, na eficacia e na calidade do desenvolvemento das tarefas tanto de carácter administrativo como as de carácter policial.

Denuncia tamén esta asociación APRAFOGA que mentres que na Consellería de Medio Rural se cobren con persoal interino todas as prazas tanto vacantes como non vacantes das que dispoñen na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e





Vivenda, non se convocan procesos de oposición para cubrir as actuais prazas vacantes e tampouco se cobren as mesmas con persoal interino.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en comisión 2ª.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Convocar oposicións en número suficiente para que todos os distritos teñan efectivos suficientes para a realización por parellas en cada quenda.
- 2.- Cubrir as prazas vacantes con persoal interino, mentres non saian a oposición.
- 3.- Crear como mínimo 4 prazas de axente forestal e axente facultativo medioambiental no Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- 4.- Retirar a amortización de 4 prazas por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- 5.- Incluír a necesidade de aumento de prazas e non amortización das mesmas na reunión solicitada con data do 26-02-2019 e pendente de convocatoria por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados e voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 26/03/2019 13:14:30

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 13:14:38

Antón Sánchez García na data 26/03/2019 13:14:44

Marcos Cal Ogando na data 26/03/2019 13:14:52



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Laza tiña 1.287 habitantes en 2018, dos cales o 46,5% tiña máis de 65 anos, cun índice de envellecemento de 705,59, un dos máis elevados do País.

Segundo as rateos recomendadas pola OMS, a poboación do Concello de Laza debería ter dispoñibles 30 prazas de residencia de maiores.

O Concello de Laza non conta con centro de residencia de maiores nin con centro de día.

Segundo a Xunta, a 28 de decembro de 2018, en Laza había unha persoa en lista de agarda para recurso de Centro de Día.

A cidadanía de Laza demanda máis recursos de atención a persoas maiores e, concretamente, prazas públicas en residencias de maiores.

Nos concellos da contorna, da comarca de Verín, tamén hai un déficit de prazas en residencias e centros de día de carácter público.

Non hai residencia en Castrelo do Val.





En Cualedro hai unha minirresidencia municipal de 23 prazas, con ningunha financiada pola Xunta, e un centro de día municipal.

En Monterrei hai un fogar residencial, con 24 prazas, privadas, e unha vivenda comunitaria con 12 prazas, ningunha financiada. Segundo a Xunta hai unha persoa en lista de agarda para centro de día.

En Oímbra hai un centro de día do Consorcio, con 21 prazas.

En Riós hai unha residencia privada de 40 prazas, ningunha financiada.

En Verín hai unha residencia privada con 150 prazas, ningunha financiada. Segundo a Xunta hai dúas persoas en lista de agarda para centro de día.

En Vilardevós hai unha residencia do Consorcio de 24 prazas e un centro de día tamén público con 40 prazas, así como un centro de día con 12 prazas.

En conxunto, na comarca de Verín, entre públicas e privadas, hai 284 prazas, cando, segundo a OMS, tendo en conta que na comarca hai 8.619 persoas maiores de 65 anos, debería haber 431.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Aumentar o número de prazas públicas na comarca de Verín ata acadar a rateo recomendada pola OMS antes de 2022.





2. Impulsar unha residencia de maiores pública no Concello de Laza.
3. Aumentar o número de prazas públicas en centros de día na comarca de Verín.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Davide Rodríguez Estévez
Deputada e deputado do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 26/03/2019 16:23:31

David Rodríguez Estévez na data 26/03/2019 16:23:38

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 16:23:45



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **EN MAREA**, a través dos seus deputados Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Paula Quinteiro Araújo e Paula Vázquez Verao, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª**.

Exposición de motivos

A vaga de lumes non ten paradoiro en Galicia. En Marea xa alertaba da desestacionalidade e do cambio climático que afecta a nosa comunidade de xeito incisivo, que este ano no mes de febreiro converteu a nosa comunidade nunha das comunidades máis secas, e o mes de febreiro como un dos máis cálidos, convertendo o noso país na nova “Galifornia”.

Despois da vaga de lumes do ano 2017 no mes de outono, no que faleceron 4 persoas, o Presidente da Xunta anunciou un paquete de 30 medidas, un *“acordo forestal que iría do ámbito da prevención ata o da extinción e persecución do terrorismo incendiario”* entre as que se atopaban algunhas que eran de obrigado cumprimento por estar previstas xa nas leis. Boa parte das medidas xa estaban recollidas na lexislación, aínda que se incumprían sistematicamente, só 5 das medidas eran novas.

A Fiscalía Superior de Galicia determinou que non existira tal trama criminal detrás dos lumes, nos que arderon máis de 49.000 hectáreas entre os días 8 e 15 de outubro do ano 2017.

A primeira revisión do plan forestal continúa entre outras medidas:



- a planificación rexional de prevención, defensa e extinción contra os incendios forestais e establecer os medios, actuacións, criterios técnicos e as directrices de traballo para a correcta prevención e defensa contra incendios forestais pola administración;
- a aplicación da silvicultura e traballos preventivos;
- revisión do plan específico de defensa ou PLADIGA,
- plans de prevención e defensa contra os incendios forestais nos distritos, e nas parroquias de alta actividade incendiaria, nos que se realizan traballos preventivos: devasas, vías de acceso e puntos de auga polas persoas titulares do monte en convenio coa Administración);
- establecemento de redes de faixa de biomasa;
- establecemento de sistemas de videovixilancia a través de cámaras nos montes.

Este ano leva ardido en 3 meses o que ardeu todo o ano pasado.

As 30 medidas da Xunta amosaron a ineficacia e o incumprimento unha vez máis, e que nos deixan á vontade do tempo na loita contra os lumes. Non hai unha análise clara das causas dos incendios e non hai un proxecto para afrontar os problemas, nin unha predición dos resultados e o seu prazo de efecto, e así non se traballa na prevención, senón na extinción e control.

A desertización, o cambio climático, o aumento das temperaturas e uns climas cada vez máis extremos con temperaturas moi altas para a época do ano na que estamos, non fan máis que agravar a produción de lumes e os seus efectos, que derivan en Arson ou grandes lumes, imposibles de controlar pola magnitude que acadan e que teñen na biomasa caldo de cultivo e nos eucaliptos os seus grandes aliados para propagarse con rapidez e virulencia, afectando cada vez a un terreo máis extenso.





Esta noite producíronse varios incendios como o que asolou unha vivenda no Barco de Valdeorras; o de San Xoán de Laíño, concello de Dodro, castigado na vaga de incendios do 2017, que obrigaba a cortar a estrada comarcal AC-305 e que arrasou xa 800 hectáreas, un lume que xa afecta a Rianxo, ademais de provocar cortes na autovía do Barbanza entre os quilómetros 10 e 17 desde as 10,00 horas desta mañá.

Outros incendios afectaban a Argalo, en Noia, no que arderon 20 hectáreas; o incendio en Lousame, que afecta a máis de 40 hectáreas; en Ribeira que afectou ao casco urbano e nas Pontes, onde xa arderon máis de 20 hectáreas.

Onte, outros incendios no concello lucense de Muras queimaban 83 hectáreas e dous en Ourense, en Chandrexa de Queixa e Vilariño de Conso, arrasaban cada un con 25 hectáreas.

Onte ardían máis de 75 hectáreas na provincia de Ourense, así en Padrenda 21 hectáreas, un lume que empezara o sábado as 19.20 da tarde, en Chandrexa de Queixa no que arderon 25 hectáreas e outras tantas en Lobeira, no parque natural do Xurés.

Ás condicións medioambientais hai que engadir un vento que dificulta as tarefas das brigadas e do persoal contralumes.

A Xunta que sempre vai a golpe do que pasa deixou en suspenso os permisos concedidos para queimas e prohibiu o uso do lume para calquera actividade agrícola e forestal.

Por todo o exposto, o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.





O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1 - Dedicar o mesmo orzamento que se dedica á Unidade Militar de Emerxencias na defensa, prevención e extinción de incendios forestais (83.500.000 euros, segundo os PGE) na contratación de recursos persoais e materiais en prevención contra incendios, que traballarán todo o ano no ámbito da prevención extinción de incendios.

2.- Mobilizar todos os efectivos na loita contra incendios.

3.- Revisar e establecer os períodos de alto, baixo e medio risco de incendio, adaptados a cada ano.

4.- Ampliar o número de dotacións e unidades dedicadas á prevención e extinción de incendios.

5.- Incrementar a duración a 12 meses da prestación do servizo das persoas traballadoras contratadas como fixas descontinuas.

6.- Substituír ao persoal traballador fixo do operativo contra incendios nos casos de IT e nos períodos vacacionais, para dar servizo as 24 horas en quendas de traballo e a cobertura de todos os distritos que non obriguen ao desprazamento e que obrigan a mobilizarse aos dispositivos deixando sen cobertura a outras zonas.

7.- Reforzar e executar o mando único operativo e real de todas as emerxencias de Galicia, garantindo a coordinación de todos os corpos.

8.- Aprobar un Protocolo de Coordinación dos dispositivos de prevención e extinción de Incendios:

- co resto dos organismos, estruturas e recursos,
- entre os diferentes dispositivos que actúan na extinción de incendios,
- perfectamente habilitado para intervir en Portugal e viceversa,





- protocolos de actuación para os lumes de interface, onde mínimo actúan bombeiros urbanos e forestais.

9.- Ofrecer unha formación continua, regulada, estándar e de calidade a todo o persoal e dispositivos que traballan na prevención e extinción de incendios, coa formación práctica a través de probas e simulacros de coordinación entre os diferentes dispositivos intervincentes na extinción de incendios.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araújo

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputadas, deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 26/03/2019 17:57:55

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 17:58:05





Antón Sánchez García na data 26/03/2019 17:58:13

Paula Quinteiro Araújo na data 26/03/2019 17:58:20

Paula Vázquez Verao na data 26/03/2019 17:58:29



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa dos seu deputado **Davide Rodríguez Estévez, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García** e a través do voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**, relativa o estado da estrada OU-636, entre a Pobra de Trives e Freixido, da cal é titular a Xunta de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As estradas representan o eixe central do desenvolvemento dos pobos e das súas comunidades.

A seguridade viaria, ten que deixarnos a todas exentas de perigo, dano ou risco, e a Xunta de Galicia ten a responsabilidade nestas estradas de previrmos dos accidentes de tráfico co obxectivo de protexer a vida das persoas.

A estrada é o único medio de comunicación que está presente en todos os lugares e poboacións, polo que ordena a totalidade do territorio. As estradas ofrecen unha función social adicional básica no funcionamento do país, en tanto soporte do transporte colectivo por autobús e demais servizos de transporte público, como o transporte individual.

A seguridade viaria ten que estar ben regulada por sinais de tránsito tanto horizontais como verticais, redución de velocidade ou bo firme para así poder evitar accidentes.





Requírense redes de estradas ordenadas e en boas condicións capaces de chegar a todos os lugares, tanto importantes como non tan importantes, a fin de percibir un amplo desenvolvemento viario servindo como temón que impulse cara a unha mellor calidade de vida.

As estradas bríndannos unha oportunidade de traballo para moitas persoas. Para o turismo, o comercio e a industria, o éxito dos seus pequenos e grandes negocios como paradores, depende da distribución dos seus produtos na estrada e da proximidade do consumidor que pode chegar directo ata a súa actividade por estrada.

En síntese, unha estrada é sinónimo de igualdade social debido a que a mesma pode ser usada por todas as clases sociais; é un medio de comunicación que une localidades distantes e reúne familias, amigos, promove o turismo interno dun país, xera impactos sociais positivos creando fontes de empregos polo que contribúe co desenvolvemento económico de comunidades e do país en sentido xeral, entre moitos outros beneficios mencionados anteriormente.

A estrada OU-636 entre a Pobra de Trives e Freixido, da cal é titular a Xunta de Galicia, ten unha distancia de 21´5 km nun trazado de curvas continuas pero que fai uns meses deixaba a opción o adiantamento entre vehículos en rectas con total seguridade para os usuarios da mesma.

Dende fai dous meses, con un pintado novo desta estrada, que fixo a Consellería de Infraestruturas, esta realidade mudou, quitando esas zonas de adiantamento e substituíndo estas por liñas continuas, o que fai que, dende Freixido a Pobra de Trives, atopamos a primeira zona para adiantar ós 12 km, e en total, estas zonas de adiantamento na totalidade do trazado son 3, o que fai, sumado a dificultade da estrada, que se fagan colas de ata 30 coches detrás dun vehículo pesado e con traxectos de máis de 40 min.





Por todos estes feitos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incluír na obra de mellora do trazado e o deseño da estrada que a Xunta de Galicia ten para esta, o repintado da mesma para que quede na mesma situación que se atopaba antigamente.

Santiago de Compostela, a 26 de marzo de 2019

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 26/03/2019 18:24:59

Antón Sánchez García na data 26/03/2019 18:25:06





Marcos Cal Ogando na data 26/03/2019 18:25:14

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 18:25:21



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**.

Exposición de motivos

O Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente (Iidma) publicou un informe no que estima “os impactos sobre a saúde derivados das emisións contaminantes á atmosfera procedentes das centrais térmicas de carbón españolas no ano 2014 [último con datos públicos completos acerca das emisións], así como os seus costes sanitarios asociados”.

O estudo divídese en dúas partes. A primeira, simula a dispersión dos contaminantes empregando un modelo matemático; e a segunda completa a simulación con datos demográficos e epidemiolóxicos e cuantifica os efectos de ditas emisión sobre a saúde humana a nivel provincial, autonómico e nacional.

Os resultados de Galicia son preocupantes.

Galicia é a segunda comunidade con maior incidencia de mortes prematuras pola contaminación de centrais térmicas de carbón, só por detrás de Asturias. Na comunidade veciña, morren prematuramente 8,37 persoas por cada 100.000; na nosa terra, morren 3,48 por cada 100.000.





Se isto acontece é porque a Xunta de Galicia nunca se tomou en serio a necesidade de reducir as emisións contaminantes. Agora, o Plan Estratéxico para Galicia tenta maquillalo procurando unha redución dos gases do 20% para 2020, pero non atendendo ao ano que se toma como referencia internacionalmente, que é 1990, senón 2005, un dos anos con maiores emisións. Non se trata, por suposto, dun capricho, senón dunha torpe estratexema para disimular a súa incompetencia en materia medioambiental. En comparación con 1990, a diminución das emisións proxectada polo Goberno de Núñez Feijóo para 2020 é só do 2%, un cifra moito menos espectacular que o 20% do que falan os populares, pero que ofrece un mellor panorama da situación.

En resumo, a Xunta do Partido Popular pretende seguir ignorando a urxencia medioambiental provocada pola contaminación, así como os seus efectos prexudiciais na saúde.

Na nosa opinión, isto é inaceptable, polo que cómpre adoptar medidas que permitan revertir o actual modelo enerxético do país. Neste senso, o lidma propón:

- Iniciar a descarbonización do modelo enerxético, proponendo medidas de transición que aseguren o emprego ás persoas afectadas.
- Coordinar ao Goberno do Estado e ás autoridades autonómicas e locais para tomar medidas urxentes que permitan reducir os niveis de contaminación atmosférica cumprindo coas directrices establecidas pola OMS.
- Obrigar ás empresas enerxéticas a internalizar os custes externos asociados ao impacto negativo que provocan na saúde e no medio ambiente.





- Investir máis en enerxías renovables co obxecto de incrementar a produción de electricidade a partir desas fontes.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan específico, para presentarlle ao Goberno do Estado e aos concellos, co fin de coordinar as accións precisas dando resposta de maneira urxente ás demandas expresadas polo Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente no seu informe.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 26/03/2019 19:08:53

Antón Sánchez García na data 26/03/2019 19:09:11



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza do barrio da Ponte, en Chantada, así como a Asociación de Empresarios de Chantada e outros colectivos, denuncian a excesiva presión de tránsito de vehículos por unha zona estreita.

Deste xeito, propúxose que se realizase unha nova ponte para cruzar o río, e así poder peonalizar o barrio, pois, na actualidade, só se pode circular pola Estrada da Ponte, que continúa na LU-P-1801 e que, a pesar do seu pequeno tamaño, é de dobre sentido. Esta vía é a conexión das parroquias do Convento e Camporramiro con Chantada, alén de ser o acceso principal á vila de oito freguesías e de ter un acceso á N-540, converténdose nun dos principais puntos de conxestión do tráfico do Concello.

Ademais do tránsito e deambular a pé propio da veciñanza da zona, súmase o movemento propio de turistas, nomeadamente de peregrinas e peregrinos, ao pasar polo lugar o Camiño de Inverno. Trátase tamén dunha zona de relevancia para Chantada, como é a alameda, e para visitar a igrexa e o mosteiro de San Salvador de Asma, recentemente declarados Bens de Interese Cultural.

Para superar esta problemática, a maioría da veciñanza solicita a construción dunha nova ponte dende o Convento ata Chantada onde se atopa o transformador





de Fenosa. Deste xeito, melloraríase o atractivo do conxunto do barrio, ademais de facilitar o goce para a cidadanía do seu patrimonio histórico e cultural. A súa edificación eliminaría os atascos que se producen en determinadas horas; asemade, melloraríase a seguridade viaria en toda a zona.

A veciñanza afectada reuniuse coa Deputación de Lugo para trasladar a oposición a un proxecto de regulación do tránsito mediante semáforos, ao cal tamén fixera alegacións e sobre o que enviaran queixa á Valeduría do Pobo. Tras esta xuntanza, a Deputación freou o seu plan e deu a razón aos colectivos prexudicados, sinalando que se precisaría a colaboración do Concello e autorización da Confederación Hidrográfica.

Tanto a protección do Patrimonio como a promoción turística ou as obras públicas son competencias da Xunta de Galicia.

No PXOU de Chantada xa se contempla a construción dunha nova ponte sobre o Asma.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Poñerse en contacto coa veciñanza dos barrios da Ponte e do Convento para coñecer as súas reivindicacións.
2. Colaborar coa Deputación de Lugo e o Concello de Chantada para a construción dunha nova ponte para o tránsito sobre o Asma.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2019.





Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/03/2019 10:07:05

Luis Villares Naveira na data 27/03/2019 10:07:14



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**

Exposición de motivos

O 23 de febreiro do presente ano a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, acudiu á Feira Internacional de Ornitoloxía celebrada no Parque Nacional de Monfragüe, en Extremadura. Galicia estivo presente no evento cun stand que promocionaba 100 rutas de turismo ornitolóxico.

Segundo a nota de prensa da Xunta de Galicia, Nava Castro acudiu á feira porque “a Consellería de Cultura e Turismo impulsa dende fai varios anos experiencias como Galicia Birding, que achega as múltiples posibilidades que a nosa Comunidade ofrece para o turismo ornitolóxico e permite coñecer os espazos de alto interese ornitolóxico identificados en Galicia e distribuídos por toda a súa xeografía”.

Este interese da Xunta de Galicia polo turismo ornitolóxico non vai acompañado das actuacións precisas para a conservación deste patrimonio natural xa que trinta especies de paxaros vulnerables ou en perigo de extinción carecen aínda dun plan de conservación ou recuperación, malia que, como o propio Goberno reconece, terían que telo.

Isto pode comprobarse visitando a web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Nela, podemos atopar tres decretos de aprobación de plans





de conservación ou recuperación de especies ameazadas en Galicia, e un borrador. As especies ameazadas que son obxecto de protección por parte do Goberno galego son a pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus*; chortilejo patinegro, en castelán); o sapoconcho común (*Emys orbicularis*); a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher); e o oso pardo (*Ursus arcyops*).

As aves en perigo de extinción ou vulnerables son:

En perigo de extinción:

61. *Anas crecca* L. (Poboación nidificante)
62. *Aquila chrysaetos* L.
63. *Botaurus stellaris* L.
64. *Burhinus oedicephalus* L.
65. *Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher
66. *Gallinago gallinago* L. (Poboación nidificante)
67. *Milvus milvus* L.
68. *Numenius arquata* L. (Poboación nidificante)
69. *Puffinus mauretanicus* Lowe
70. *Tetrao urogallus* L. subsp. *cantabricus* Castroviejo
71. *Tetrax tetrax* L.
72. *Uria aalge* (Pontoppidan) (Poboación nidificante)
73. *Vanellus vanellus* L. (Poboación nidificante)

Vulnerables:

167. *Bubo bubo* L.
168. *Charadrius alexandrinus* L.
169. *Circus cyaneus* L.





- 170. *Circus pygargus* L.
- 171. *Haematopus ostralegus* L. (Poboación nidificante)
- 172. *Hieraaetus fasciatus* Vieillot
- 173. *Himantopus himantopus* L.
- 174. *Hydrobates pelagicus* L.
- 175. *Ixobrychus minutus* L.
- 176. *Luscinia svecica* L.
- 177. *Neophron percnopterus* L.
- 178. *Perdix perdix* L. subsp. *hispaniensis* Reichenow
- 179. *Phalacrocorax aristotelis* L.
- 180. *Rissa tridactyla* L.
- 181. *Scolopax rusticola* L. (Poboación nidificante)
- 197. *Pandion haliaetus* L.
- 198. *Phoenicurus phoenicurus* L.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a redactar e aprobar os 30 plans de conservación ou recuperación de aves vulnerables ou en perigo de extinción que terían que estar xa publicados, así como os plans de conservación ou recuperación das restantes especies vulnerables ou en perigo de extinción.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 27/03/2019 10:58:59

Antón Sánchez García na data 27/03/2019 10:59:09



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de fisioterapia na sanidade pública galega aínda non está de todo normalizado, pese a ser un servizo fundamental para a poboación. Un exemplo é o distrito sanitario da Mariña.

Na EOXI de Lugo derivábanse pacientes a diferentes centros da clínica Fisioterapia Lugo S.L., que cesou a relación contractual co SERGAS. O concerto coa empresa venceu no ano 2018 e mentres se estaba a tramitar un novo mantívose a relación contractual coa empresa mediante unha autorización de uso que vencía o 31 de decembro de 2018.

Así, en 2019, para asumir aos e ás pacientes de fisioterapia da EOXI, o Sergas informa que se procedeu a citalas en consultas externas do Servizo de Rehabilitación para revisión e reevaluación de determinados pacientes con patoloxías específicas que puideran verse modificadas durante a espera para a realización do tratamento e para a reasignación de centro; reevaluáronse e reconvertíronse as fichas de tratamento dos pacientes en lista de espera que foran derivados ó centro concertado e actualización da situación na mesma; analizáronse os recursos dispoñibles nos diferentes centros tanto a nivel hospitalario como de atención primaria de cara ao reforzo dos mesmos para





incrementar o número de pacientes a tratar neles; contratáronse 6 fisioterapeutas e 1 auxiliar de enfermería para o Servizo de Rehabilitación do Hospital Universitario Lucus Augusti de xeito que se comezase a tratar aos pacientes agudos/preferentes.

Na zona da Mariña hai pacientes con patoloxía crónica en lista de espera de tratamento de fisioterapia. A Xunta afirma que “resultou unha xestión máis complicada o reinicio dos tratamentos na Mariña que na cidade de Lugo”, e di que “a partir do 25 de febreiro restableceuse a atención na propia Mariña, sen necesidade de trasladarse a Lugo.”

En xeral, en Galicia existe un déficit de prazas públicas, estando lonxe de cubrir as rateos recomendadas pola OMS, co cal existen longas listas de agarda, tanto en Primaria como en Especializada.

A planificación e aumento de fisioterapeutas no Servizo Galego de Saúde, tería como consecuencia unha mellora no sistema, xa que unha correcta aplicación da rateo de fisioterapeutas na Atención Primaria así como unha eficiencia no desenvolvemento das súas funcións, diminuiría a saturación da especializada, mellorando a calidade do sistema e a xestión de recursos que non terían que ir a parar a centros privados por incapacidade da pública na prestación do Servizo.

Ademais, o envellecemento da poboación galega vai unido a un aumento de procesos crónicos que supoñen un incremento de gasto para o sistema e que en moitos casos a fisioterapia supón unha ferramenta importante que pode abordar os mesmos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a:





O Parlamento de Galicia insta á Xunta a adecuar as rateos de profesionais de fisioterapia no distrito sanitario da Mariña ao estipulado pola OMS.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/03/2019 13:48:51

Eva Solla Fernández na data 27/03/2019 13:49:00

Luis Villares Naveira na data 27/03/2019 13:49:14



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A extracción de mexilla, debido á súa localización e á convivencia de traballadores do mar dedicados a especies distintas como percebeiros ou como bateiros dedicados ao mexillón, produce interpretacións distintas das situacións e a normativa. Esta posible conflitividade sería facilmente resoluble se a Consellería do Mar tivera por hábito mediar e resolver as cuestións a través do diálogo, a normativización consensuada e o esforzo por fomentar os acordos e non os enfrontamentos, como habitualmente fai.

As situacións de lexítimo conflito de posicións e intereses de colectivos distintos precisa dunha administración resolutive, que non alimente os enfrontamentos con interese de debilitar ao sector para poder operar con maior poder, e que clarifique as normativas. Son precisamente as normativas as que deben resolver os problemas, e en función delas a Consellería do Mar ten estado ausente das interpretacións que se poden derivar.

A importancia fundamental do sector do mar precisa dunha consellería proactiva tanto na solución de tensións como, aínda mellor, na evitación do seu xurdimento. Existen en torno a 3.400 bateas en Galicia (das que máis de dous terzos están na ría de Arousa, o que evidencia o impacto que ten o sector en determinadas zonas de Galicia). É imprescindible traballar arreo en favor da produtividade do sector, e non poñer dificultades.

Froito destes escenarios de posibles tensións, pequenas e localizadas pero existentes entre colectivos, que se producen sobre a fonte de ingresos de moitos traballadores do mar, a Xunta de Galicia tense eximido dos problemas. Apenas ten habido resposta as cuestións que os grupos parlamentarios formulan no Parlamento de Galicia, ou ás demandas que as confrarías realizan sobre a propia administración.

Froito desta situación en canto á extracción de mexilla, sería necesario contar cunha Xunta de Galicia máis activa na procura do consenso.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir a normativa existente no que corresponde á extracción de mexilla, e fomentar os escenarios de diálogo co sector que promovan os acordos e consensos sobre ditas normativas entre os colectivos que defenden os seus intereses.

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/03/2019 17:57:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/03/2019 17:57:25



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.^a**.

Exposición de motivos

Datainvox, ferramenta ligada ao Ministerio de Industria e que ten como obxectivo o rexistro de datos de investimentos exteriores, vén de publicar o investimento exterior en España e nas diferentes CCAA para o conxunto do ano 2018.

Os datos amosados concretamente para Galicia son profundamente preocupantes. Así durante o período indicado, Galicia recibiu uns fluxos de capital estranxeiro que acadaron 65,45 millóns de euros dun total de 46.827 millóns que recibiu o conxunto de España. Este nivel de investimento equivale a dicir que o territorio galego foi destino soamente do 0,13% do investimento estranxeiro recibido no conxunto do país, unha porcentaxe totalmente insignificante tendo en conta que Galicia representa aproximadamente o 5,2% do PIB español.

Ante estes datos tan alarmantes, o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:





O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo unha estratexia de captación de investimento exterior que teña por obxectivo a captación anual por Galicia do 1% do investimento total recibido por España.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado, e deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 28/03/2019 11:26:54

Julia Torregrosa Sañudo na data 28/03/2019 11:27:13

Luis Villares Naveira na data 28/03/2019 11:27:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa á necesidade de consolidación e intervención arredor da torre medieval de Sande no concello de Cartelle para a súa boa conservación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Cartelle, na parroquia de Sande, atópase a coñecida como fortaleza ou torre de Sande, unha xoia medieval da nosa historia que se levanta sobre unha superficie rochosa erguéndose a máis de 500 metros de altura.

Esta estrutura constitúe un dos vestixios de arquitectura de funcionalidade militar existentes na comarca, o que salienta a importancia desta na Idade Media. Así mesmo, cómpre recordar que a torre foi declarada como de Interese Turístico Nacional xa no 1949 e atópase tamén baixo a protección da Declaración xenérica do Decreto de 22 de abril de 1949 e da Lei nº 16/1985 sobre o Patrimonio Histórico Español.

No ano 2009 a Consellería de Cultura prevía a consolidación e posta en valor das fortalezas e torres militares das comarcas da Limia, Verín e Terras de Celanova que tería incluído esta torre alén doutros espazos, porén non chegou a realizarse. Actualmente, esta construción recollida no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galiza da Xunta con protección xurídica de declaración de Ben de Interese Cultural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tal e como temos insistido as nacionalistas, cómpre recordar que a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza recolle no seu artigo 88 como patrimonio arquitectónico “a) Os bens propios da arquitectura defensiva, entendendo por tal todas as estruturas construídas ao longo da historia para a defensa e o control dun territorio do que forman parte. No conxunto da arquitectura defensiva destacan singularmente os castelos, as torres defensivas, as murallas e os muros circundantes urbanos, as construcións defensivas con baluartes e os sistemas defensivos que configuran, os arsenais navais, os cuarteis, as baterías de costa, as polvoreiras e os restos de todos eles, con independencia do seu estado de conservación, de se se encontran soterrados ou descubertos ou de se se integran ou non noutro ben inmovible. Todas estas tipoloxías de inmovibles construídos antes de 1849 teñen a consideración de bens de interese cultural.”

Malia estes recoñecementos e a importancia cultural, histórica e patrimonial da torre, actualmente atópase nun estado alarmante que require de intervención por parte das administracións. Veciñanza e colectivos sociais da zona veñen demandando, polo tanto, que as administracións asuman a responsabilidade de levar a cabo as actuacións necesarias para a súa conservación, garantir a seguridade no seu acceso e contribuír a conservar a memoria colectiva da nosa historia e valorizar o papel dunha zona afectada polo despoboamento do rural.

Malia o Partido Popular rexeitar as propostas que ten feito o Bloque Nacionalista Galego en diversas institucións, as necesidades da Torre continúan. Aínda que as nacionalistas entendemos que debера levarse a cabo un proxecto que valorice a importancia desta construción en relación coas construcións similares das comarcas limítrofes, o mínimo é que a Xunta de Galiza asuma a súa responsabilidade canto a unha necesaria colaboración institucional de cara a acadar unha mínima conservación e seguridade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a levar a cabo as actuacións necesarias para a consolidación da torre de Sande no Concello de Cartelle e evitar que continúe o seu deterioro e que sexa un risco para as persoas que alí se achega no prazo máximo de tres meses. Así mesmo, ínstase a retomar o diálogo co Concello de Cartelle de cara a desenvolver actuacións para a súa conservación e acceso, desenvolvendo se for preciso unha colaboración económica e en materia de asesoría patrimonial e de posta en valor. Así mesmo, ínstase a colaborar coas demais institucións e concellos da contorna de Cartelle de cara a valorizar as torres defensivas do sur de Ourense no seu conxunto.”

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2019 11:41:36

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2019 11:41:40

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2019 11:41:44

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2019 11:41:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2019 11:41:50

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2019 11:41:54



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

Os veciños afectados polo parque eólico de Sásdónigas en Mondoñedo denuncian que a empresa beneficiaria do parque eólico, Norvento, valora os terreos moi por debaixo do valor real do mercado a través do establecemento dun dereito de superficie mediante un único pago que representa unha media de menos de 1 céntimo por metro cadrado e ano. Ademais, no contrato fixa cláusulas absolutamente abusivas e intolerables como é a posibilidade de hipotecar o ben ocupado, ou o dereito de ir ao retracto en caso de venda.

Tamén din que a empresa, en plena “*fraude de lei*” merca as superficies de parcela que nunca poderán ser elevadas a públicas nin rexistradas porque non acadan as superficies mínimas establecidas no marco legal vixente, por prezos que a xuízo das persoas propietarias son cualificados como de “*usura*”.

As persoas prexudicadas directamente por este parque critican que Norvento entra a tratar cos propietarios do solo pero non ensina, nin permite estudar os contratos ata que se teñen asinados, incluso, poñen a desculpa de que ten que ser asinado tamén por un representante da beneficiaria que non está nese momento, e polo tanto non se lle entrega unha copia ao titular da parcela, a pesar de ter xa o seu obxectivo conseguido.

Así as cousas, a empresa adxudicataria das obras xa deu comezo á fase I, alegando que xa teñen asinado acordo con toda a veciñanza, pero esqueceronse de moitos, aos que lles entraron nas súas leiras, sen acordo e sen permiso.

Tal e como se pode constatar, unha vez iniciados os traballos da instalación do parque, os atentados contra o patrimonio cultural, ecolóxicos e medioambientais son terribles, esnaquizando todo o que atopan ao seu paso, causando danos no medio que nunca poderán volver ao seu estado natural, irreversibles en definitiva. Esnaquizan lagoas como a coñecida como a da Cabrita. Tapan fontes nas que bebe o gando durante todo o ano. Rompen o leito de turbeira existente. Tiran paredes de peches de fincas que forman parte da paisaxe e da fisionomía do territorio.



Polo tanto, estamos diante duns feitos, segundo puidemos constatar *in situ* neste mesmo enclave, nos que *Norvento* está actuando de xeito prepotente, esquilmando patrimonio público e privado, e o que é mais grave, menosprezando aos titulares do solo con prezos de usura.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º) Que actúe de mediador entre a veciñanza e a empresa *Norvento* para que ofrezca ás persoas propietarias dos terreos prezos dignos con alugares anuais actualizados segundo o IPC, atendendo aos valores reais de mercado e aos valores das propias fincas en si.
- 2º) Que se paralicen as obras ata que non haxa un entendemento entre todas as partes implicadas
- 3º) Que se protexan o Camiño de Santiago e o conxunto de lagoas que forman parte do equilibrio hídrico da zona.
- 4º) Que se retire a subestación de encima da coñecida como lagoa dos patos.

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/03/2019 11:08:15

Patricia Otero Rodríguez na data 28/03/2019 11:08:29

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/03/2019 11:08:41

María Luisa Pierres López na data 28/03/2019 11:08:58

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/03/2019 11:10:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/03/2019 11:10:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o BNG estamos preocupadas pola crise industrial que vive o noso país. Preocupadas porque no último ano, mentres no conxunto da economía galega se incrementa a ocupación en 32.300 persoas, a industria galega evoluciona en sentido contrario e sofre unha perda de 3.500 persoas ocupadas. Preocupadas particularmente pola crise da industria electrointensiva pola importancia deste tipo de empresas na nosa economía.

Á situación de empresas como Ferroatlántica ou de Alcoa Coruña, da que falamos agora, evidencian algo agora vén de sumarse a ameaza da multinacional de Alcoa de pechar unha das fábricas de San Cibrao. Esta situación ten xerado unha alarma social pola súa importancia económica para a Mariña Lucense e para todo o país. Se a planta de alúmina en Cervo emprega a máis 500 persoas, a de aluminio fai que o complexo industrial chegue a rondar os 1.200 traballadores. Unha cifra que se eleva a 2000 se temos en conta as auxiliares, que dependen en exclusiva desta matriz.

Recentemente o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego reuniuse co Comité de San Cibrao e trasladoulle a nosa solidariedade e compromiso de asumir como





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propias as súas reclamacións respecto das mudanzas que deben impulsarse na regulación do sector e ás que en absoluto daba resposta o decepcionante borrador de Estatuto de electrointensivas ao que o BNG, como outras forzas políticas e sindicais, alén da propia Xunta de Galiza, xa alegou.

A urxencia da situación require dunha fronte política ampla na que se asuma o mandato do Comité de San Cibrao e se desenvolvan os máximos esforzos políticos e sociais a prol dunha saída para Alcoa no seu conxunto.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza asumir como propias as liñas básicas reclamacións remitidas polo Comité de Empresa de Alcoa-San Cibrao e demandar do goberno central a regulación das seguintes cuestións nun novo marco enerxético:

1.- Modificar o sistema tarifario para que as industrias hiper-electrointensivas non soporten as seguintes peaxes que non forman parte do custo de produción da enerxía: Primas renovábeis, custes extrapeninsulares, pagos por capacidade, 2º parte do ciclo do combustible nuclear e déficit tarifario. Peaxes que deben ser asumidas polos Orzamentos do Estado para non repercutir no resto de consumidores.

2.- Por esta rebaixa no prezo da tarifa eléctrica, co esforzo social que supón pasar estas peaxes aos Orzamentos, as empresas, que se acollan a esta tarifa, deberá manter o emprego propio e fixo en todos os seus centros de traballo., así coma que garantan a adecuación ás novas tecnoloxías. Medidas que deben ser controladas pola Administración Pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Con cargo aos Orzamentos do Estado, a industrias hiper-electrointensivas terá a máxima compensación permitida pola UE, por CO2, por competir con industrias semellantes instaladas noutros países onde non se limitan as emisións de dióxido de carbono.

4.- Lexislar as opcións de contratos bilaterais entre as empresas hiper-electrointensivas e as compañías eléctricas segundo o modelo francés que permite asinar contratos a longo prazo, 10 anos. Favorecendo así plans industriais e de inversións.

5.- Ademais, para producir unha rebaixa xeral no prezo da electricidade, sen que repercuta no funcionamento do sector eléctrico, haberá que retirar do mercado maiorista (pool) as centrais hidráulicas e nucleares, que pasarán a cobrar por custes recoñecidos a proposta da CNMC.

6.- De manterse algún tipo de compensación pola interrompibilidade dentro do regulamento do Estatuto de Consumidores hiper-electrointensivos esta será como mínimo de carácter trianual.

7.- Até entrada en vigor desta nova tarifa, que é urxente e inaprazable, manteranse con carácter transitorio para as industrias electrointensivas as poxas anuais da interrompibilidade, mantendo a media dos importes dos últimos anos, cos mesmos bloques e recuperando o preaviso de parada de 2 horas.”

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2019 12:48:30

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2019 12:48:35

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2019 12:48:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2019 12:48:39

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2019 12:48:40

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2019 12:48:41



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Flora Miranda Pena**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 5.^a**

Exposición de motivos:

A Consellería de Sanidade está a despreparar unha actitude manipuladora en plans “sobre o papel” (léase, por exemplo, o de Atención Primaria) que carecen de concreción e dotación orzamentaria e non resolven de modo eficaz as necesidades de saúde de galegas e galegos. Ante eles, unha boa parte das profesionais néganse a ser cómplices das políticas que trouxeron ata aquí o lamentable estado asistencial galego e que en datas próximas se concretarán nunha folga pola defensa da Atención Primaria de Saúde.

Neste contexto, o Movemento Galego da Saúde Mental ven de emitir un informe sobre o estado das dotacións públicas para a atención á saúde mental. Nel constatan as carencias graves na dotación profesional e organizativa actual da rede asistencial. A atención ás necesidades da poboación galega neste eido non é posible sen dotacións suficientes.

O informe do MGSM reflexa que a crise económica producida nos últimos anos e a resposta do goberno á mesma incrementaron os trastornos psíquicos, as problemáticas de saúde mental e o sufrimento insoportable relacionado coas condicións de vida das persoas.





A pesar de que esta era unha consecuencia previsible e anunciada pola OMS, dende a Xunta de Galicia non se seguiu ningunha das súas recomendacións para reducir o impacto sobre a saúde mental da poboación.

Dende o ano 2009, a política de saúde mental en Galicia caracterízase pola parálise do desenvolvemento de recursos asistenciais e plans, polos recortes de prestacións e polo traslado a entes de titularidade privada atencións que correspondían á rede pública. Mentres, os informes sobre consumo de fármacos, frecuentación de servizos e percepción do estado de saúde daban conta do empeoramento da saúde mental de galegas e galegos neste período.

En xuño do 2017, o propio Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) presentou as "Orientacións marco para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental", que destacaban que o futuro plan debería desenvolverse en continuidade cos plans precedentes, e a súa elaboración debía partir da avaliación das necesidades de saúde e estado da rede asistencial.

O informe que o MGSM emitiu para avaliar esas necesidades reflexa que se está a producir un aumento na prevalencia da patoloxía mental. Galicia, xunto con Asturias. Ambas están moi por riba da media estatal.

Entre os anos 2011 e 2017, produciuse un aumento do 45% na porcentaxe de persoas que afirmaron ter un problema de saúde mental de tipo depresivo e foron diagnosticadas por un médico ou médica.

Segundo o xénero, as mulleres duplican a prevalencia observada en comparación cos homes (en 2017, móstranse unhas diferenzas de 14,35 vs 5,99% en ansiedade; 17,49 vs 7,96% en depresión; 3,01 vs 1,8% noutros problemas de saúde mental).

En poboación infantil, ata os 14 anos, obsérvase que mentres que a nivel estatal as cifras diminúen prodúcese unha tendencia contraria no caso de Galicia,





augmentando un 17% no caso dos trastornos de conducta entre os anos 2006 e 2017, e do 66% no caso de ansiedade-depresión no mesmo período temporal.

En canto ao xénero, nos trastornos da conduta os nenos teñen maior prevalencia que as nenas, inverténdose esta relación no caso de problemas de ansiedade e depresión.

Estímase que en Galicia hai 6.000 persoas con Trastorno Mental Grave maiores de 18 anos. Case a metade das persoas con trastorno mental de intensidade grave, e 3 de cada 4 con intensidade moderada, non acudiron nin a Atención Primaria nin a Especializada. Isto reflexa un problema, polo tanto, de accesibilidade ós servizos de saúde.

Entre os anos 2000 e 2012-13, produciuse un aumento do 57,4% no consumo de ansiolíticos e do 200% de aumento en consumo de antidepressivos.

A demanda de atención de saúde mental no Sergas foi medrando cos anos. Según datos da Consellería de Sanidade, un total de 8.094 persoas estaban á espera de primeira cita nos servizos de psiquiatría en xuño de 2018, fronte a un total de 4.623 que o fixeran en xuño de 2014.

Este é o contexto do que partimos: aumento moi importante dos problemas de saúde mental que requiren atención especializada, aumento moi preocupante de mortes por suicidio, aumento excepcional do consumo de psicofármacos, dificultades para acceder ós servizos de saúde mental, e inaccesibilidade a tratamentos psicolóxicos, tanto na infancia e adolescencia como en adultos.

Hai, polo tanto, suficientes indicadores sobre o aumento dos problemas de saúde mental, moito máis acusados en Galicia, con respecto á media estatal, como para que se traduzan nunha necesaria análise das necesidades asistenciais e de recursos profesionais e a posta en marcha de plans específicos.





Ao mesmo tempo, o informe do MGSM alerta da necesidade de dotación profesional. Temos no noso país un déficit de profesionais moi irregular en relación coas distintas profesións que traballan de forma especializada no ámbito da saúde mental: o 12% de déficit en TCAES, do 32% de psiquiatras, do 49 % en psicoloxía clínica e enfermaría, do 68% en terapia ocupacional e do 73.2 % en traballo social.

Por outra banda, as zonas con menor poboación vense practicamente privadas de facultativos especializados nas franxas de idades extremas, tanto da infanto-xuvenil como da atención psioxeriátrica, precisamente de maior vulnerabilidade. O informe tamén identifica unha maior necesidade de dotación de recursos orientados á integración na comunidade dos pacientes con trastorno mental grave.

Ante a situación que describe o informe do Movemento Galego de Saúde Mental da que nos facemos partícipes, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a deseñar e desenvolver un Plan de Saúde Mental para a atención integral digna ás galegas e galegos que contemple as necesidades descritas nos informes dispoñibles (sen prexuízo da elaboración de novos informes) e que exprese con compromisos concretos e reais a dotación profesional e orzamentaria necesaria para abordar tan demoledora realidade asistencial.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea



Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 28/03/2019 12:37:42

Luis Villares Naveira na data 28/03/2019 12:37:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza atravesa neste momento unha importante crise industrial coa perda de 3.500 persoas ocupadas menos neste ámbito no último ano. Dentro desta crise, a industria electointensiva galega merece un tratamento específico polo risco de perda de emprego e capacidade produtiva de empresas como Alcoa na Coruña ou San Cibrao e Ferroatlántica en Cee-Dumbría e Sabón, ao que poderían seguir outras empresas do país. Este sector ten un impacto fundamental para a economía galega, tanto polo que representa en volume de traballadores e traballadoras como de PIB.

Así mesmo, cómpre recordar que o Estatuto de Autonomía de Galiza inclúe no seu artigo 4.3. “que os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reitores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra”. En consonancia, no artigo 30.1 contéplase como corresponde a Galiza a competencia exclusiva en materia de “Fomento e planificación da actividade económica en Galicia” sinalándose no artigo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

30.7. a competencia para “O desenvolvemento e execución en Galicia de: a) Os plans establecidos polo Estado para a reestruturación de sectores económicos. b) Programas xenéricos para Galicia, estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas. c) Programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise”. Así mesmo, o Artigo 28 sinala que “É competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que esta estableza, das materias seguintes: (...) 3. Réxime mineiro e enerxético.”

Por estes motivos, polo que supón nesta conxuntura o sector electrointensivo galego e polas potestades do autogoberno galego é necesario abordar unha corrección da falta de colaboración, planificación e organización experimentada até momento entre Xunta de Galiza e goberno central. Dunha banda, unha Xunta de Galiza liderada por un Núñez Feijoo sen peso político cuxas demandas sobre o sector non foron tidas en conta. Doutra banda, un goberno central instalado na lóxica electoral e sen dar pasos máis firmes no borrador que recentemente coñecemos respecto do Estatuto de Electointensivas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno central para demandar un proceso de diálogo bilateral entre os poderes públicos galegos e a Administración central sobre a crise electrointensiva e as súas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

repercusións en Galiza e acordar medidas concretas a impulsar para alén das modificacións das políticas enerxéticas que afecten a Galiza. Así mesmo, demándase a constitución dunha mesa plural no prazo dun mes que inclúa a parte social para pactar as demandas a esixir.”

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2019 14:08:21

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2019 14:08:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2019 14:08:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2019 14:08:28

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2019 14:08:29

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2019 14:08:30



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**, sobre a restauración en terreos queimados para evitar así unha degradación maior nos concellos de Rianxo e Dodro, despois da desfeita provocada polo lume causado por unha chispa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia nin soubo prever e evitar os lumes do 2017, nin as 30 medidas anunciadas a bombo e prato no 2018 tiveron o efecto desexado, por incumprimento, e, agora, vai tardar en corrixir os danos causados polo primeiro grande incendio do ano en Galicia no que arderon 1.120 hectáreas.

Este incendio que se orixinou(segundo as hipóteses que manexa a propia Xunta) por mor dunha chispa dun cable de alta tensión, na parroquia de San Xoán de Laíño, en Dodro, e que se estendeu rapidamente debido á seca, as altas temperaturas e por un vento de nordés, calcinou en 2 días 900 hectáreas de monte arborado e 220 de monte raso.

Non podemos depender do grado de humidade na prevención contra os incendios. A prevención e a ordenación do monte, unha política forestal axeitada, cunha planificación e unha ordenación do territorio con sentido, son a clave na loita contra os incendios nunha era na que a desertización e o cambio climático van afectar ao noso país principalmente.





Nestes días o factor 30-30-30, máis de 30º de temperatura, 30% ou menos de humidade e 30 km/h de vento ou máis, condicións idóneas para un grande lume, no que ademais había temporal na costa, de nordés; contribuíu a que se intensificara e se propagase este incendio.

O principal agora é protexer o monte e a restauración do mesmo. O control e restauración da superficie queimada; estamos no mes de marzo e é previsible que nalgún momento as augas de abril fagan a súa presenza podendo afectar aos bancos marisqueiros de Rianxo, ao ser este un concello con costa e estar conectado Dodro co mar a través do río Ulla. Débeselle axudar ás comunidades de montes na tala e retirada da madeira e cunha liña de axudas a través da Consellería de Medio Rural. Fai falta un plan público de restauración deste monte queimado polo maior incendio despois da vaga de lumes de outubro de 2017.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. - Elaborar e executar un plan público de restauración das terras queimadas nos concellos de Dodro e Rianxo antes de finais de ano.
2. - Aprobar e executar medidas de corrección da erosión, e das escorrentas mediante faixas, baixo protocolos e supervisión técnica, que garantan que non se contaminen as augas e que garantan a supervivencia dos bancos marisqueiros de Rianxo.





3.- Abrir unha liña de axudas para reparar as infraestruturas afectadas.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 28/03/2019 17:35:49

Antón Sánchez García na data 28/03/2019 17:35:57

Luis Villares Naveira na data 28/03/2019 17:36:04



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Segundo datos do IGE, máis de 270.000 galegos e galegas viven sós, 125.000 dos e das cales teñen máis de 65 anos. Debido ao envellecemento poboacional e ás baixas cifras de natalidade, os fogares unipersoais irán en aumento nos vindeiros anos, segundo indican as proxeccións de poboación chegarán aos 347.027 no ano 2031, e serán entón o 31,3 % do total.

A pesares de que non hai datos concretos, moitos deles e delas sofren o que se coñece como soidade non desexada, caracterizada porque as persoas que a padecen presentan unha falla ou déficit de relacións interpersoais, e senten a soidade como algo obrigado, que lles produce sufrimento. Trátase polo tanto dun fenómeno social, dunha experiencia fundamentalmente persoal, polo que a súa abordaxe se volve moi complexa.

Aínda que a soidade a pode experimentar calquera persoa, e existen outros colectivos en risco de padecela, son as persoas maiores as que representan as porcentaxes máis elevadas de soidade, e tamén son as que manifestan esta doenza como unha das súas principais preocupacións.

A soidade non desexada nas persoas maiores ten como causas principais: as dificultades de adaptación á xubilación, desvinculación social, circunstancias familiares adversas (viuvez, falla de contacto e dispersión dos fillos e fillas), perda de redes familiares e comunitarias e problemas de saúde (depresión continuada, enfermidades cardíacas, suicidio, maior taxa de mortalidade, estrés...).

Durante estes últimos anos foron moitas as administracións, dentro e fóra das nosas fronteiras, que puxeron en marcha iniciativas cuxo obxectivo é o de previr e abordar esta problemática, unha das máis coñecidas a creación do “Ministerio da Soidade” no Reino Unido, pero tamén moitas en concellos galegos que



elaboraron censos de persoas maiores que viven soas.

Dende o Grupo Socialista consideramos que o problema da soidade non desexada debe ser abordado de forma global por todas as administracións, consideramos necesario e prioritario tomar medidas para previlo e abordalo, a través dun coñecemento científico e estatístico máis profundo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Elaborar, durante a X lexislatura e en colaboración coa Fegamp, un informe que permita dimensionar o impacto do fenómeno da soidade en Galicia.

a) Dito documento conterá un censo de persoas maiores que viven soas en Galicia.

b) Tendo en conta os resultados deste informe, e en colaboración coa Fegamp, o Goberno de España, e a participación do terceiro sector, elaborar de maneira urxente unha Estratexia de prevención e atención á soidade non desexada en Galicia, que aborde de forma integral este fenómeno.

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/03/2019 18:08:32

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2019 18:08:37





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2019 18:12:54
Nº Rexistro: 48287
Data envío: 28/03/2019 18:12:54.008

Julio Torrado Quintela na data 28/03/2019 18:08:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/03/2019 18:08:45

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: h1MopMuOX1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa aos resultados do Programa bono emprega automoción para a formación e contratación de persoas desempregadas no sector da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de agosto de 2018 publicábase no Diario Oficial de Galiza a orde do 7 de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras do Bono emprega automoción para a formación con contratación de persoas desempregadas no sector da automoción en Galiza e se procede á súa convocatoria para o ano 2018. Presuntamente, estas axudas atopábanse incardinadas na axenda 20 para o emprego, para impulsar o emprego estable e de calidade e acadar un novo modelo produtivo de Galicia baseado no crecemento e no coñecemento.

Esta orde establecía as bases reguladoras para un programa de formación con contratación de persoas desempregadas nos sectores de actividade vinculados ao sector da automoción, e procedíase á convocatoria pública de axudas correspondente ao ano 2018 (procedemento TR301Y) denominado Bono emprega automoción e para o que as arcas públicas disponibilizaban 3 millóns de euros. Dita convocatoria foi pechada o pasado 1 de outubro de 2019.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sector de automoción en Galiza é unha actividade de vital importancia na economía galega, tendo unha forte incidencia no noso Produto Interior Bruto. Ten un gran peso específico, principalmente no sur do país. Porén, dende hai anos esta actividade esta sendo deslocalizada ao norte de Portugal e a outros países con baixos custes, implicando unha grande perda de postos de traballo, o que afecta gravemente ao noso país. Asemade, as entidades públicas como a Xunta de Galiza conceden subvencións con diñeiro público a moitas destas empresas do sector da automoción e cómpre fiscalizar a súa eficacia e impacto.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a remitir á cámara un informe detallado sobre os resultados do Programa bono emprega automoción para a formación e contratación de persoas desempregadas no sector da automoción así como de todas as axudas e subvencións concedidas na presente lexislatura para este sector.”

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2019 19:16:15

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2019 19:16:20

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2019 19:16:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2019 19:16:23

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2019 19:16:25

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2019 19:16:26





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita que a proposición non de lei con número de rexistro **46301** que foi cualificada pola Mesa para a Comisión 5ª **sexa reasignada** a Comisión 6ª.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2019

Asdo.: Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/03/2019 11:24:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 5 de setembro a veciñanza de Ourense vía con preocupación como aparecía o río Barbaña, ao seu paso pola praza de Abastos nº1, tinxido dun verde case fluorescente. Colectivos, policía local, etc. pensaron nun primeiro momento en que era unha vertedura. Desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente a situación do río ourensán Barbaña. As agresións a este río teñen sido unha constante ao longo da historia recente e urxe unha corrección de actitude por parte das administracións implicadas na responsabilidade desta situación.

Finalmente, a Consellaría de Economía, Emprego e Industria informou de que se trataba dunha cata termal. Porén, segundo informa a Confederación Hidrográfica, non foi avisado este organismo. Parece ser que o concello





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tampouco e isto xerou unha alarma innecesaria debido á falta de dilixencia da Xunta de Galiza.

O 22 de febreiro, segundo informacións da prensa, a Xunta de Galiza estaría a traballar nun estudo que daría viabilidade a unha meirande explotación termal na zona e á construción dun balneario. Curiosamente, ao mesmo tempo indícase que o estudo non está rematado.

A sociedade ourensá xa viviu hai máis dunha década como a ineptitude do Partido Popular nas institucións secaba as Burgas e tivo que organizarse para contestar os seus intereses urbanísticos sen planificación.

Así mesmo, este Grupo Parlamentar continúa no momento de asinar esta iniciativa agardando pola resposta do goberno a unha batería de preguntas rexistrada en setembro de 2018 sobre as razóns das catas termais que se están a realizar no río Barbaña, en Ourense, a súa posible relación co mantemento e a explotación da fonte das Burgas, coas termas de uso público e coas fontes da praza de Abastos nº 1, así como os datos referidos ás realizadas nos últimos cinco anos, as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co termalismo e a súa opinión respecto da situación dese río.

Polo tanto, é precisa unha meirande transparencia respecto destes pasos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a remitir de forma inmediata aos grupos parlamentares o resultado das catas no río Barbaña de cando menos os últimos cinco anos así como do estudo encargado respecto da zona das Burgas en Ourense.”

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2019 13:26:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2019 13:27:02

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2019 13:27:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2019 13:27:05

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2019 13:27:07

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2019 13:27:08





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita que a proposición non de lei con número de rexistro **46724** que foi cualificada pola Mesa para a Comisión 2ª **sexa reassignada** a Comisión 6ª.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2019

Asdo.: Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/03/2019 11:25:39





XUNTA DE GALICIA

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

REGISTRO XERAL ENTRADA

26 MAR 2019

48266

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

26 MAR. 2019

SALIDA

Num. 67

De acordo co previsto no artigo 117.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro), achégolle os seguintes documentos:

1. Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
2. Anexo de modificacións orzamentarias e situacións dos créditos.
3. Anexo do estado de execución de gastos de orzamentos pechados.
4. Anexo de información estatística da execución do orzamento de gastos.
5. Estado de execución orzamentaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
6. Estado de execución orzamentaria dos Organismos Autónomos (agás SERGAS).
7. Estado de execución orzamentaria das Axencias Públicas Autonómicas.
8. Estado de execución orzamentaria das Entidades Públicas Instrumentais de asesoramento ou consulta.

A citada documentación refírese ao **cuarto trimestre de 2018**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Xacobeo 2021

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 26/03/2019 10:45:57

CSV: h1MopMuOX1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
Código: 3WVWGLB331
Verificación: <https://sede.xunta.gal/boe>



Á MESA DO PARLAMENTO

Os **Grupos Parlamentarios de En Marea** e do **Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do Conselleiro de Cultura**, para dar conta da súa posición respecto do Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García
Portavoz S. do G.P. de En Marea
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 01/04/2019 10:25:25



Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2019 11:09:04





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Economía, Emprego e Industria para informar "sobre a situación que está a atravesar a industria en Galicia".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Data e Hora: 02/04/2019 09:05:34

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CSV: h1MopMuOX1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

CVE: AUKF4Y9J4X
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da secretaria xeral da Igualdade para dar conta do **“Informe anual 2018 sobre a situación da violencia de xénero en Galicia”** (inclúese un Informe anexo referido ás violencias sexuais), coa finalidade de dar cumprimento ao sinalado na Disposición adicional cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por GARCÍA-SERRODÁN AL VAREZ, BLANCA
Cargo: Dirección Xeral
Data e hora: 29/03/2018 17:57:14

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CSV: h1MopMuOX1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

01 ABR 2019

Num. 48415

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES E PARLAMENTARIAS

- 1 ABR. 2019

SAIDA 31

Num.

Solicitolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos- do director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, para informar sobre "A situación da débeda de Galicia, a raíz dos datos publicados recentemente polo Banco de España".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Achado por: GARCIA-SERDORIANIS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Data e hora: 01/04/2019 13:06:43

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CSV: h1MopMuOX1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

CVE: #hlyrcant1
Verificador: https://sede.xunta.gal/cve

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Interpelación**, sobre a protección do comercio tradicional galego.

O incremento de grandes superficies comerciais, a carestía dos alugueiros, a chegada de cada vez máis cadeas comerciais internacionais e negocios tipicamente turísticos son unha ameaza crecente sobre o comercio tradicional do noso país.

A día de hoxe son poucos os establecementos tradicionais que conseguen sobrevivir. Un tipo de negocios que, ao noso entender, debera gozar da máxima protección toda vez que non soamente son unha fonte de emprego nun país no que a inmensa maioría da poboación se ocupa en pequenas e medianas empresas, senón tamén porque estes negocios proveñen de capital autóctono, que normalmente volve invertirse no territorio, e, ademais, porque teñen unha esencia única, un valor engadido que nos diferencia doutros lugares e fan únicas as nosas vilas e cidades.

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta a seguinte Interpelación:

1.- Ten coñecemento a Xunta de Galicia de cantos comercios tradicionais pecharon na última década?





2.- Ten estudado a incidencia da alza de prezos dos alugueiros sobre o comercio tradicional?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 26/03/2019 11:40:19



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Paula Quinteiro Araújo e Paula Vázquez Verao, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

A vaga de lumes non ten paradoiro en Galicia. En Marea xa alertaba da desestacionalidade e do cambio climático que afecta a nosa comunidade de xeito incisivo, que este ano no mes de febreiro converteu a nosa comunidade nunha das comunidades máis secas, e o mes de febreiro como un dos máis cálidos, convertendo o noso país na nova “Galifornia”.

Despois da vaga de lumes do ano 2017 no mes de outono, no que faleceron 4 persoas, o Presidente da Xunta anunciou un paquete de 30 medidas, un “*acordo forestal que iría do ámbito da prevención ata o da extinción e persecución do terrorismo incendiario*” entre as que se atopaban algunhas que eran de obrigado cumprimento por estar previstas xa nas leis. Boa parte das medidas xa estaban recollidas na lexislación, aínda que se incumprían sistematicamente, só 5 das medidas eran novas.

A Fiscalía Superior de Galicia determinou que non existira tal trama criminal detrás dos lumes, nos que arderon máis de 49.000 hectáreas entre os días 8 e 15 de outubro do ano 2017.

A primeira revisión do plan forestal contiña entre outras medidas:

- a planificación rexional de prevención, defensa e extinción contra os incendios forestais e establecer os medios, actuacións, criterios técnicos e





- as directrices de traballo para a correcta prevención e defensa contra incendios forestais pola administración;
- a aplicación da silvicultura e traballos preventivos;
 - revisión do plan específico de defensa ou PLADIGA,
 - plans de prevención e defensa contra os incendios forestais nos distritos, e nas parroquias de alta actividade incendiaria, nos que se realizan traballos preventivos: devasas, vías de acceso e puntos de auga polas persoas titulares do monte en convenio coa Administración);
 - establecemento de redes de faixa de biomasa;
 - establecemento de sistemas de videovixilancia a través de cámaras nos montes.

Este ano leva ardido en 3 meses o que ardeu todo o ano pasado.

As 30 medidas da Xunta amosaron a ineficacia e o incumprimento unha vez máis, e que nos deixan á vontade do tempo na loita contra os lumes. Non hai unha análise clara das causas dos incendios e non hai un proxecto para afrontar os problemas, nin unha predición dos resultados e o seu prazo de efecto, e así non se traballa na prevención, senón na extinción e control.

A desertización, o cambio climático, o aumento das temperaturas e uns climas cada vez máis extremos con temperaturas moi altas para a época do ano na que estamos, non fan máis que agravar a produción de lumes e os seus efectos, que derivan en Arson ou grandes lumes, imposibles de controlar pola magnitude que acadan e que teñen na biomasa caldo de cultivo e nos eucaliptos os seus grandes aliados para propagarse con rapidez e virulencia, afectando cada vez a un terreo máis extenso.

Esta noite producíronse varios incendios como o que asolou unha vivenda no Barco de Valdeorras; o de San Xoán de Laíño, concello de Dodro, castigado na vaga de incendios do 2017, que obrigaba a cortar a estrada comarcal AC-305 e





que arrasou xa 800 hectáreas, un lume que xa afecta a Rianxo, ademais de provocar cortes na autovía do Barbanza entre os quilómetros 10 e 17 desde as 10,00 horas desta mañá.

Outros incendios afectaban a Argalo, en Noia, no que arderon 20 hectáreas; o incendio en Lousame, que afecta a máis de 40 hectáreas; en Ribeira que afectou ao casco urbano e nas Pontes, onde xa arderon máis de 20 hectáreas.

Onte, outros incendios no concello lucense de Muras queimaban 83 hectáreas e dous en Ourense, en Chandrexa de Queixa e Vilariño de Conso, arrasaban cada un con 25 hectáreas.

Onte ardían máis de 75 hectáreas na provincia de Ourense, así en Padrenda 21 hectáreas, un lume que empezara o sábado as 19.20 da tarde, en Chandrexa de Queixa no que arderon 25 hectáreas e outras tantas en Lobeira, no parque natural do Xurés.

Ás condicións medioambientais hai que engadir un vento que dificulta as tarefas das brigadas e do persoal contralumes.

A Xunta que sempre vai a golpe do que pasa deixou en suspenso os permisos concedidos para queimas e prohibiu o uso do lume para calquera actividade agrícola e forestal.

Por todo o exposto, o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

1. Que actuacións vai levar a cabo o Goberno da Xunta para tratar de evitar a vaga de incendios de 2017 neste mes de marzo de 2019?
2. Con que efectivos se conta para loitar contra os lumes nos diferentes incendios activos en Dodro e Rianxo? E no resto do país?
3. Cantos efectivos están adscritos a medios de extinción privados?





- 4.- Que medidas das adoptadas non se cumpriron?
- 5.- Cal é a orixe dos lumes que se deron nesta fin de semana?
- 6.- Pensa a Xunta que se a xestión da biomasa estivese correctamente feita habería estes lumes?
- 7.- Por que a Xunta deixa que recaia todo o peso da prevención e xestión da biomasa nos concellos e nos particulares? Pensa que cunha poboación avellentada e con baixas pensións e pola vía da expropiación vai conseguir deter os lumes?
- 8.- Por que a Xunta non aplica outras formas de prevención dialogadas e convenientes coas persoas?
- 9.- A canto ascendeu a colaboración da Xunta na limpeza dos montes?
- 10.- Cantas brigadas hai por concello?
- 11.- Cantos plans de ordenación hai rematados nos 19 distritos forestais?
- 12.- Cal é o número de axentes destinados a vixilancia por cada distrito forestal?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araújo

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira





Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 26/03/2019 17:55:47

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 17:55:56

Antón Sánchez García na data 26/03/2019 17:56:04

Paula Quinteiro Araújo na data 26/03/2019 17:56:12

Paula Vázquez Verao na data 26/03/2019 17:56:21



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A extracción de mexilla, debido á súa localización e á convivencia de traballadores do mar dedicados a especies distintas como percebeiros ou como bateiros dedicados ao mexillón, produce interpretacións distintas das situacións e a normativa. Esta posible conflictividade sería facilmente resoluble se a Consellería do Mar tivera por hábito mediar e resolver as cuestións a través do diálogo, a normativización consensuada e o esforzo por fomentar os acordos e non os enfrontamentos, como habitualmente fai.

As situacións de lexítimo conflito de posicións e intereses de colectivos distintos precisa dunha administración resolutiva, que non alimente os enfrontamentos con interese de debilitar ao sector para poder operar con maior poder, e que clarifique as normativas. Son precisamente as normativas as que deben resolver os problemas, e en función delas a Consellería do Mar ten estado ausente das interpretacións que se poden derivar.

A importancia fundamental do sector do mar precisa dunha consellería proactiva tanto na solución de tensións como, aínda mellor, na evitación do seu xurdimento. Existen en torno a 3.400 bateas en Galicia (das que máis de dous terzos están na ría de Arousa, o que evidencia o impacto que ten o sector en determinadas zonas de Galicia). É imprescindible traballar arreo en favor da produtividade do sector, e non poñer dificultades.

Froito destes escenarios de posibles tensións, pequenas e localizadas pero existentes entre colectivos, que se producen sobre a fonte de ingresos de moitos traballadores do mar e, por tanto, sobre cuestións fundamentais, a Xunta de Galicia tense eximido dos problemas. Apenas ten habido resposta as cuestións que os grupos parlamentarios formulan no Parlamento de Galicia, ou ás demandas que as confrarías realizan sobre a propia administración.

Froito desta situación en canto á extracción de mexilla, sería necesario contar cunha Xunta de Galicia máis activa na procura do consenso. No Parlamento de Galicia, en recente sesión da Comisión 8ª, propúxose a votación da creación dunha mesa de negociación co sector para resolver os posibles conflitos



existentes ao fío da extracción de mexilla, froito dunha iniciativa do Grupo Socialista. Esta proposta foi rexeitada polo Grupo Popular.

Por todo o exposto, o deputado que asina interpela ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera a Xunta de Galicia que existe algunha conflitividade sobre a extracción de mexilla entre colectivos de percebeiros e bateiros dedicados ao mexillón?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia algunha acción destinada a fomentar o consenso e acordo entre colectivos que presentan intereses diversos sobre a extracción de mexilla?
3. Considera a Xunta de Galicia que a normativa existente sobre a extracción de mexilla é axeitada? Estase cumprindo?

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/03/2019 18:00:51



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

A Consellería de Sanidade está a despregar unha actitude manipuladora en plans “sobre o papel” (léase, por exemplo, o de Atención Primaria) que carecen de concreción e dotación orzamentaria e non resolven de modo eficaz as necesidades de saúde de galegas e galegos. Ante eles, unha boa parte das profesionais néganse a ser cómplices das políticas que trouxeron ata aquí o lamentable estado asistencial galego e que en datas próximas se concretarán nunha folga pola defensa da Atención Primaria de Saúde.

Neste contexto, o Movemento Galego da Saúde Mental ven de emitir un informe sobre o estado das dotacións públicas para a atención á saúde mental. Nel constatan as carencias graves na dotación profesional e organizativa actual da rede asistencial. A atención ás necesidades da poboación galega neste eido non é posible sen dotacións suficientes.

O informe do MGSM reflexa que a crise económica producida nos últimos anos e a resposta do goberno á mesma incrementaron os trastornos psíquicos, as problemáticas de saúde mental e o sufrimento insoportable relacionado coas condicións de vida das persoas.

A pesar de que esta era unha consecuencia previsible e anunciada pola OMS, dende a Xunta de Galicia non se seguiu ningunha das súas recomendacións para reducir o impacto sobre a saúde mental da poboación.





Dende o ano 2009, a política de saúde mental en Galicia caracterízase pola parálise do desenvolvemento de recursos asistenciais e plans, polos recortes de prestacións e polo traslado a entes de titularidade privada atencións que correspondían á rede pública. Mentres, os informes sobre consumo de fármacos, frecuentación de servizos e percepción do estado de saúde daban conta do empeoramento da saúde mental de galegas e galegos neste período.

En xuño do 2017, o propio Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) presentou as "Orientacións marco para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental", que destacaban que o futuro plan debería desenvolverse en continuidade cos plans precedentes, e a súa elaboración debía partir da avaliación das necesidades de saúde e estado da rede asistencial.

O informe que o MGSM emitiu para avaliar esas necesidades reflexa que se está a producir un aumento na prevalencia da patoloxía mental. Galicia, xunto con Asturias. Ambas están moi por riba da media estatal.

Entre os anos 2011 e 2017, produciuse un aumento do 45% na porcentaxe de persoas que afirmaron ter un problema de saúde mental de tipo depresivo e foron diagnosticadas por un médico ou médica.

Segundo o xénero, as mulleres duplican a prevalencia observada en comparación cos homes (en 2017, móstranse unhas diferenzas de 14,35 vs 5,99% en ansiedade; 17,49 vs 7,96% en depresión; 3,01 vs 1,8% noutros problemas de saúde mental).

En poboación infantil, ata os 14 anos, obsérvase que mentres que a nivel estatal as cifras diminúen prodúcese unha tendencia contraria no caso de Galicia, aumentando un 17% no caso dos trastornos de conducta entre os anos 2006 e 2017, e do 66% no caso de ansiedade-depresión no mesmo período temporal.





En canto ao xénero, nos trastornos da conduta os nenos teñen maior prevalencia que as nenas, inverténdose esta relación no caso de problemas de ansiedade e depresión.

Estímase que en Galicia hai 6.000 persoas con Trastorno Mental Grave maiores de 18 anos. Case a metade das persoas con trastorno mental de intensidade grave, e 3 de cada 4 con intensidade moderada, non acudiron nin a Atención Primaria nin a Especializada. Isto reflexa un problema, polo tanto, de accesibilidade ós servizos de saúde.

Entre os anos 2000 e 2012-13, produciuse un aumento do 57,4% no consumo de ansiolíticos e do 200% de aumento en consumo de antidepressivos.

A demanda de atención de saúde mental no Sergas foi medrando cos anos. Según datos da Consellería de Sanidade, un total de 8.094 persoas estaban á espera de primeira cita nos servizos de psiquiatría en xuño de 2018, fronte a un total de 4.623 que o fixeran en xuño de 2014.

Este é o contexto do que partimos: aumento moi importante dos problemas de saúde mental que requiren atención especializada, aumento moi preocupante de mortes por suicidio, aumento excepcional do consumo de psicofármacos, dificultades para acceder ós servizos de saúde mental, e inaccesibilidade a tratamentos psicolóxicos, tanto na infancia e adolescencia como en adultos.

Hai, polo tanto, suficientes indicadores sobre o aumento dos problemas de saúde mental, moito máis acusados en Galicia, con respecto á media estatal, como para que se traduzan nunha necesaria análise das necesidades asistenciais e de recursos profesionais e a posta en marcha de plans específicos.

Ao mesmo tempo, o informe do MGSM alerta da necesidade de dotación profesional. Temos no noso país un déficit de profesionais moi irregular en relación coas distintas profesións que traballan de forma especializada no ámbito





da saúde mental: o 12% de déficit en TCAES, do 32% de psiquiatras, do 49 % en psicoloxía clínica e enfermaría, do 68% en terapia ocupacional e do 73.2 % en traballo social.

Por outra banda, as zonas con menor poboación vense practicamente privadas de facultativos especializados nas franxas de idades extremas, tanto da infancia-xuvenil como da atención psioxeriátrica, precisamente de maior vulnerabilidade. O informe tamén identifica unha maior necesidade de dotación de recursos orientados á integración na comunidade dos pacientes con trastorno mental grave.

Ante a situación que describe o informe do Movemento Galego de Saúde Mental da que nos facemos partícipes, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Interpelación:

- 1.- Cal é a política da Consellería de Sanidade de cara a coñecer a situación da atención á saúde mental das galegas e galegos, e a deseñar o plan necesario para abordala con dotación concreta de recursos asistenciais e profesionais?
- 2.- Por que motivo ten que ser unha organización como o Movemento Galego en Defensa da Saúde Mental (e non a propia administración sanitaria) quen elabore os informes necesarios para o coñecemento da realidade asistencial ás persoas con enfermidade mental en Galicia?
- 3.- Cales foron as dotacións orzamentarias e profesionais concretas nos últimos anos desenvolvidas pola Consellería de Sanidade para afrontar o visible repunte de necesidades en materia de saúde mental das galegas e galegos a raíz do sufrimento social infrinxido polo contexto socioeconómico?
- 4.- Que medidas concretas orzamentarias e de dotación profesional desenvolveron para afrontar a demoledora prevalencia dos suicidios en Galicia?





5.- Que medidas pensan desenvolver para unha óptima atención á saúde mental infantoxuvenil en Galicia?

6.- Que medidas adoptarán para abordar as necesidade psioxeríatricas da cada vez máis avellentada poboación galega?

7.- Como pensan dignificar a atención integral ás persoas con Trastorno Mental Grave en Galicia, incluíndo os recursos precisos para a súa integración comunitaria?

8.- Cales son as medidas que teñen pensado adoptar para compensar as graves eivas de accesibilidade do sistema sanitario público para as persoas con Trastorno Mental Grave e moderado?

9.- Cales son as medidas para compensar o grave déficit de especialistas en psicoloxía clínica, psiquiatría, enfermaría, TCAEs, traballadores sociais e terapeutas ocupacionais?

10.- Como pensan reducir as listas de agarda para as persoas que, sendo inicialmente diagnosticadas na Atención Primaria de Saúde, agardan por unha cita en recursos especializados en Saúde Mental?

11.- Como pensan incrementar a capacidade resolutiva da Atención Primaria de Saúde en problemas de saúde mental non graves?

12.- Valoraron a idoneidade da incorporación de profesionais da psicoloxía á Atención Primaria de Saúde?

13.- Cales son os recursos públicos que a Administración Sanitaria Galega ten planeado desenvolver para a atención de persoas con Trastornos por Abuso de Substancias?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019.



Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 28/03/2019 12:50:03



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Segundo datos do IGE, máis de 270.000 galegos e galegas viven sós, 125.000 dos e das cales teñen máis de 65 anos. Debido ao envellecemento poboacional e ás baixas cifras de natalidade, os fogares unipersoais irán en aumento nos vindeiros anos, segundo indican as proxeccións de poboación chegarán aos 347.027 no ano 2031, e serán entón o 31,3 % do total.

A pesares de que non hai datos concretos, moitos deles e delas sofren o que se coñece como soidade non desexada, caracterizada porque as persoas que a padecen presentan unha falla ou déficit de relacións interpersoais, e senten a soidade como algo obrigado, que lles produce sufrimento. Trátase polo tanto dun fenómeno social, dunha experiencia fundamentalmente persoal, polo que a súa abordaxe se volve moi complexa.

Aínda que a soidade a pode experimentar calquera persoa, e existen outros colectivos en risco de padecela, son as persoas maiores as que representan as porcentaxes máis elevadas de soidade, e tamén son as que manifestan esta doenza como unha das súas principais preocupacións.

A soidade non desexada nas persoas maiores ten como causas principais: as dificultades de adaptación á xubilación, desvinculación social, circunstancias familiares adversas (viuvez, falla de contacto e dispersión dos fillos e fillas), perda de redes familiares e comunitarias e problemas de saúde (depresión continuada, enfermidades cardíacas, suicidio, maior taxa de mortalidade, estrés...).

Durante estes últimos anos foron moitas as administracións, dentro e fóra das nosas fronteiras, que puxeron en marcha iniciativas cuxo obxectivo é o de prever e abordar esta problemática, unha das máis coñecidas a creación do “Ministerio da Soidade” no Reino Unido, pero tamén moitas en concellos galegos que elaboraron censos de persoas maiores que viven soas.

Dende o Grupo Socialista consideramos que o problema da soidade non desexada debe ser abordado de forma global por todas as administracións, consideramos



necesario e prioritario tomar medidas para previlo e abordalo, a través dun coñecemento científico e estatístico máis profundo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do grado de incidencia da soidade non desexada na nosa Comunidade Autónoma?
2. Ten datos o Goberno galego a respecto do número de persoas que se poden ver afectadas por esta problemática?
3. Contempla a Xunta de Galicia a posibilidade de poñer en marcha medidas para abordar o fenómeno da soidade non desexada?
4. En caso afirmativo, cales serán as medidas concretas que se van poñer en marcha durante a X lexislatura para previr e abordar o fenómeno da soidade non desexada?
5. Que valoración fai a Xunta de Galicia do programa de acollemento familiar para persoas maiores?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/03/2019 18:09:52

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2019 18:10:00

Julio Torrado Quintela na data 28/03/2019 18:10:10





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: h1MopMuOX1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

